

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1

SESION ORDINARIA DO 29 DE XANEIRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M.^a Carmen (se incorpora ás
9,20 h)

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben (se incorpora as
9,10)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e catro minutos do día vinte e nove de xaneiro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez

Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores/as concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás 9 horas, constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(1).-ACTAS ANTERIORES: (EXTRAORDINARIA DO 15 E ORDINARIA DO 27 DE NOVIEMBRE DE 2019).

Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas extraordinaria do 15 e ordinaria do 27 de novembro do 2019.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(2).- APROBACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO CORRESPONDENTE AO ANO 2020 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1648/110 (REXISTRO PLENO 2301/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 3 de xaneiro de 2020, o secretario xeral do Pleno co conforme da concelleira de Xestión Municipal, en data 8.01.20, emite o seguinte informe proposta,

“Asunto. Proxecto de Plan Normativo anual 2020. (Expediente 1648/110)

Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes e proposta de acordo.

Ao obxecto de acadar unha maior predecibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa”.

As Directrices advertían que con anterioridade o 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 26.09.2019.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

I. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

-Ordenanza municipal de Protección do Medio Ambiente Atmosférico.

Obxectivo da norma: Regulación da protección do medio ambiente atmosférico no Concello de Vigo. Desenvolvemento da normativa estatal e autonómica e regulación no Concello de Vigo.

Derrogación normativa: Vixente Ordenanza municipal de protección do Medio Ambiente Atmosférico (BOP 18/10/1994).

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3ª cuatrimestre do 2020.

-Regulamento municipal de cemiterios.

Obxectivo da norma: Regulación dos servizos de cemiterio municipal. Desenvolvemento da normativa estatal e autonómica e regulación dos cemiterios municipais.

Derrogación normativa: Vixente regulamento municipal de cemiterios. Ano 1961.
Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2020.

II. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en colaboración coa Área Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

Ordenanza municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Obxectivo da norma: Desenvolvemento da Lei 3/2007, de 9 abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia no ámbito das competencias municipais.

Derrogación normativa: Non se prevé.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2020.

III. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en colaboración coa Área de Fomento e Servizos.

Ordenanza municipal de vertidos non domésticos de augas residuais.

Obxectivo da norma: Regulación dos vertidos non doméstico a rede municipal de abastecemento. Desenvolvemento da normativa estatal e autonómica e regulación no termo municipal de Vigo.

Derrogación normativa: Vixente Ordenanza municipal dos vertidos (BOP 18/10/1994).

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2020.

IV. Área Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Ordenanza municipal de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese ofrecer un marco de maior seguridade xurídica nas relacións electrónicas de cidadáns/ás e empresas co Concello de Vigo e os organismos a el vinculados, concretando determinadas previsións das Leis, así como unha mellora na eficiencia e eficacia no funcionamento electrónico nos servizos públicos municipais, mediante a simplificación e redución de cargas administrativas e custes de xestión.

Derrogación normativa: Calquera previsión regulamentaria municipal que entre en contradición co texto normativo.

Necesidade de avaliación: Xustificación, comprobar o grao de implantación da administración electrónica e avaliar a utilización pola cidadanía e demais suxeitos, a súa funcionalidade e operatividade, mediante enquisas e o establecemento de indicadores municipais de seguimento.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: xa concluído (marzo 17) (art. 133.1 Lei 39/2015).

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: novembro 2019.

Data estimada Informes de impacto servizos varios: outubro 2019.

Data estimada informe proposta: novembro 2019.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: novembro 2019.

Data estimada de informe de Intervención: decembro 2019.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: decembro de 2019.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: xaneiro de 2020.

Data estimada de audiencia pública e información pública: xaneiro 2018.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: marzo 2020.

V. Área Parques e Xardíns, Comercio, Distritos

Ordenanza reguladora do comercio de Vigo.

Obxectivo da norma: Adecuación do marco legal vixente (Lei 13/2010, de 17 de decembro, comercio interior de Galicia, Lei 1/2010, do 1 de marzo, ordenación de comercio minorista).

Derrogación normativa: Ordenanza reguladora da venda na rúa e espazos abertos (BOP nº 246 de 27.12.1995).

Tramitación: Prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: Decembro 2019.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada doutros informes/trámites: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre 2020.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2020.

VI. Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

-Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.

Obxectivo da norma: Debido á profileración dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) nos espazos públicos da cidade e, en ausencia de regulación específica, co obxecto de favorecer a seguridade vial e garantir a circulación destes vehículos de forma adaptada e segura, facéndoa compatible cos distintos usos da vía pública, preténdese aprobar unha normativa municipal reguladora.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre.

Data estimada doutros informes/trámites: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

-Ordenanza reguladora de VAOS, reservas de estacionamento en vía pública e accesibilidade de persoas con diversidade funcionalidade.

Obxectivo da norma:

- Regular o paso de vehículos en vía pública a efectos de garantir o acceso rodado a inmobles en condicións de seguridade.
- Establecemento de criterios materiais para reservas especiais de estacionamento (aproveitamento especial do dominio público).
- Establecemento de criterios materiais para garantir a accesibilidade das persoas con diversidade funcional a zonas de estacionamento envía pública, así como, xustificación da expedición de tarxetas de estacionamento.
-

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre.

Data estimada doutros informes/trámites: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

VII. Área de Fomento e Servizos.

-Regulamento Xeral Aparcadoiros Públicos da cidade de Vigo.

Obxectivo da norma: Regulación xeral das condicións de uso dos aparcadoiros públicos da cidade.

Derrogación normativa: Calquera previsión regulamentaria municipal que entre en contradición co texto normativo.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: maio 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: setembro 2020.

-Modificación da ordenanza reguladora do servizo de Taxi da cidade de Vigo.

Obxectivo da norma: Adaptación da ordenanza municipal reguladora do servizo ao disposto no Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 4/2013, de 30 de maio.

Á vista do esixido na normativa autonómica, e en previsión de mellorar as novas necesidades xurdidas dende a data de aprobación da vixente ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo, considérase preciso a realización de modificacións na ordenanza para adaptala as novas circunstancias do sector e axustarse e dar cumprimento ó disposto na citada disposición segunda

Derrogación normativa: Calquera previsión regulamentaria municipal que entre en contradición co texto normativo.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: xaneiro 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: febreiro 2020.

Data estimada de aprobación inicial Pleno: marzo 2020.

-Regulamento Regulador do servizo público de Transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo.

Obxectivo da norma: Dar cumprimento ao disposto no artigo 284 nº 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 , no que se establecece :

“Antes de proceder a contratación dunha concesión de servizos, nos casos en que se trate de servizos públicos, deberá haberse establecido seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados.

Derrogación normativa: Calquera previsión regulamentaria municipal que entre en contradición co texto normativo.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: do 9.08.19 a 10.09.19

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: novembro 2019.

Aprobación inicial Pleno: novembro 2019.

-Regulamento Municipal regulador das instalacións de alumeadado público no termo municipal de Vigo.

Obxectivo da norma: Actualización desta normas para mellorar e adecuar as condicións mínimas que deberán cumprir as instalacións de Iluminación Pública tanto de promoción privada como as executadas directamente polo Concello de Vigo, para poder ser recibidas posteriormente polo Servizo Técnico Municipal, para a súa explotación e mantemento. Así adecuar o presente Regulamento en relación a medidas de fomento do aforro e eficiencia enerxética no alumeadado público, así como a regulación dos criterios sobre a contaminación lumínica.

Derrogación normativa: Regulamento Municipal regulador das instalacións de alumeado público no termo municipal de Vigo, aprobada polo Pleno: 31 de marzo de 2006. Publicación no BOP: 16 de maio de 2006. Entrada en vigor: 16 de xuño de 2006.

Necesidade de avaliación: Xustificación, comprobación do grao de implantación e aplicación das medidas de aforro enerxético.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

-Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

Obxectivo da norma: Actualización desta ordenanza que regula as condicións que debe cumprir calquera instalación de iluminación exterior, tanto pública como privada, situada no termo municipal de Vigo, co fin de mellorar a protección do medio mediante o uso eficiente e racional da enerxía que consumen e a redución da contaminación lumínica, sen menoscabo da seguridade viaria, dos peóns e propiedades, que deben garantir as ditas instalacións. Ademais de facilitar a súa explotación e mantemento futuro.

Derrogación normativa: Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

Necesidade de Avaliación: Xustificación, comprobación do grao de implantación e aplicación da ordenanza en relación as instalación de iluminación exterior.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

-Regulamento do servizo municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese regular as condicións de prestación do servizo de saneamento e subministro domiciliario de auga potable; regulando as relacións entre a entidade que preste os servizos e os abonados do mesmo, sinalándose os dereitos e obrigacións básicas para cada unha das partes.

Derrogación normativa: Regulamento do servizo municipal de Abastecemento de auga e Saneamento de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 27.01.1993.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 3º cuatrimestre 2019.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre 2020.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre 2020.

-Ordenanza xeral reguladora das obras na vía pública.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese regular as condicións da execución das obras na vía pública, así como a ocupación da mesma para a instalación, mantemento, modificación ou supresión de servizos.

Derrogación normativa: Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre 2020.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre 2020.

-Ordenanza municipal de limpeza pública viaria e praias.

Obxectivo da norma: Adaptación da ordenanza municipal de limpeza pública aprobada o 26/05/1994, ao disposto na normativa sectorial actual, en especial á lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos y chans contaminados, regulando as actividades e comportamentos dirixidos á limpeza e correcta utilización das vías e espazos públicos, incluíndo as praias.

Á vista da evolución tecnolóxica que dende o ano 1994 se produciu nos tratamentos e procedementos de limpeza, considérase preciso a realización dunha nova ordenanza específica sobre este asunto, incluíndo así mesmo a limpeza das praias, en especial a zona do areal, que na actual ordenanza non estaba incluída.
Derrogación normativa: Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos aprobada por acordo Plenario de sesión 26/05/1994 (apartado IV das ordenanzas xerais de ptección do medio ambiente)

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º trimestre 2020.
Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º trimestre 2020.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º trimestre 2020.

-Ordenanza municipal reguladora da instalación de contenedores na vía pública e xestión dos residuos municipais.

Obxectivo da norma: Adaptación da ordenanza municipal de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos e a Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación de Contenedores na Vía Pública, aprobadas o 26/05/1994, ao disposto na normativa sectorial actual, en especial á lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e chans contaminados, regulando a recollida de refugallos e residuos municipais e o seu transporte a xestores autorizados, así como a instalación en vía pública de recipientes para recibir estes residuos.

Á vista da evolución tecnolóxica que dende o ano 1994 se produciu nos modelos de contenerización, recollida e tratamento de residuos, considérase preciso a realización dunha nova ordenanza específica sobre estes aspectos.

Derrogación normativa: Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos aprobada por acordo Plenario de sesión 26/05/1994 (apartados IV e V das ordenanzas xerais de ptección do medio ambiente).

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º trimestre 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º trimestre 2020.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º trimestre 2020.

Conforme ás propostas formuladas proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo...

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en data 10 de xaneiro de 2020, aproba dita proposta.

A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, na súa sesión ordinaria do 22.01.20, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos o Plan Normativo Anual 2020, primeiro en cumprimento da normativa da Lei de Procedemento Común, e da Lei reguladora de bases do réxime local, e máis alá do cumprimento normativo, tamén é un exercicio de transparencia, esa transparencia da que fai gala e da que practica este goberno durante os 365 días do ano, é o Plan Normativo Anual máis ambicioso que se pode marcar, é mostra evidentemente dun goberno cohesionado, coas ideas moi claras, un goberno con dirección política, e é un documento certamente importante, porque o que traemos aquí é un documento con 17 normativas que se propoñen, 12 son ordenanzas e 5 son regulamentos, e neste conxunto das 17 normativas que se van a desenvolver ao longo deste ano 2020 neste Pleno, abränden toda a problemática desta cidade e quero determe na relación do que significa todo o que aquí propoñemos para desenvolver durante este ano. Se abarca Medio Ambiente, coa parta de prevención de incendios e tamén con vertidos, se abarca Administración Electrónica, pero tamén se abarca Comercio, e na área de Mobilidade se abarca estacionamentos, aparcadoiros, taxis, transporte urbano colectivo, algo tan importante para esta cidade como é o transporte urbano colectivo tamén está nos obxectivos a desenvolver por este goberno durante este ano 2020, pero tamén está o alumeadado, a iluminación exterior e algo moi importante, se recolle o abastecemento da auga e saneamento, pero tamén obras, tamén limpeza e tamén contedores na xestión de residuos, polo tanto creo que todo este conxunto do que propoñemos para facer durante este ano, como dicía

abarca tódalas necesidades desta cidade, no documento que aquí traemos se especifica claramente cada un dos obxectivo que fun relatando e desenvolvendo, se especifica o obxectivos da normativa en concreto de cada unha destas 17, inclusive se especifica a derogación, se procede, dalgunha norma, tamén figuran os prazos de tramitación, polo tanto estamos ante un documento que recolle un traballo singular das concellerías, pero hai algo máis importante, e é que tamén é un traballo conxunto das concellerías, poden vostedes comprobar, se pode comprar que a ordenanza de prevención e defensa contra incendios forestais é produto da colaboración da Área de Medio Ambiente, pero tamén co Área de Parques e Xardíns e tamén coa Área de Empresa e Seguridade, polo tanto, como digo estamos ante un documento conxunto que este é un dos rasgos certamente distintivos e da amplitude dos obxectivos que nos marcamos. Polo tanto, é como dicía ao principio, ambicioso, a previsión para este ano 2020 neste Pleno se repasamos todo o contén este documento é que nos imos a atopar cun desenvolvemento de actualización e de poñer en marcha proxectos novos en canto a ordenanzas e en canto a regulamentos, que como dicía abarca absolutamente todo, creo sinceramente que é difícil atopar algo que falle no que hoxe propoñemos, é posible que si se quere facer ese exercicio e se quere rebuscar moito ao mellor alguén atopa algo que aquí poda fallar, pero cremos sinceramente que non, as cuestións importantes e vitais desta cidade están aquí, e finalmente dicir que este documento é unha reflexión produto da experiencia de goberno de 12 anos pero tamén produto do proxecto inmediato que temos, creo que é digno de eloxiar e de felicitar ás concellerías e ás áreas en que en só 6 meses deste novo goberno pero ben é verdade con toda a experiencia acumulada como dicía, se chegara e este documento que vai dar un desenvolvemento normativo, durante todo este ano que vai a constituír un impulso, é efectivamente a confirmación da sintonía que este goberno ten coa sociedade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Estamos efectivamente no debate dun marco normativo que recolle 17 proxectos de ordenanza, moitas delas de nova creación, algunha de adecuación e chama poderosamente a atención o contraste, o aumento que é case multiplicar por seis o número de ordenanzas que se someteron ao Plan Normativo do 2018, do ano 2019, é evidente que o Alcalde da cidade competiu co Alcalde de

Madrid este Nadal coas luces e agora parece que queremos competir no número de ordenanzas no Plan Normativo, en Madrid hai 26, imos camiño de atinxilo para este ano, en todo caso nos parece que hai un certo exceso retórico neste Plan Normativo, un exceso que dende logo parece querer configurar este Pleno da Corporación como unha nova cámara lexislativa e dende logo a experiencia en termos de eficiencia organizativa non aconsella tampouco sobre o regulamentar senón que haxa efectivamente normas claras, normas completas, pero sobre todo normas que se cumpran, e neste sentido o Sr. Font, aludía agora á experiencia dos últimos anos e a experiencia é a da incapacidade dun goberno en maioría absoluta mesmo para desenvolver o seu propio Plan Normativo e vemos como hai varias das ordenanzas previstas no Plan de 2018-2019 que se volven a incorporar no ano 2020, xa parece o capítulo de investimentos dos sucesivos orzamentos municipais e temos un caso paradoxal que é o da Ordenanza de Administración Electrónica que leva dende o ano 2017 e que volvemos a incorporar aquí. E hai unha cuestión que tamén nos preocupa, é que neste Plan xa se está a incumprir antes de aprobalo porque hai unha temporalización en dúas desas ordenanzas que nos falan da consulta previa de carácter pública se tiña que estar efectivizada en decembro do 2019 ou agora en xaneiro e non se está obviamente a facer, e polo tanto, nós sabemos que do que se trata tamén é de esixir unha maior participación efectiva, non burocrática, non formal, para cubrir expediente e unha cuestión que para nós é fundamental como o Bloque Nacionalista Galego e é que se cumpran as ordenanzas que é algo que este goberno non garante e que dende logo é algo que este mesmo goberno non fai.

SR. PÉREZ CORREA: En primeiro lugar, agradecer a este goberno local que convertera a cidade en un tránsito insoportable durante as mañás, e ademais quero que se repense como se esta ordenando o tráfico porque os vigueses/as perdemos unha hora en tránsito urbano e creo que é bo que miren o que a está a pasar aí fora porque é insostible durante dous anos que duran estas obras. Pero estamos a falar do Plan Normativo, nós vemos ben que haxa moitas ordenanzas, cremos que en Vigo fallan moitas e ademais reiteradamente este grupo municipal alertou da necesidade de incorporar ordenanzas que non existen, e a necesidade de modificar e actualizar ordenanzas por exemplo algunhas dos

anos 90 que nin se tocaron, as de normalización lingüística, de participación cidadá que xa está a anos luz dos regulamentos de participación cidadá doutras cidades, estamos case na prehistoria do que é a Participación Cidadá se lemos a ordenanza que existe actualmente e que ademais que isto que é unha norma que hai que facelo da certo marxe e liberdade aos concellos, non é unha norma estrita, e ademais dio o propio lexislador, que di que “é unha regulación moi estrita pode contradicir a natureza política do poder normativo local”, é dicir, vostedes teñen autonomía, non se establece, isto non é un parlamento, nin é un goberno que ten que facer un Plan Normativo relativamente estrito, polo tanto vostedes teñen relativa autonomía para poñer no Plan Normativo o que queren cambiar durante o ano 2020. E fan consultas aos servizos e os departamentos do Concello, pois as Xefaturas informan daquelas ordenanzas ou regulamentos que consideran que están desfasados e polo tanto fan esa consulta como fan todos os concellos, a nós nos falla unha consulta que é aos grupos municipais e que é habitual noutros concellos, é dicir, vostede remiten un prazo aos servizos municipais para que informen de que ordenanzas e que lexislación se quere cambiar, pois estaría ben que tamén nos preguntaran a nós, porque se fai, porque non é unha cousa que me acabo de inventar senón que se fai con normalidade como dicía o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, no Concello de Madrid que se consulta aos grupos municipais e os grupos municipais propoñen, porque os grupos municipais propuxemos cousas nestes catros anos que poderían perfectamente encamiñarse a través dunha planificación, non sabíamos se tería que ser no 2020 pero algúns xa terían que estar modificados e algunhas ordenanzas tiñan que estar enriba da mesa, reiteradamente este grupo municipal lle pediu unha ordenanza reguladora das subvencións públicas, como funcionan case tódolos concellos, como se opta a unha subvención ou a unha axuda, o movemento asociativo, calquera entidade que quere facer unha actividade pois que haxa unha ordenanza reguladoras das varemacións e dos méritos, evitaríamos certas arbitrariedades sobre todo no movemento veciñal onde algunhas asociacións reciben subvencións directas para festas e outro tipo de cousas e outras nin sequera unha pequena axuda e hai solicitudes dabondo no Rexistro municipal que sustentan o que estamos a dicir aquí. Pero que ademais hai ordenanzas que vostedes legalmente teñen que modificar como é a ordenanza que regula o uso da vía pública por parte de

terrazas e de cadeiras que se incumpre reiteradamente no Concello de Vigo, que xa hai unha modificación feita polo estado do ancho que teñen que ter as beirarrúas é xa non é 1,2 metro de zona libre senón que é 1,80 metros, é dicir, hai moitas modificacións que deberían estar aquí, e que ademais como ben dixo o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, xa chegan tarde porque se nos primeiros meses do ano xa teñen que facer algunhas accións, a maior parte dos concellos teñen este Plan Normativo aprobado xa o ano pasado, precisamente para comezar o ano 20 cos deberes feitos a e nós obviamente nos fallan algunhas cousas que fomos dicindo durante a lexislatura, é certo, o regulamento sobre mobilidade sostible, vostedes falan exclusivamente de vehículos de mobilidade persoal, os comunmente coñecidos como patinetes eléctricos pero que vostedes fixeron unha proposta de ordenanza de mobilidade sostible que se centraba no vehículo eléctrico, neste caso se nos mandou aos grupos municipais a proposta de ordenanza, daquela o concelleiro o Sr. Regades, nos fixemos achegas e durme no limbo dos xustos do Concello, cremos ademais que vostedes fixeron unha consulta para dicir se se podía ou non ou se a xente quería fumar un Balaídos ou nas praias, pois iso tería tamén que ter unhas correspondencia no momento que vostedes fan unha consulta saben que a cidadanía expresa que non queren que se fume nas praias e en Balaídos, pois o lóxico é que tiveran preparado o que é decorrer desa consulta que sería que iso se aplicara a través dunha ordenanza, non existe, ademais vostedes van a facer unha modificación da ordenanza de protección do medio ambiente atmosférico que entendemos que podería ter incluso encaixe algunhas destas cuestións, nós seguimos pensando que isto hai que facelo con tempo, que non se debe improvisar, que hai tempo e vostedes teñen suficiente maioría para aprobar as ordenanzas sen ningún tipo de problema e ademais cando nós presentamos alegacións ás ordenanzas sempre dicimos que hai que revisar tódalas ordenanzas tódolos anos, se non hai nada que modificar que non se modifique pero que se faga anualmente.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A verdade que vaia Pleno que temos por diante, vaia orde do día, vaia desinterese, vaia tres asuntos que veñen aquí ao Pleno no mes de xaneiro o Plan Normativo, a rectificación do Inventario Municipal de Bens nunha parcela e un informe de Tesourería, este é o Pleno do mes xaneiro deste goberno

que nos propón aquí, este é o resultado desta xestión, este son os tres asuntos nos que anduvo ocupado o goberno a finais do ano, pois imos aló.

Plan Normativo Anual, Pleno do 9 de novembro do 2017, Plan Normativo para o ano 2018, aprobado en novembro, Ordenanza de Administración Electrónica, ordenanza do Rexistro Municipal de Soares e o regulamento do Tribunal especial de Contratación, que se aprobou? O de Rexistro Municipal de Soares, un de tres. Ano 2019, Plan Anual, Pleno de novembro de 2018, de novo tamén con suficiente antelación, ordenanza de Prevención de Incendios Forestais, Ordenanza Reguladora de Vertidos non Domésticos de Auga Residuais e a Ordenanza de Comercio de Mercados, desaparece a do Tribunal Especial de Contratación porque se converteu nun órgano independente de Recursos Contractuais e desaparece a de Administración Electrónica que resucita agora, tres ordenanzas, cantas aprobaron? Ningunha, e agora veñen en xaneiro con tres meses de atraso con Plan Normativo Anual, xa comezado o ano por certo, teñen once meses para aprobar 18 ordenanzas, se non me equivoquei nos cálculos Sr. Font non eran 17 eran 18, reaparece, resucita a ordenanza de Mercados, reaparece a de Incendios, reaparece tamén a de vertidos non domésticos e resucitamos a de administración electrónica que por aí andará, un Plan con 18 ordenanzas que son moi importantes, claro que si, o regulamento da Policía Local, o do Taxi, o dos aparcadoiros, o alumeadado, o da limpeza, as obras, os residuos, as augas, claro que son importantes, 18 ordenanzas case unha por concelleiro de goberno, esta é a proba do desinterese e da obsolescencia da normativa municipal, de que estiveron facendo todos estes anos, temos unha normativa completamente obsoleta, e claro que hai que modernizala e facela o que nos chama a atención é esta febre regulatoria que lle entra a principios de ano con atraso e que agora despois de estar mans sobre mans cada ano e incumprindo os seus propios plans veñen aquí con 18 ordenanzas, teñen 11 meses para aprobar e redactar 18 ordenanzas e todos sabemos aquí que non van ser capaces, nin de redactalas, farán o que non lle queda máis remedio que facer, porque claro non van a deixar á cidade sen servizo de auga ou de transporte, terán que redactar o regulamento de augas e o de transporte que son necesarios para a concesión, terán que facer a de administración electrónica tamén, non vaia ser que ese borrador que anda circulando polo Concello dende hai anos remate sendo obsoleto tamén e ao final teñamos que partir de cero e facer outro novo, haberá

que facer seguramente tamén, lles caerá a ordenanza de mobilidade persoal porque é moi importante, a de praias, porque prometeron que non íamos fumar nelas, o resto da ordenanzas cremos que non van a ser quen de facelas, son moi necesarias, pero somos moi escépticos vistos os antecedentes, non deron probas vostedes de ser moi áxiles na xestión e na regulación municipal, ningunha nestes anos, ás probas me remito, seis ordenanzas para aprobar en dous anos, aprobaron unha, a ver como aproban 18 ordenanzas en 11 meses, oxalá se actualizase a normativa municipal e tivésemos unha regulación moderna, oxalá estivera adaptada a normativa as necesidades da cidade e dos veciños/as, oxalá estivera ben regulados eses servizos públicos, oxalá tamén tivésemos esa normativa por outra razón, porque a regulación reduce a arbitrariedade, marca as regras do xogo, reduce a arbitrariedade na xestión, proporciona seguridade xurídica ás persoas e ás empresas e que as decisión sexan predecibles e se adecúen a unha norma é bo, é moi bo e ademais é moi san democraticamente e por iso nós cremos que é útil pero como tamén é moi probable que este plan quede en nada, o goberno seguirá facendo o que lle peta sen subxección a norma ningunha porque non a ten, só hai que ver o que fixeron ata agora, aquí o Alcalde fai o que lle peta, a normativa brila pola súa ausencia, oxalá teñamos esa normativa, dito isto, nós non imos a opoñer, imos a aprobar este Plan porque nos parece ben, e como dicimos oxalá se cumpra, o que pasa que como dicía somos escépticos.

SR. LÓPEZ FONT: Xa vexo o interese que ten Sr. Marnotes neste tema que non sabe nin contar, son 17 home, colla ás dúas últimas páxinas deste documento e verá que son 17, polo tanto, fíxese o interese que ten, pero é aínda peor porque aquí estamos a tratar algo moi importante e vostede sempre están cos mesmos discursos, comezaba a miña intervención dicindo que estabamos ante un Plan absolutamente ambicioso e non só me reafirmo agora, senón que as tres intervencións que escoitei así mo confirman, porque escoitar agora que sobrelexislamos, que imos facer moitas, que igual son excesivas pero cando din vostedes que facemos pouco, que ademais non é pouco, na súa opinión, e cando se fai moito resulta que facemos moito, non, aquí hai que vir unha intervención sobre o Plan Normativo Anual para cal son as necesidades desta cidade, para que debe aprobar este Pleno en relación co traballo das concellerías e efectivamente

que é un traballo absolutamente ambicioso e dicía eu na miña intervención que había que buscar moito para atopar un tema que faltase e xa vin que as tres intervencións anteriores é verdade que se deberon traballar o buscar algo para criticarnos e para chegar a este documento e non atoparon absolutamente nada, porque referirse ao pasado, referirse a non sei que, mire eu voume referir á Xunta de Galicia á que vostede sole defender habitualmente e dicirlle que onde está o Plan Anual Normativo de 2019 e de 2020, falando de datas e de cumprimentos, e vostede ata hai moi pouco formou parte do goberno galego, polo tanto, leccións aquí as xustas e creo que as intervencións que aquí hai que facer é se falla algo, chegar, pero é evidentemente e o comprobamos que non hai nada absolutamente criticable ao que propuxemos, que efectivamente forman parte dun conxunto de goberno e é verdade ata vostede dáme a pista que grandes concellerías, que grandes concelleiros/as temos que ao menos cada un chegaron unha ordenanza ou un regulamento, ademais co rasgo distintivo que dicía anteriormente que é da colaboración entre concellerías e áreas. Polo tanto, cando oio intervencións de dicir que isto non é parlamento para legislar cando logo falaremos diso e se traen aquí mocións que máis parecen un testamento político, un programa político e unha forma de querer suplantar ao Parlamento de Galicia xa é colmo das intervencións e ademais fanme gracia algunhas cousas porque din que en Madrid hai 26, e aquí temos 17 non 18 como se confunde o Sr. Marnotes, home recoñecerán que en proporción na poboación dende logo somos, e é que non queiramos presumir diso, pero somos certamente os campións, porque se nunha cidade de 300.000 habitantes propoñemos no primeiro Pleno do ano, porque falan vostedes moito de prazos e demais, estamos no primeiro Pleno do ano, traemos o Plan Anual Normativo actual precisamente nesta data de arranque e polo tanto, xa puiden comprobar que poucas achegas teñen vostedes as tres intervencións que se fixeron dende logo, me reafirmo no que aquí que propoñemos é o que a sociedade viguesa normativamente necesita e que é un traballo que non deben menosprezar das concellerías e dos técnicos é un traballo moi importante o que aquí se fai e someter ao Pleno un documento do que vai ser nesa aplicación da lei, ese tránsito durante todo o ano para adecuar normativa que había que derogar e que hai que actualizar, normativa nosa, se como administración electrónica, efectivamente, e todo o que se faga na administración electrónica e o digo aos tres

voceiros é moi necesaria e se é preciso tomarse un tempo para chegar a unha boa ordenanza de administración local, isto é así, dende logo cando se fala de improvisar creo que precisamente o único que fai este goberno é non improvisar, este documento cunha guía a facer durante todo o ano e supoñendo a resposta ás necesidades creo que é o mellor documento que se pode presentar e as súas intervencións así mo confirmaron.

VOTACIÓN: Con vinte e catro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2020 no que se inclúen as seguintes normas:

- Ordenanza municipal de Protección do Medio Ambiente Atmosférico.
-
- Regulamento municipal de cemiterios.
-
- Ordenanza municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.
-
- Ordenanza municipal de vertidos non domésticos de augas residuais.
-
- Ordenanza municipal de Administración Electrónica do Concello de Vigo.
-
- Ordenanza Reguladora do Comercio de Vigo.
-

- Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.
-
- Ordenanza reguladora de VAOS, reservas de estacionamento en vía pública e accesibilidade de persoas con diversidade funcionalidade.
-
- Regulamento xeral aparcadoiros públicos da cidade de Vigo.
-
- Ordenanza reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo.
-
- Regulamento regulador do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo.
-
- Regulamento municipal regulador das instalacións de alumeadado público no termo municipal de Vigo.
-
- Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.
-
- Regulamento do servizo municipal de Abastecimento de Auga e Saneamento de Vigo.
-
- Ordenanza xeral reguladora das obras na vía pública.
-
- Ordenanza municipal de limpeza pública viaria e praias.
-
- Ordenanza municipal reguladora da instalación de contenedores na pía pública e xestión dos residuos municipais.

3(3).- APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DA PROPIEDAD Nº 3600 DO EPÍGRAFE 1 BENS INMOBLES DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS PARA REFLECTIR A NATUREZA XURÍDICA PATRIMONIAL CO QUE RESULTOU TRALO ACORDO PLENARIO DO 26.12.18. EXPTE. 20170/240 (REXISTRO PLENO 2302/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xaneiro de 2020, o xefe do Servizo de Patrimonio co conforme da xefa da Área de Xestión e da concelleira delegada de Patrimonio, emite o seguinte informe proposta,

“Normativa de aplicación.

- Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).
- Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 (LH).
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno Municipal, na súa sesión do 26 de decembro do 2018 acordou a alteración da natureza xurídica da parcela municipal, denominada “Edificio Rectorado” (propiedade municipal nº 3600 do IMBD), sita na rúa Areal 46, desafectandoa do servizo público administrativo co que consta no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 4-5-9 3 e transformándoa en patrimonial.

Sometido o expediente a información pública, non formularonse reclamacións, no prazo otorgado, ó acordo de desafectación da parcela municipal, como así consta na certificación da Secretaria Xeral do Concello de data 19 de febreiro de 2019, resultando conseguintemente dito acordo plenario aprobado definitivamente, consonte co previsto no seu apartado terceiro.

Segundo.- Polo Delineante da Oficina do Inventario Municipal emitíuse, en data 20/12/2019, ficha rectificadora da propiedade municipal nº 3600 en cumprimento do acordado polo Pleno municipal sobre a alteración da súa natureza xurídica.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro.- No Inventario Municipal desta administración figura de Alta, co número de propiedade 3600 do Ep. I Inmóbles, o denominado “Edificio Rectorado” calificado como ben de dominio público ou demanial, e inscrito no Rexistro da Propiedade n.º 1 de Vigo no tomo 1180, libro 1180, folio 127 finca rexistral n.º 5015.

Co fin de actualizar o Inventario Municipal de Bens e Dereitos, adecuando os seus asentos á nova realidade xurídica resultante do acordo plenario adoptado, procede a súa rectificación facendo constar alteración da natureza xurídica operada reflexando, ó efecto, na ficha de propiedade 3600 do Epigrafe I Inmóbles, a natureza de ben patrimonial co que quedou calificado, tralo acordo do pleno do 26/12/2018, e en cumprimento do requerido polo art. 32.1 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas relativo ao seu reflexo co suficiente detalle dos datos necesarios para a identificación das propiedades e reflectir a situación xurídica e destino o uso a que se adiquen.

Segundo.- A Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, seguindo o xa disposto no TRLR ou na LALG, establece o deber de todas as Administracións de inscribir nos correspondentes Rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, xa

sexan demaniais ou patrimoniais, que sexan susceptíbeis de inscrición, como os actos e contratos referidos a eles que poidan ter acceso ao rexistro.(art. 36.1 LPAP).

Por outra banda dispón que a inscrición no rexistro da propiedade practicarase de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. As operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas e demais sinaladas no art. 206 da LH practicarase mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifique, ou mediante a certificación prevista en dito artigo, sempre que non afecte a terceiros. (art. 37.1 e 2 LPAP).

Terceiro.- A teor do exposto, procede levar a cabo a rectificación da propiedade nº 3600 do IMBD, aos efectos de reflexar a natureza patrimonial de dito ben, consonte os datos que constan na ficha de propiedade emitida pola Oficina do Inventario Municipal o 20/12/2019.

Cuarto.- Resulta competente para aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos, o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

En mérito ó exposto, se propón ó Pleno Municipal, previo informe da Comisión informativa de Xestión Municipal, a adopción do seguinte acordo...

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, na súa sesión ordinaria do 22.01.20, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Estamos ante un acto administrativo para aprobar por parte deste Pleno, quero poñer en antecedentes o que aquí traemos, o 17 de outubro de 2018 resólvese iniciar o expediente para a desafectación do inmovible como se di, co número 3600 do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Vigo, o edificio coñecido como antigo Reitorado e se inicia este expediente á vista da comunicación do delegado especial do Estado no Consorcio de Zona Franca que había feito esa comunicación o 27 de setembro de 2018, é dicir, un mes antes no que se traslada o acordo do Comité Executivo de Zona Franca para iniciar os trámites necesarios para adquirir os edificios do antigo Reitorado e tamén do

edificio anexo ao mesmo, creo que non é necesario dicilo pero para poder vendelo é preciso a previa desafectación deste edificio pois como todos sabemos estaba adicado a oficinas administrativas municipais polo tanto de uso público. Como queira que esta edificación xa viña anteriormente un acordo sobre este edificio que a edificación insisto, non resulta necesaria nin era previsible que fora necesaria ao menos a longo prazo para a prestación dese servizo público como oficina pública municipal, este Pleno do Concello o 26 de decembro do 2018 o que fai é aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica deste inmovible situado na rúa Areal número 46, e o acordo é de desafectación do servizo público administrativo e o transforma mediante ese acordo nun ben patrimonial, quero dicir e recordar para que aos que ao mellor non se lembren, que non se presentaron alegacións a este acordo plenario e que polo tanto, ese acordo adoptado o 26 de decembro de 2018 adquire carácter definitivo no Pleno con efectos de 14 de febreiro de 2019, polo tanto, o que agora estamos facendo e propoñendo ao Pleno é a consecuencia dese acordo que adoptou o Pleno, a consecuencia de que non houbera alegacións e de que polo tanto, adquirise carácter definitivo e polo tanto, este Pleno o que ten que adoptar é o acordo da rectificación do inventario para recoller esta natureza modificada do ben patrimonial que como dicía foi acordada neste Pleno.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O acordo é dunha rectificación de inventario para desfacerse como cidade dun edificio singular e catalogado, non o digo eu dicíano a Sra. Caride, no Pleno de 26 de decembro, onde unicamente cos votos do Partido Socialista decidiron desfacerse deste inmovible, que eu engado non só é singular e está catalogado senón que é un edificio emblemático para a propia cidade. No ano 2000 cando a cidade recibiu este inmovible, tódolos grupos políticos incluído o grupo Socialista, saúdamos con satisfacción o feito de que o Concello pasase a ser titular dese inmovible, é certo que o inmovible que resultou infrautilizado e diferentes períodos que non se lle deu asignado un uso adecuado pero non por falla de necesidade non, en todo caso por falla de pericia e despois de que este goberno municipal renunciase a dotar á cidade dun centro de fotografía para destinar ese edificio a un novo despacho para a presidenta da Deputación de Pontevedra, unha nova sede administrativa do ente provincial, agora o que quere é converter o

antigo Reitorado, vendelo para convertelo nun palacete para o novo flamante delegado da Zona Franca, e claro que están a xogar co patrimonio municipal, en todo caso para brindarlle un lexítimo ou legal mellor acomodo aos seus e esa cuestión a nós tamén nos merece un severo reproche político por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que o antigo Reitorado é un edificio que debe estar destinado á cidade e que debe de ter un uso e unha maior utilidade social e nese sentido nós entendemos que aquí se poderían aquí un sen número de posibilidades para ese edificio, dende o usos culturais ou mesmo se me permiten só como suxestión, para que ese espazo se converta no centro metropolitano de impulso tecnolóxico que dende o Bloque Nacionalista Galego levamos moitos meses a propoñer para facer de Vigo a capital galega da innovación.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos a falar outra vez de inventario e patrimonio municipal, do cal vostedes sistematicamente se desprenden e na maior dos casos aínda estamos esperando cal é a xustificación, nalgún momento podería existir a xustificación de quitarse de enriba 23 vivendas municipais que figuraban nunha permuta urbanística, ao final os recursos desta venda acabaron en tapar as vergoñas do Auditorio Mar de Vigo, vendemos moito patrimonio municipal, quizais se vendeu máis patrimonio municipal nos últimos anos que na historia da democracia do Concello de Vigo porque ao contrario se hai algo que se significou nos anos 80, nos anos 90 é a adquisición de máis patrimonio municipal, por convenios urbanísticos, algúns no limbo, algún día me gustaría saber que pasou cos aproveitamento lucrativos de moitos convenios desta cidade que se mal venderon aos promotores pero ademais aquí hai unha cuestión, no seu día pola desafectación dos terreos do Ministerio de Defensa nós obtivemos unha serie de patrimonio municipal que por suposto que podería ter sido empregado en 50.000 opcións, hai miles de colectivos sociais, asociacións, iniciativas de todo tipo, vostedes podían optar á subvención da Xunta de Galicia, de Europa que lle deran contido a ese edificio, existe unha liña de subvención na Unión Europea para a promoción cultural, para a promoción do emprego, para moitas cousas que poderían encher de contido calquera edificio incluso nos fallaría patrimonio

municipal, non se quere facer, e ademais vostedes agora queren vendelo a outra administración, segundo edificio, no caso é certo que no que ía ser o Museo da Fotografía se cede pero aquí se vende e xuridicamente cando para nós hai unha venda hai unha puxa, e poderá optar Zona Franca como poderá optar outras institucións ou sectores que consideren que queren adquirir o edificio e ademais di que é de interese, que a nós nos parece xa bastante discutible, sendo de interese para o Concello de Vigo que o Consorcio e Zona Franca adquira presenza institucional no centro da cidade e incorporen novos usos que dinamicen e diversifiquen a zona residencial da rúa Real con gran presenza de locais adicados as actividade de restauración e terciarias, ou sexa que como hai moitos bares hai que poñer a sede da Zona Franca, non nos parece cando menos alucinante e ademais Bouzas non está tan lonxe, ademais o delegado da Zona Franca é unha persoa de mobilidade sostible que vai en bicicleta perfectamente, que pasa que quere un despacho no centro? E para iso enaxenamos patrimonio municipal? Discutible, e ademais zona Franca case mellor que estea cerca das empresas ou da actividade económica, se a cuestión é que o delegado se converte no segundo paseante co Alcalde para todos los eventos, pois entón que se cre outra figura que non sexa o Delegado de Zona de Franca e se cree a figura do edecán ou a figura que figuraba en moitas monarquías do pasado que sería tamén perfectamente os validos famosos que tivo Felipe II, Felipe V, a figura do valido que tantas páxinas encheu a historia deste país e non precisamente para ben, pero que dende logo non se xustifica a venda deste inmovible dicindo que está infrautilizado porque a utilización dun edificio público a decide unha administración e vostedes perfectamente poderían ter aquí ubicado de todo, xa lle digo, teñen suficientes exemplos para poñelo. Claro, o problema é que ese edificio é como o palacete que hoxe en día ocupa a Casa de América en Madrid, este palacete xa está cheo de fantasmas, porque lembremos que a alguén se lle ocorreu que iso ía ser a sede do concello de Vigo, cun gasto desproporcionado de mobles e a Sra. Corina tamén, no momento que se crea esa teima de que hai que ter edificios singulares, bonitos e con mobles rococós, pois claro, se decide que iso é a sede do concello ou se decide que iso é a sede de Zona Franca e non pasa absolutamente nada se supón un gasto ou como neste caso unha perda de patrimonio municipal irreparable e aproveitando con ese edificio que era a antiga sede de Comandancia Militar

adquiríronse outra serie de bens outros edificios, a batería da Guía que ten un nivel de protección afortunadamente hoxe non hai nada edificado alí, ou os antigos terreos do cuartel de Barreiro que se fixeron actuacións públicas e promoción de vivenda e queda o antigo polvorín de Puxeiros, unha extensión ampla que podería dar dotación, aparcamento ao hospital do Meixoeiro e que non sabemos que se vai facer con ese terreo que é noso, que foi adquirido por parte, nunha cesión ademais moi vantaxosa por parte do Ministerio de Defensa e que hoxe en día é un monte e creo que aí perfectamente se poderían facer actuacións.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A Deputación de Pontevedra deixa a rúa Oporto e vaise para o antigo Centro de Arte Fotográfica no Casco Vello, no que é o goberno, este goberno presidido polo Sr. Caballero, meteu case 1,5 millóns de euros para gardar as coleccións do arquivo Pacheco, do Casado ou as fotos da Fotobienal, o abriron para as eleccións de 2015, maioría absoluta, peche do Museo, acabouse a cultura ven a Deputación de Pontevedra, fora a arte que entre a burocracia, a Deputación, que se vai facer uns despachos gratis total pechando un museo e para que a cousa non sexa tan escandalosa ou chorosa, vanse a facer uns despachos pechando un museo e para que a cousa non sexa tan dolorosa ou tan escandalosa lle mete uns analxésicos, uns somníferos, vai a haber espazos expositivos, pois moitas grazas, xa o sabía, había un museo enteiro, non había uns espazos expositivos, había un museo, primeira navallada, segunda, se busca despacho céntrico para o organismo estatal porque o delegado quere visibilidade, resulta que Bouzas non é céntrico non é visible, así que o seu organismo pídelles que dea ou antigo Reitorado e o anexo da rúa Oporto agora que a Deputación xa ten onde ir e xa temos despachos, só que no Reitorado había servizos e persoal municipal, todo o centro municipal de emprego, a xestión do programa integrado, técnicos de emprego, orientadores, oficinas de asesoramento a PEMEs financiada con fondos EDUSI, por certo, en Marea, e as Aula Cemit, e que fai o goberno? Pois lle encarga un informe a un funcionario para que lle diga se eses servizos son útiles, necesarios, se se poden facer, ou se poden trasladar a outro sitio, e que di o funcionario? Que os servizos se poden trasladar, claro, non di onde, pero quen asina o informe, o asina Sr. Orúe que resucita de entre os mortos, en outubro de 2018 para informar que se pode baleirar o Reitorado para meter alí á Zona Franca,

pois moi bonito, así que por obra e gracia do Sr. Orúe a Sra. Silva vaise ao Casco Vello, o Sr. Regades vaise a rúa Areal a así xa están todos colocados no seu despacho, polo camiño, se dismantela o Centro Municipal de Emprego, se baleira de persoal, miren, neste xogo de Monopoli que se traen entre a Deputación de Pontevedra, a Zona Franca e o Concello para facerse despachos e gañar visibilidade quen perde Sr. Alcalde aquí é a cidade que perde o Museo no Casco Vello, unhas instalacións no centro magníficas para servizo da cidadanía e para que? Zona Franca necesita despachos para liberar espazos na nave de Bouzas, para as empresas? pois moi ben, que invista no Casco Vello de Bouzas, que monte unha sede institucional aí, que recupere ese espazo que é un Casco histórico tamén protexido que o faga e que estea onde están as empresas, non lles gusta Bouzas, lles gusta máis o Areal e García Barbón, non si claro, van ao grande, pois a nós nos gusta Bouzas que lle imos facer. Nos parece unha navallada á cidade perder o espazo do Reitorado, miren, a Deputación non necesita despachos nin oficinas porque xa os están, xa están na rúa Oporto, non é necesario pechar un museo en Eduardo Chao para que a Deputación faga alí as oficinas, teña a súa sede, non poñan como escusa que vai haber espazos expositivos porque xa había un museo aí no que meteron case un 1,5 millón de euros, o edificio do Reitorado é o que é, un magnífico espazo nun edificio histórico da cidade un edificio do Concello, no que vostedes deixaron ó abandono, tiñan que darlle contido, tiñan que ter a disposición dos veciños eses espazos, o resto é xogar ao Monopoli, facerse oficinas, facerse despachos, gañar visibilidade e nós votaremos en contra, con nós que non conten.

SR. LÓPEZ FONT: Dende logo, se me deixan un momento despois de recuperarme desta última intervención, dende logo Sr. Marnotes que grande é a democracia que permite que cando traemos a este Pleno literalmente leo a orde do día, unha cuestión administrativa como é aprobación de rectificación dunha propiedade no Inventario, de lugar para desviar o debate para facer intervencións do máis demagógica como a de vostede, pero iso si, nos serviu para entender perfectamente porque ía vostede de número 20 na lista do Partido Popular. Mire, escoíteme, estamos reabrindo un debate do que debería de ser estritamente unha aprobación administrativa pero non escapamos ese debate, Sr. Marnotes e

resto dos voceiros porque cando se fala da sede de Zona Franca hai algo certamente máis definitorio e é o papel de Zona Franca nesta cidade o primeiro que quero lembrar é que Zona Franca a preside o Alcalde desta cidade, polo tanto, toda a relación entre o que é o papel de Zona Franca e este Concello e o que é a realidade é absolutamente palpable e xa vexo que é o que lles molesta, porque como queira que a democracia tamén permite aparte da demagogia de vostede que podería ser vídeo a ensinar na facultade de Ciencias Políticas, titulado demagogia o problema é o que significa Zona Franca e Zona Franca por primeira vez na súa historia e con rotundidade está ao servizo desta cidade, e iso é o que certamente lles molesta a vostedes, porque o que se vai facer nese edificio contribúe á riqueza económica desta cidade, esta é a realidade e polo tanto, estes chistes de despachos, de non sei que e non sei cantos, non veñen a conto porque do que se trata é de que unha institución como Zona Franca estea dentro da sociedade viguesa, estea o máis preto, e hoxe Zona Franca ten presenza política, hoxe Zona Franca coa presidencia do Alcalde e co nomeamento do delegado especial para Zona Franca, aprobou uns orzamentos de 41 millóns de euros de investimentos dos que Sr. Marnotes 39 reverten nesta cidade, iso é o que lles molesta, porque tanto falar de despachos, efectivamente ninguén dixo nada con relación ao despacho de luxo de Sra. Porro, ninguén dixo absolutamente nada, polo tanto, se trata de que a sede sexa absolutamente funcional, se trata de que a sede estea ao servizo da cidade e o que lles molesta como puiden comprobar é que hoxe hai un proxecto de cidade, hoxe hai un proxecto de cidade entre Concello, Zona Franca e Deputación de Pontevedra, e hoxe esas tres institucións están en beneficio desta cidade e ao servizo desta cidade e iso é o que certamente lles molesta a vostedes, polo tanto, sabe o edificio no que falla que se faga política en favor dos vigueses/as? O edificio da Xunta de Galicia, ese é o edificio que falla, o que hoxe aquí aprobamos é unha conxunción para servir aos vigueses efectivamente dende o novo edificio da Deputación de Pontevedra, efectivamente dende o novo edificio de Zona Franca e o que significan con relación a este Concello, se nese edificio que está tamén abaixo, a orillas do mar, dende a Xunta de Galicia quen hoxe ostenta a delegación da Xunta de Galicia deixase de preocuparse de política partidista e traballase en favor desta cidade, mire, medo ningún, lembre os resultados electorais, e sabe quen foi a única que tivo medo ao

Alcalde de Vigo, foi a Sra. Porro que non se quixo presentar e a vostede lle puxo de número 20.

VOTACIÓN: 20 a favor, 7 en contra.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Alcalde, solicito a palabra para formular unha cuestión de orde e é para lembrarlle á presidencia do Pleno que o artigo 55.2 do Regulamento.

PRESIDENCIA: Non lle din a palabra aínda, esta solicitando, en base a que artigo?

SR. PÉREZ IGLESIAS: Ao artigo 55.

PRESIDENCIA: Ten a palabra, cuestión de orde estricta.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Para advertirlle á Presidencia do Pleno que o artigo 55.2 establece de maneira clara que o peche de debate se realizará cunha intervención de tres minutos por parte do expoñente e non de 5 como ven de aplicar nos dous últimos puntos.

PRESIDENCIA: Moitas grazas.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“PRIMEIRO.- Rectificar a propiedade nº 3600 do Epigrafe 1 Bens Inmobles do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aos únicos efectos de reflexar a natureza xurídica patrimonial co que resultou calificada tralo acordo do pleno municipal de data 26/12/2018.

SEGUNDO.- Aprobar a ficha da propiedade municipal nº 3600 elaborada polo Delineante da Oficina do Inventario Municipal en data 20/12/2019, coa rectificación acordada.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo o Rexistro da Propiedade para anotación, no asiento da finca rexistral n.º 5015 correspondente a propiedade municipal, a súa natureza xurídica patrimonial.”

4(4).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2019. EXPTE. 22908/541 (REXISTRO PLENO 2310/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 17 de xaneiro de 2020, o tesoureiro municipal co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (entrada en vigor o 1 de abril de 2018).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subjectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos

en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asimismo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 1040/2017), de modificación do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012,

de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 1040/2017, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendiente de Pago, as facturas aprobadas pendientes de pago ao final do período. Ademais do

anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 1040/2017 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC

en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre. Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 1040/2017 de modificación do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2019.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2019 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco, Convention Bureau e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda e Función Pública, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU	F.FAIMEVI
Pagos feitos no trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	2.149	76	49	74	12

Importe dos pagos	50.135.017.37	584.668.26	33.848.66	248.090.52	145.20
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	8	0	8	1	0
Importe	140.041.49	.00	3.541.43	322.00	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	14.24 días	19.53 días	7.28 días	40.65 días	9.00 días
Intereses de demora pagados no trimestre					
Nº de pagos	.00	.00	.00		.00
Importe	.00	.00	.00		.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	938	35	10	0	0
Importe dos pagos	10.739.252.66	117.858.21	2.484.22	.00	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	5	0	65	0	6
Importe	23.597.65	.00	91.307.54	.00	23.854.18
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	9,36 días	7,46 días	85,13 días	0,00 días	2.317,38 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Días		Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	16,28	12,59	25,46	12,70	50,64	33,13	133,57	17,66	4,90	2.034,36
Segundo	14,08	13,63	17,85	5,27	40,63	39,01	76,89	39,13	9,17	2.065,86
Terceiro	18,57	17,06	27,53	7,46	36,39	25,66	126,72	73,10	9,25	2.225,38
Cuarto	14,24	9,36	19,53	11,72	7,28	85,13	40,65	0,00	9,00	2.317,38

En contías e nº de pagos

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	

	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	31.140.443,36	3.496.035,30	198.647,18	48.731,11	177.934,05	70.207,59	9.153,72	17.282,94	269,83	23.854,18
Nº pagos	1.728	247	59	23	115	32	10	18	13	6
Segundo	38.665.659,81	5.489.560,79	351.563,92	19.653,46	161.047,64	35.794,32	19.236,27	5.099,50	145,20	23.854,18
Nº pagos	1.742	408	100	15	110	32	32	2	12	6
Terceiro	38.374.227,39	6.212.937,81	316.258,92	28.702,23	237.550,62	25.030,34	15.724,40	2.191,07	145,20	23.854,18
Nº pagos	1.754	383	77	15	109	16	11	4	12	6
Cuarto	50.275.058,86	10.762.850,31	584.668,26	117.858,21	33.848,66	93.791,76	248.412,52	,00	145,20	23.854,18
Nº pagos	2.157	943	76	35	57	75	75	0	12	6

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dase cumprimento ao prazo legal de pago

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 1040/2017

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación, FAIMEVI e Fundación CONVENTION BUREAU

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2019												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	15,65	10,02	11,61	9,54	8,78	11,89	12,38	13,98	14,89	11,75	10,40	9,11
FAIMEVI	78,9	108,26	139,02	168,79	199,56	230,69	261,02	292,21	321,97	352,72	382,49	413,25
MARCO	42,34	29,51	49,76	42,28	39,63	27,59	28,50	47,72	36,52	30,30	52,18	79,11
XMU	7,85	7,95	13,28	5,77	8,93	13,01	9,67	19,04	21,68	10,09	8,98	11,00
V. C.BUR.	935,92	50,96	17,66	44,07	10,29	38,28	65,41	63,62	23,90	9,49	22,74	8,42
PMPGlob.	17,29	10,27	12,17	9,77	9,02	12,03	12,54	14,34	15,18	11,92	10,78	9,40

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2019

Mes	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago
Xaneiro	11.145.646,79	1.905.354,49		46.480,61	38.381,96	63.240,91	9.153,72	11.482,31	173,03	6.154,18
Febreiro	8.775.392,52	2.859.587,01	46.835,96	37.784,08	33.398,07	89.000,56		2.505,23	48,40	6.154,18
Marzo	11.150.022,25	2.980.942,06	151.811,22	48.731,11	110.295,17	70.207,59		17.282,94	48,40	6.154,18
Abril	12.382.545,37	3.709.418,92	95.893,74	54.365,67	52.655,49	30.070,29	18.434,35	351,51	48,40	6.154,18
Maiο	13.067.124,72	5.932.467,44	139.318,89	53.736,21	79.365,99	34.173,42	480,39	5.099,50	48,40	6.154,18
Xuño	13.193.515,36	5.394.508,61	116.351,79	19.653,46	29.026,16	35.794,32	324,53	5.099,50	48,40	6.154,18
Xullo	13.483.035,83	5.723.551,53	80.885,24	122.558,17	69.213,76	46.316,69	5.163,22	322,00	48,40	6.154,58
Agosto	12.248.484,44	5.717.911,74	127.104,97	98.051,03	76.635,76	34.673,83	356,03	322,00	48,40	6.154,18
Setemb.	12.615.740,32	6.149.591,52	108.268,71	28.702,23	91.701,10	25.030,34	10.201,15	1.547,07	48,40	6.154,18
Outubro	13.934.801,04	3.458.895,47	65.537,82	23.456,64	19.330,66	47.923,09	81.695,80	,00	48,40	6.154,18
Novemb.	11.030.903,64	5.765.227,91	58.820,64	30.512,35	9.613,31	91.859,74	342,53	,00	48,40	6.154,18
Decemb.	25.094.776,60	10.703.799,21	460.309,80	117.858,21	8.446,12	93.933,47	166.374,19	,00	48,40	6.154,18
TOTAL	158.121.988,88		1.451.138,78		618.063,55		292.525,91		705,43	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22.01.20, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta dun dato que é moi relevante da boa xestión económica e da boa xestión que se está a facer dende o goberno municipal posto que no último trimestre do 2019, do ano pasado, estábamos pagando a 9 días, é dicir, as facturas que entraban neste Concello, dende que entran polo rexistro telemático de facturación, dende que entran sen forma de modificar esa data se pagan, se aboan en pouco máis dunha semana, é un dato sen precedentes neste Concello, hai que lembrar que antes de ser Alcalde o Sr. Caballero neste Concello se pagaba a 66 días, estamos pagando a 9 días, é dicir, os nosos provedores, as empresas que contratamos para prestar servizos, as empresas que contratamos para comprarlles bens, para executar os investimentos e polo tanto para executar o Orzamento están a cobrar nun prazo de 9 días polo tanto, nun prazo moito máis reducido do que fan outras cidades de Galicia e por suposto moito máis reducido do que fan as principais cidades do resto de España, polo tanto, é un feito sen precedentes, é o mellor dato da historia desta cidade no pago a provedores dende que hai rexistros e é un pago áxil que pretende axilizar, minimizar as tensións de tesourería das empresas e polo tanto, favorecer a actividade económica das empresas pero tamén amosa un certo modo de facer xestión, de facer xestión pública de contratar de forma áxil, de executar o orzamento e de abonar os pagos correspondentes nun prazo mínimo, reducido para que as empresas non teñan tensións de tesourería como dicía.

Hai que dicir que no último trimestre do ano 2019 se abonaron 2.360 facturas, por un importe superior aos 50 millóns de euros, tan só no mes de decembro de 2019, abonáronse máis de 25 millóns de euros por parte da entidade aos que hai que engadir máis de 800.000 euros se lle sumamos a Xerencia Municipal de Urbanismo e tamén as fundacións vinculadas a este concello. Polo tanto, máis de 50 millóns de euros no último trimestre pagados nun tempo récord de 9 días no mes de decembro e liderando non só os municipios de Galicia e liderando tamén o resto das cidades de España, sexan ou non capital de provincia sexan ou non capital de comunidades autónoma e polo tanto, referendando esa posición de Vigo como referente dentro do contexto de España referendando tamén esa posición de Vigo

como Presidencia da FEMP, como cidade que preside a FEMP, e sendo polo tanto un modelo a copiar na boa xestión económica, na boa xestión orzamentaria e na boa saúde das súas contas públicas. Hai que dicir que no total anual aboamos máis de 158 millóns de euros tan só no capítulo II, é dicir, en gasto corrente de bens e servizos e no capítulo VI de investimentos, polo tanto, executando correctamente o orzamento e pagando nun tempo récord de 9 días que nos coloca, como dicía, na cabeza do contexto das cidades de Galicia, polo tanto, sendo a cabeza traitora de Galicia, o modelo económico a copiar en Galicia e tamén o modelo económico de xestión pública a copiar no contexto do estado. Se facemos un pouco de balance vemos que mentres Vigo paga en 9 días, Madrid paga en 24 días, mentres Vigo paga en 9 días, Barcelona paga en 13 días, Valencia en 33 días, Sevilla en 37, Zaragoza en 20 días, Málaga en 30 días, Murcia en 21 días, Palma en 26, As Palmas en 70, Alicante en 19, Córdoba en 52 e Valladolid en 11 días. Polo tanto, as principais cidades en poboación do contexto de España pagan máis tarde do que o fai a cidade de Vigo con 300.000 habitantes e cuns orzamentos de 267 millóns de euros. Pero tamén no contexto de Galicia, A Coruña paga en 39 días, Santiago de Compostela en 51 días, Ourense en 60 días e Pontevedra en 33 días, é dicir, mentras en Vigo se cobra nunha semana noutras cidades se cobra nun mes, en dous ou en dous meses e medio. Polo tanto, Vigo con este dato de pago a provedores en 9 días referencia o seu marco de referencia, o seu liderado non só en Galicia senón tamén no contexto do estado español, queda dada a conta.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En democracia é esixible o respecto ás normas de xogo e é claro que dende logo parece que o Partido Socialista só sabe facer política dopado, con excesos de tempo porque se ridicularizan as cuestións de orde, quería velos a vostede noutra situación porque mentres recortan os tempos da intervención da oposición vostedes fan uso para ocupar todo o debate.

En relación a este asunto, dende logo o Bloque Nacionalista Galego non temos ningún problema en recoñecer a eficiencia dos servizos municipais para amenizar polo tanto ao persoal desta casa que o fai posible e tamén por extensión ao propio goberno municipal, neste aspecto son moi bos datos ao respecto dos prazos de pagamento, dito isto si que temos alimentar que os dous únicos méritos en xestión económica que ten este goberno municipal de maioría absoluta sexa xerar

superávit pola súa propia incapacidade para executar os seus propios orzamentos e dende logo pagar moi rápido a provedores, que está ben. En todo caso si que quixera volver a insistir nunha cuestión que xa temos formulado noutros debates e que esa axilidade, esa rapidez que é de agradecer no pago a provedores privados ten que ser tamén unha axilidade e unha rapidez non que ten haber coa asegurar a achega de financiamento público a entidades non lucrativas, a colectivos sociais que como saben dependen en grande medida das achegas municipais para poder desenvolver a súa actividade, dende clubs deportivos, asociacións veciñais, colectivos culturais, e nese sentido dende o Bloque Nacionalista Galego tempos que volver a reclamarlles que axilicen as convocatorias, os procedementos de resolución, e tamén a liquidación das subvencións para evitar termos como temos entidades sociais non lucrativas afogadas economicamente e que teñen que acodir cando poden a polizas de crédito para poder dar continuidade a súa actividade, con actividade non lucrativa pero dende logo tamén dun claro interese público e de interese social para o conxunto da cidade.

PRESIDENCIA: Debo dicirlle en todo caso, con respecto a súa intervención, que tiña razón nos tempos porque foi un erro pero debo dicirlle que nós renunciámos a unha quenda de grupo, polo tanto, mida as palabras, nós podemos utilizar grupo e non o utilizamos, tendo en conta que me equivoquei dúas veces e din 5 minutos en lugar de tres, pero nós poderíamos utilizar quendas de grupo Socialista porque somos goberno e grupo, lección primeira de democracia, elemental lección de democracia, nós temos grupo e temos goberno e polo tanto, nós temos opción e intervimos con frecuencia como grupo, pero en aras ao propio funcionamento estamos intervindo neste anterior debate só como goberno.

SR. PÉREZ CORREA: Pois, en todo caso que se modifique o Regulamento porque deixa claro que o goberno non intervén como grupo, agás en debates como poden ser os orzamentos, está no Regulamento que se cambie o ano que ven que nós estaremos encantados de que se modifique.

Sobre a cuestión do período medio de pago, sobre a cuestión dos pagos evidentemente vostedes sempre o concelleiro de Facenda fai aquí un relato de como pagan a outros concellos, eu quero lembrarlle que algúns destes concellos

estaban pagando hai dous anos a 60, 70, 80 días e hoxe como o propio mapa do Ministerio de Facenda recoñece, a maior parte dos concellos galego xa están a pagar por debaixo dos 30 días, o mapa, a cor máis clara é evidente, incluso algúns como o caso do Concello de Nigrán que pagan dous ou tres días, iso significa que a xestión da Tesourería é maior ou menor ou iso significa que se recoñece dunha maneira máis activa as facturas, esa é gran dúbida que temos nós, esa manía que teñen moitos concellos de ser o primeiro que se quita a débeda, de ser o que menos paga non deixa de ser unha competición que moitas veces o que agocha é que non hai investimentos, a batalla por eliminar a débeda significa moitas veces que determinadas dotacións que teñen que financiarse por falla de recursos na Tesourería municipal ou pola Lei de Facenda que impide aos concellos ter certa actividade económica para desenvolver equipamentos socio-comunitarios pois que teñan recorrer ao crédito, pois iso é unha batalla que dende logo é unha maneira de entender á economía que nós non compartimos, non a comparto eu e non a comparte gran parte da miña organización dese mantra de débeda cero e dese mantra de ser o primeiro que paga, nós consideramos que estar nos ratios que marca hoxe en día a lei, recoñecemento de factura, comprobación, recoñecemento de factura significa non que eu collo un papel o escáneo e o rexistro, xa sei que ese é o debate que temos nós, vostedes din que tódalas facturas, os servizos se comprobán, pero en obra pública nós temos atopado moitas cousas, como por exemplo eu vou dar un exemplo, pois que os parquímetros que se están a instalar non cumpren o prego entre outras cousas non hai un punto de carga, entre outras cousas non se ilumina a pantalla, poden vostedes pagarlle a Dornier todo que queiran pero, estarán a incumprir sistematicamente o prego e non estamos a falar dunha cantidade menor. Con respecto a esta cuestión, decembro aumenta moito os pagos, non temos dúbida de que se trata porque sabemos que en decembro, estivemos vendo os contratos menores debeu de ser unha choiva permanente de facturas relacionadas co Nadal, hai de todo, dende os 6.700 euros do flashmove para que baile o Alcalde, ata os 20.000 euros de chocolates ou ata os casi 300.000 euros que o Nadal significou que papou os medios de comunicación local e logo explica tamén que practicamente só se falara do Nadal porque tamén quen paga manda e iso tamén se aplica nos medios de comunicación e non estou a falar dos traballadores dos medios senón dos que deciden as portadas a cambio de cartos

porque hai moitas facturas discutibles nos pagos, home facer un acto sobre 40 anos de democracia local que está moi ben e facelo a través do Faro de Vigo pero que nos custe 44.000 euros está moi ben pagadas esas facturas, pero a min me parece indecente, o seguirei a dicir, os medios de comunicación teñen que ser libres e comezando de libres da dependencia económica dunha administración que moitas veces non se escusa na necesidade de publicar cuestións públicas, cuestións que teñen que ver coa mellora dos veciños/as, anuncios que se teñen que ver con outras cuestións que teñen que ver con quen paga manda, e tamén explicaría que agora a Sra. Corina saía nalgúns medios porque mediante factura aparece a xente en determinados medios de comunicación e iso é unha indecencia que obviamente se paga, se paga rápido seguramente, serán facturas que se pagan por debaixo dos 10 días pero permítanme como persoa de esquerdas poñer en dúbida este tipo de prácticas e o que queremos é que Vigo pague a provedores, claro que si, pero queremos tamén que esas miles de facturas, moitas delas condicionadas a contratos menores que son absolutamente arbitrarios na súa opción, pois nos gustaría que de vez en cando ademais de recoñecer facturas pois se fixera outro tipo de criterio en a quen se paga, como se paga e cando se paga porque ás veces estamos financiando cousas que non lle corresponden á administración local, vostedes falan de gastos impropios, eu lle podo dicir miles de facturas e non o digo eu, dio o libro branco da FEMP, ata o 40% seguramente das facturas que vostedes pagan alegremente son gastos impropios que non lle corresponden a este Concello e en cambio nos poñemos a discutir aquí se os gastos sociais son da Xunta de Galicia ou son do concello, que ten competencias en materia educativa, que ten competencias en materia turística, aeroportuaria e logo o chorreo de facturas en decembro é brutal, afortunadamente vostedes poderán dicir que eu aquí veño conto unha milonga pero que iso está perfectamente visible no portal de transparencia do Concello de Vigo que calquera persoa que manexe un ordenador saberá canto nos vai a custar as miles de facturas que chegaron neste Nadal e con iso sigo dicindo que felicito ao Concello de Vigo como felicito a todos os concellos que están a facer un esforzo, non tendo capacidade fiscal para baixar este ratio.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: O Concello de Vigo paga ben, esta ben, é dos que mellor paga, si claro que si, o que pasa é que o Concello non executa o orzamento, podería pagar moito máis, podería haber mais obrigas recoñecidas, podería haber moito traballo máis e moitas persoas máis esperando para pagar pero non as hai porque non se executa o orzamento, o Concello paga ben porque os vigueses/as e as empresas de Vigo pagan ben, porque pagan os seus impostos, os cartos entran na caixa e logo o goberno no executa paga o pouco que executa, claro ese é realmente a esencia do problema, que non se executa o orzamento, que se presupostan e orzamentan 267 millóns de euros e o ano 2017 quedaron 20 millóns de euros sen gastar, e no ano 2018 o resultado de liquidación orzamentaria foi de 30 millóns de euros, de exceso do ingresado sobre o gastado, con todo eses cartos na caixa o raro sería non pagar inmediatamente, como non van a pagar inmediatamente? Por suposto, ben feito polos servizos municipais de Tesourería, claro que si, pero é que hai moitos cartos na caixa que non se gasta porque os vigueses pagan, pero o goberno non executa o orzamento, ano tras ano, no ano 2018 máis de 30 millóns de euros de diferenza entre o ingresado e o gastado, no ano 2017, 20 millóns, en 12 anos ese grado de inexecución, ese exceso do ingresado sobre o gastado é de 150 millóns de euros, non temos os resultados da liquidación orzamentaria do 2019, os teremos pronto, pero non sabemos que vai a ser efectivamente esa tónica porque nunha executaron máis do 80% do orzamento, que pasa co restante? Sempre o dixemos en infraestruturas nos investimentos reais, apenas o 60%, que pasa co outro 40%, claro se executamos só o 60% dos investimentos só se pagará o 60% dos acredores previstos, efectivamente o resto como non se licitou non os temos, poderíamos pagar moito máis se se executara moito máis o orzamento, claro que si, e habería que ver cal sería o período medio de pago cunha execución orzamentaria de máis 90% que iso non se veu aquí neste goberno na vida, non se mirou una execución orzamentaria do 90% nunca, pero si unha recadación superior ao 90% da previsión de ingresos. É moi doado pagar así, é moi doado pagar cando a xente cumpre coa súas obrigas fiscais ano tras ano, é moi doado pagar así cando non se executa o orzamento, inexecución orzamentaria, máis ingresos dos vigueses/as igual a pago, claro pagan fabulosamente claro que si, sobran cartos na caixa teñen superávit e como non van pagar, home eu estou de acordo en que efectivamente hai que cumprir coa

regra de gasto e co equilibrio orzamentaria, pero isto é outra cousa, vos tedes marxe de sobra para executar o orzamento, o que pasa é que non o ides facer, non o fixestes ata o de agora e non fixestes no 2019 e non faredes no 2020, habería que ver cal sería o período medio de pago ao día que aquí todo o mundo se puxera a traballar e se executara o orzamento.

SR. ANEIROS PEREIRA: Con respecto, con moito respecto pero con contundencia, non só non saben senón que tamén non escoitan porque na miña intervención dicía e o digo máis paseñinamente para que poidan se cabe apreciar e interiorizar a mensaxe, tan só nos capítulos II e VI do orzamento 2019 pagamos no ano 2019, 158 millóns de euros, en dous capítulos do noso orzamento 158 millóns de euros pagados nun tempo récord, 9 días de pago a provedores no mes de decembro, 10 días no mes de novembro, se isto non é executar o orzamento, parece que hai que vir coas orellas limpas, coa mente aberta e co coñecemento aprendido de casa porque no capítulo II e no capítulo VI que son dos que se rende conta neste Pleno, pagamos 158 millóns de euros en período récord e nun prazo moito máis breve que outras cidades do contexto de Galicia, non sei se o representante de Marea de Vigo se refire a Mos que paga en 62 días, ou a Sanxenxo que paga en 34 ou a Mondariz-Balneario que paga en 39 días, por exemplo, esas vilas, pero A Coruña paga en 39, Santiago de Compostela en 51, Ourense en 60, Pontevedra en 33 e Vigo en 9 días, tempo récord que diminúe a tensión de Tesourería para as empresas, tempo récord que amosa tamén boa xestión e por certo, si solvencia económica amosa solvencia económica porque tamén por descoñecemento quizais non saben que o calendario fiscal fai que os ingresos pivoten no último trimestre do ano, polo tanto é normal que a finais de ano sexa cando se fai a referencia á caixa desta entidade e por suposto esa caixa é que nos permite por certo, vivir 7 meses desa caixa que se fai en decembro para pagar as facturas en xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño e a partir de aí comeza o novo o calendario fiscal que é o que pivota os ingresos no último trimestre do ano, tal vez vostedes non o saiban e por iso llo teño que repetir, iso é o que fai esa boa xestión económica do concello, é o que fai tamén que aforremos tamén cando podemos aforrar nos contratos e que iso fai que teñamos superávit e precisamente por si non o saben que paguemos en prazos aos provedores e que teñamos superávit é o que permite reinvestir o superávit,

como pagamos en prazo, como cumprimos as obrigas, como temos solvencia, como xestionamos ben, como xeramos superávit permitimos que ese superávit se reinvesta na cidade, e polo tanto, o que estamos a facer é unha boa xestión económica dos orzamentos municipais, unha boa xestión económica das finanzas de tódolos vigueses, revertendo eses beneficios na cidade, pagando en tempo récord, diminuindo as tensións para as empresas que contratan co Concello e mellorando sen dúbida como nunca se fixo nesta cidade a calidade de vida e as condicións de vida desta cidade, mellorando os investimentos e mellorando o pago aos provedores.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

5(5).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PEDINDO O APOIO DO PLENO DE CONCELLO DE VIGO Á MOBILIZACIÓN POLA SANIDADE PÚBLICA DO 9 DE FEBREIRO, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2312/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xaneiro de 2020, número 2312/1101, a concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes, formula a seguinte,

“MOCIÓN PEDINDO O APOIO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO Á MOBILIZACIÓN POLA SANIDADE PÚBLICA DO 9 DE FEBREIRO.

A sociedade viguesa ten amosado dende vello a constante preocupación pola situación da sanidade pública. Mobilizacións, demanda de máis recursos e facultativos, demanda de centros de saúde e novos hospitais, teñen sido unha constante nas reivindicacións colectivas da cidade.

Actualmente é evidente que a cidade vive preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do Concello de Vigo como da Área Sanitaria á que pertencemos, como consecuencia das políticas da Xunta de Galicia, presidida por Feijoo, baseada nos recortes de recursos, o desmantelamento de hospitais comarcais, o abandono dos Centros de Atención Primaria, a ocultación e manipulación das listas de espera, a precarización e explotación do persoal e a privatización, esta levando a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non a paramos entre todos.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche do paritorio do seu hospital, as protestas de pais e poboación contra a falta de pediatras en barrios como Navia e Coruxo, a demanda da reversión ao público do Hospital Alvaro Cunqueiro, etc. son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Creemos que estamos ante un momento importante para a nosa vila, na que a Corporación Municipal, e como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que en Vigo se poida dispor e acceder a uns servizos sanitarios públicos de calidade.

Non se pode nin se debe admitir o deterioro do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público. Os municipios da Área sanitaria de Vigo necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

POLO EXPOSTO O PLENO DO CONCELLO DE VIGO ACORDA:

PRIMEIRO. O pleno do Concello de Vigo apoia a mobilización convocada pola Plataforma de Defensa da Sanidade Pública para este 9 de febreiro ás 12 horas en Santiago de Compostela.

SEGUNDO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de do nosos Centros de Saude e dotalos do persoal, necesario para garantir una atención accesible e de calidade.

TERCEIRO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos centros de saúde da nosa Área e adecuar os previstos como Bouzas aos servizos sanitarios que figuraban no proxecto orixinal.

CUARTO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

QUINTO. Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas y acabar con a manipulación das mesmas.

SEXTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área Sanitaria de Vigo, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SÉTIMO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

OITAVO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

No transcurso do debate, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, expon a emenda de engádeda presentada en data 27.01.20 no Rexistro Xeral do Pleno nº 2326/1101, co seguinte texto:

“Reclamar a posta en marcha dun Plan de Mellora da Atención Primaria, de Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

Dar traslado destes acordos á Presidencia da Xunta, Consellería de Sanidade e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e divulgalo ao conxunto da poboación.”

Ao ser aceptada a anterior emenda de engádeda pola relatora da moción, Sra. Mendez Fuentes, a Presidencia sométea a votación.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Non é a primeira vez que chega unha moción relacionada coa situación do sistema público de saúde na nosa comarca e no que tecnicamente se coñece como área sanitario de Vigo, falamos incluso no Pleno ou tensión da situación e do proxecto que finalmente coallo para a parroquia de Bouzas e o que

significa de incumprimentos co proxecto orixinal dese centro saúde, non é a primeira vez que abordamos o hospital Álvaro Cunqueiro, a súa situación como unha xestión privada independentemente da nomenclatura que queira utilizar o SERGAS de hospital público pero que ao fin e ao cabo o outro día un medio de comunicación poñía as 100 primeiras empresas en facturación de Vigo e da súa contorna e o hospital Álvaro Cunqueiro era unha desas 100 empresas, polo tanto, hai unha evidente actuación privada e un evidente afán de lucro por parte, neste caso da UTE que xestiona o hospital, que queremos con esta moción? Que é unha moción ademais recorrente en moitos concellos que se están a presentar en moitos concellos neste país, principalmente nos concellos máis afectados pola situación de recortes que non explica xa nin sequera gran parte do funcionamento do sistema pública de saúde senón que hai unha falla de xestión e unha falla de control evidente por parte da administración autonómica co sistema sanitario, esta moción que se presentou en concellos que están a vivir a mesma situación ou situacións análogas de fallas de pediatras ou de falla de facultativos en centros de saúde, e hospitais de referencia e poderíamos e a moción faino, citar a situación de Verín afortunadamente cun recuamento por parte do goberno da Xunta de Galicia pero está o Morrazo coa situación de falla de dotacións hospitalarias a súa dependencia, porque foi así durante moitos anos dun hospital como POVISA e o que quere esta moción que obviamente eu creo que tódolos concelleiros/as que estamos aquí coñecemos cal é situación sanitaria da nosa comarca, ademais do que poidamos falar, das necesidades e do que faríamos como grupos municipais independentemente da cor política para mellorar esta situación, o que queremos é que o Concello vote unha man en que a mobilización que o día 9 se convocou por parte da plataforma en defensa á sanidade pública sexa un éxito e hai concellos que o están a facer dunha forma normal, o concello de Cangas, o de Moaña pois van a poñer autobuses para que esa mobilización sexa unha mobilización que teña un bo suceso e e que esa mobilización supere ás mobilizacións anteriores que foron por desgracia decaendo, temos unha grande mobilización hai uns anos con máis de 200.000 persoas e logo tivemos mobilizacións na que decaeu esa tensión cidadá e creo que é bo que sexan os concellos progresistas e os concellos que formalmente teñen expresado a necesidade de modificar e de cambiar o que o Partido Popular está a facer coa nosa sanidade, pois que poñan recursos e isto

soará a como vai a poñer o Concello de Vigo autobuses para que a xente vaia a esa mobilización a Santiago de Compostela, home, porque puxemos a Coral Casablanca para facer un concerto reivindicativo do AVE, porque utilizamos moitas veces recursos para determinadas mobilizacións ou posicións que como cidade se defenderon e non pasa absolutamente nada porque ese apoio se vehiculice así, temos que garantir ós concellos sobre todo ós concellos máis afectados pola falla de recursos públicos e pola actitude do Partido Popular de destrución masiva da sanidade pública e ademais no caso de Vigo por unha defensa case numantina no modelo de POVISA que segue a condicionar o desenvolvemento do sistema público e saude na cidade, pois cremos que o Concello se volque e ademais unha serie de reivindicacións, non están todas efectivamente, hai unha proposta de engadir algunha máis, nós estamos a favor de que se engada esa proposta, obviamente como tódalas mocións que instan a unha administración se sobreentende que se lle da traslado ás administracións, como así se nos di en Secretaría, e que a gran achega deste concello a esta mobilización do día 9, pos sexa votar unha man a que teña un bo percorrido aquí no Pleno nomeadamente colectivos de traballadores de tódalas partes e seccións forman parte dun sistema sanitario público, matronas, propios médicos, interviron durante moito tempo e creo que temos ben mapeada cal é a situación do noso sistema público de saúde como para que este Pleno formalmente explicita un apoio á mobilización e que non sexa só un apoio institucional, a nós nos gustaría que estas cousas se tramitaran como declaracións institucionais pero que ademais poña recursos como estou dicindo, poñen xa concellos doutro lado da ría, que poñan recursos para que os veciños/as de Vigo afectados por esta situación especialmente os veciños de parroquias onde por exemplo non hai pediatra que poidan asistir a mobilizacións.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Comezar por expresar o total apoio do Bloque Nacionalista Galego á moción que trae á Marea de Vigo e que recolle a proposta da plataforma SOS Sanidade Pública e dende logo o noso apoio total tamén á convocatoria de mobilización para o vindeiro 9 de febreiro e nese sentido dende o Bloque Nacionalista Galego facemos un chamamento ás vigueses/as a que participen masivamente desta manifestación para esixirmos con voz firme que o Partido Popular deixe de xogar coa nosa saúde. En Vigo sóbranos os motivos para

secundar esta nova convocatoria mobilizatoria, padecemos un hospital privatizado e recortado o que converteu a nosa cidade, a cidade de Vigo na zona cero da desfeita sanitaria desta década nefasta do Sr. Feijóo ao fronte da Xunta de Galicia, temos un hospital do Meixoeiro en proceso de desmantelamento na práctica, temos unha atención primaria colapsada con importantes deficiencias e insuficiencias nunha cuestión tan importante como é a atención pediátrica, temos que padecer que o Partido Popular insista na política de recortes reducindo á metade o proxecto de centro de saúde para a vila de Bouzas, ou a situación límite que se vive no Punto de Atención Continuada e por parte dos propios servizos de emerxencia sanitaria nunha cidade onde termos menos ambulancias das que nos corresponden por poboación e o que se engade efectivamente á situación de POVISA, dende logo sobran os motivos para que os viganeses/as sumemos á nosa voz ao conxunto de Galicia para esixir unha mudanza radical nesa política de privatización e de recortes e efectivamente formulamos unha emenda a esta moción que simplemente incorpora unha proposta de acordo para reclamar a posta en marcha dun plan de mellora de atención primaria, da saúde mental e de atención á saúde das mulleres que forma parte da proposta que formula a propia plataforma SOS Sanidade Pública e que entendemos completa e mellora esta moción que entendemos é que tamén unha oportunidade para volver a expresar a posición dunha cidade firme fronte aos recortes que aplica o Partido Popular.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Algunhas verdades, a atención primaria é o servizo sanitario mellor valorado pola cidadanía en tódolos barómetros sanitarios en Vigo, nos últimos anos efectivamente se acometeron cambios organizativos, melloras en infraestruturas e mellora na atención do cidadá, se incrementou o orzamento da área de atención primaria de Vigo que ten o maior da súa historia, máis de 250 millóns de euros, ese é o orzamento da EOXI en Vigo que é a máis alta de toda Galicia, é a máis alta en toda a súa historia, os avances en atención primaria, son moi importante, tanto na mellora de capacidade diagnóstica como capacidade de resolución, por que? Porque se incrementaron os medios nos centros de saúde, entón xa se pode facer en moitos delas diagnósticos sen ter que desprazarse ao hospital, a capacidade de resolución tamén mellorou notablemente con programas como Conecta 72 para o seguimento telefónico dos pacientes, unha vez dados de

alta ou programa de teleasistencia, ou os novos centros de saúde o que se fixo na rúa Pizarro o centro integral Taboada Leal ou o novo centro de saúde de Bouzas que xa está en execución, hai unha aposta tamén pola estabilidade laboral na atención primaria de Vigo traballan 1.566 profesionais dos que 505 son médicos/as, 88% preto do 90% son persoal fixo, e ademais se teñen feito tamén posto en marcha vínculos dun ano prorrogable a tres anos para médicos de familia, que é un categoría de medicina e pediatría na que hai paro cero, e iso tamén é un problema para cubrir baixas ou facer substitucións. Media de pacientes por médico na área de Vigo, 1.338, inferior á de A Coruña ou a de Pontevedra, inferior ás 1.500 cartillas definidas como obxectivo polo Ministerio de Sanidade para o ano 2022 proposto no marco estratéxico de atención primaria que se aprobou en maio de 2019 por este goberno Socialista, estamos por debaixo dunha previsión co goberno ten para o ano 2022, en Vigo xa estamos por debaixo. Número de pacientes por médico, diminuíu nos últimos anos, temos en Vigo o catálogo máis amplo de Galicia de acceso a probas diagnósticas, ten o orzamento como digo máis alto da historia e aquí tamén hai que agradecer o compromiso dos profesionais e tamén dos pacientes, hai que agradecer ese compromiso dos profesionais da sanidade viguesa co servizo público, é un esforzo o que se está a facer, é un esforzo que se está mantendo no tempo. Que solucións propoñen para a falla de médicos en substitucións ou en baixas por incrementar o tanto por cento as prazas de MIR que se pediu ao goberno en toda Galicia, a prorroga da idade de xubilación, a implantación de nomeamentos continuados, a mellora na recrutamento de médicos, unha convocatoria do MIR extraordinaria, creación de novas prazas, etc. Galicia ten os salarios máis altos de toda España para os médicos especialistas que se están a formar, e tamén o que temos que dicir é que hai equipos de traballo, que hai que felicitar aos profesionais da sanidade polo esforzo que están a facer, Galicia ten un dos mellores sistemas de saúde de España senón o mellor, e Vigo ten a mellor atención sanitaria de toda Galicia, porque os datos asistenciais melloran ano a ano, e as listas de espera cirurxía son as máis baixas das grandes cidades e as menores da historia e hai que agradecerlo aos profesionais que traballan na sanidade. Pero que datos de POVISA oculto, Sra. Caride? Mire, o único que é certo quen ocultou datos e había listas ocultas foi o goberno da Consellería de Sanidade do bipartito, foi a única vez que había listas ocultas, pero mire, sen

dúbida nun tema tan sensible toda mellora é suficiente pero tamén nun tema tan sensible facer demagogia é moi fácil pasar a liña que hai, e nós cremos que o Concello fai moción como esta na que se fala de precariedade, de explotación, de listas de agarda ocultas, esas eran as ocultas, as da sanidade do bipartito, por iso non imos apoiar esta moción porque aí está o debate, o introduciu a Sra. Caride, o debate demagóxico, esa liña feble que separa calidade do servizo dun tema tan sensible como a sanidade é moi fácil cruzar esa liña e pasar a demagogia e atacar, e moi fácil, pero esa liña non se debe cruzar, e unha administración pública non está para apoiar mobilizacións, as mobilizacións que vaia quen queiran, é un dereito, pero nós o que non imos facer é apoiar unha mobilización deste tipo.

SR. LÓPEZ FONT: Non sabía eu que o número 20 da lista do Partido Popular que foi agraciado coa voceiría no sorteo da Bonoloto e resulta que agora é o voceiro de sanidade do Partido Popular, non sabía eu que vostede era o voceiro de sanidade. Mire, en serio, comentábame a miña compañeira a Tenente Alcalde a Sra. Silva que poderíamos ter o exemplo dunha actiz que leva 7 meses para poder ser atendida dunha operación dun pe.

Pero miren, en relación coa moción, falamos moitas veces neste Pleno é verdade de sanidade, pero falamos da sanidade que lle afecta aos vigueses e que dende logo é o contrario ao que acaba de dicir o Sr. Marnotes, falamos dun hospital privado, falamos da falla de aparcamento, falamos das listas espera pero tamén falamos dun centro de saúde en Bouzas que vostedes achicaron á metade e tamén falamos de 4 centros de saúde que cando vostedes chegaron ao goberno de Galicia se quedaron polo camiño. Falamos moito e precisamente todo o que falamos aquí é o que conduce a que este grupo municipal socialista estea a favor da manifestación que se vai celebrar o día 9, temos motivos, nos sobran motivos para ir a esta manifestación, pero lle quero dicir ao grupo de Marea que o que non hai confundir é programas electorais con apoio concreto a unha manifestación, non podemos confundir un programa político como practicamente se fai aquí nestes oito puntos co apoio a unha manifestación que nós dende logo aquí o reafirmamos, porque esta moción se converte tal e como está estruturada nunha moción trampa, tal e como están a presentar vostedes as mocións, é difícil que nós podamos asumir a totalidade do voto a favor desta moción, porque claro, na

intervención que se fixo por parte do grupo Mixto-Marea o que se fai é unha exposición de motivos que conduce única e exclusivamente a apoiar esa manifestación coa que nós estamos de acordo pero o que é evidente é que se lle queremos engadir cousas, todos poderíamos engadirlle cousas pero cremos que o máis importante que habería que engadir aquí sería hospital público, aparcamento, centro de saúde de Bouzas e catro centros de saúde pendentes. Polo tanto, esta forma de presentar a moción certamente desvía o que é o debate e hai que lembrar que o Sr. Feijóo está moi encantado cando se desvían os debates porque o único que busca é o enfrontamento entre os demais.

Mire, Sr. Pérez Correa se do que se trata é do título da moción de apoiar a manifestación do día 9, nós inequivocamente estamos a favor desa manifestación, pero non vimos aquí a confundir o que é programa político do noso propio partido político co que realmente aquí debemos de decidir. E permítame non podemos tratar aquí o que se imos poñer autobuses ou de que forma imos apoiala, creo que a mensaxe político nítido deste Pleno da Corporación debe ser, aos vigueses nos sobran motivos para que asistamos á manifestación do 9 de febreiro en Santiago de Compostela, polo tanto, nese sentido e reiterando que non nos gusta a estrutura destas mocións eu lle teño que facer varias peticións para que nos podamos sentir cómodos. Primeiro, que aínda que o regulamento estipule o que estipule presentaríamos unha emenda “in voce” para que se ao punto 1 da súa moción, co que estamos de acordo se lle queira engadir algo, sería “o carácter público do hospital, aparcamento, centro de saúde de Bouzas, orixinal e catro centros de saúde” e este realmente debería ser o acordo porque é o que lle preocupa aos vigueses e tamén lle pido o que para facilitarnos as cousas e para centrar o debate no que debe de ser, se votase por separado o punto 1 que nós apoiaríamos e o resto dos puntos sobre o que cada un temos a nosa opinión, evidentemente se votasen por separado, en calquera caso, dende logo nós estamos a favor dese punto primeiro e se nos temos que ver obrigados e non nos facilita as cousas como reiteradamente llo pido, teríamos que votar a favor pero dende logo sentíndonos unicamente e exclusivamente vinculados co punto 1 porque no resto cada un ten os seus matices.

SR. PÉREZ CORREA: Só unha cuestión, eu teño aquí a acta do grupo organizador da manifestación do domingo 9 de febreiro, da plataforma En Defensa da Sanidade Pública que é quen lanza estes acordos na que está o Partido Socialista Galicia, está aquí, e esta moción se defendeu e aprobou por parte de grupos municipais do Partido Socialista pois por poñer un exemplo, Ribadavia, Moaña, é dicir, supoño que o Partido Socialista de Vigo e o Partido Socialista de Galicia, cuxos líderes teñen o mesmo apelido aínda que sexa por unha solución familiar, terán algún tipo de contacto e saberán que vostedes son membros desta Plataforma, son membros desta plataforma, pero é que son membros desta plataforma, é máis voulle dicir, non só son membros desta plataforma senón que son organizadores, están no comité organizador, son vostedes o comité executivo con nós de todo este contubernio judeo-masónico que se montou, pero son vostedes organizadores, non miro ningún problema e sego sen entender esta é unha moción que fala da sanidade pública galega e fala do hospital Álvaro Cunqueiro, cando dicimos acabar coa política de privatización de recursos, derivar pacientes as clínicas privadas, fixemos algunha adaptación porque hai exemplos palpables, claro hai un exemplo palpable da derivación de listas que se chama POVISA, hai un exemplo palpable de cuestión da ocultación de listas que se chama POVISA, hai un exemplo palpable que teñen que ver coa falla de facultativos que se chama Navia, que se chama Coruxo, nalgún momento e que vai ser tamén o Barrio de Bouzas, porque nin sequera vai existir un pediatra nese servizo, ademais falando agora co Sr. Pérez Iglesias, vostedes a nós no anterior Pleno por non presentar a emenda con 48 horas non nolas aceptaron, non é que isto sexa un ollo por ollo que non vai a ningún lado, porque ademais vostedes poderían formulala habendo emenda do Bloque Nacionalista Galego, vostedes poden formulala, perfecto, pero é que nós nos queremos cambiar a integridade disto porque sería como contradicir ao Bloque Nacionalista Galego, a Esquerda Unida, Anova, PSOE, a CCOO, a UXT, a CIG e aos sindicatos que forma parte da Plataforma, polo tanto, non creo que haxa aquí ningunha cuestión, home ao mellor non lles gusta que falemos de POVISA, non o sei, pero ese fío histórico entre POVISA e vostedes xa non existe, que está vendido a outra empresa, xa non hai o amigo do Sr. Felipe González levando POVISA adiante, isto está en mans dun fondo privado, polo tanto a situación é diferente, e polo tanto nós queremos que se discuta, estamos de acordo en incorporar as

propostas que propón o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego pero dende logo non queremos que se elimine, que se vote por puntos porque sabemos que é ocultación dunha integración dunha moción que ven dunha plataforma social.

PRESIDENCIA: Pasamos á votación non aceptan a emenda “in voce”, aceptan a emenda do concelleiro non adscrito e polo tanto, votamos primeiro a emenda do concelleiro non adscrito que ten que ser votada aos efectos da súa inclusión ou non.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, vinte abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, queda rexeitada a emenda de engádeda,

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.01.2020 (Rex. Nº 2312/1101), pola concelleira do grupo Mixto, Sra. Mendez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(6).-MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, DEMANDANDO QUE A XUNTA DE GALICIA E GOBERNO ESPAÑOL ADOPTEN MEDIDAS URXENTES PARA GARANTIR O FUTURO DOS ESTALEIROS BARRERAS, VULCANO E DO CONXUNTO DO SECTOR NAVAL DE VIGO. REXISTRO PLENO 2317/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xaneiro de 2020, número 2317/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

DEMANDANDO QUE XUNTA DE GALIZA E GOBERNO ESPAÑOL ADOPTEN MEDIDAS URXENTES PARA GARANTIR O FUTURO DOS ESTALEIROS BARRERAS, VULCANO E DO CONXUNTO DO SECTOR NAVAL DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desertización industrial que atravesamos a comarca de Vigo representa un grave problema non só para esta área se non, por extensión, para o conxunto de Galiza. Reverter esta situación esixe que as administracións públicas competentes adopten medidas efectivas, con compromisos firmes que vaian para alén da propaganda e os anuncios electoralistas.

Neste sentido, é especialmente grave e preocupante a situación da construción naval na ría de Vigo. Trátase dun sector eminentemente estratéxico para esta cidade. Con todo, na actualidade o naval representa na comarca de Vigo menos de 2 mil postos de traballo cando chegou a superar o 10 mil.

A evolución do sector nos últimos anos presenta uns resultados moi preocupantes en termos produtivos. Así, tal e como se recolle no Informe Ardán de análise da situación económica e competitiva, a construción e reparación de buques na comarca de Vigo pasou de representar en 2008 o 5,71% dos ingresos totais e o 4,30% do Valor Engadido Bruto (VEB), cun tecido de 62 empresas,

constituíndo a terceira actividade por importancia, a retroceder, en 2017 —últimos datos dispoñibles— até o 0,74% dos ingresos totais e o 1,69% do VEB comarcal, e pasando a ocupar o noveno posto en orde de importancia a pesar de aumentar ata 68 o número de empresas do sector. A diminución nos ingresos económicos xerados pola construción naval na comarca de Vigo é tamén moi significativa. De tal maneira que pasou de representar 1.087,69 millóns de euros en 2008 a apenas 139,33 millóns de euros en 2017.

Nas últimas semanas observamos con enorme preocupación o inminente feche e o consecuente risco de desaparición do estaleiro Vulcano e tamén a grave crise que atravesa o estaleiro Barreras, o de maior importancia na construción naval privada do Estado. Trátase de dous estaleiros emblemáticos que son alicerce fundamental do naval vigués e que se atopan nunha situación límite.

Por unha banda, Vulcano enfronta o seu proceso de liquidación sen ningunha garantía de continuidade da actividade nas súas instalacións; situación agravada pola hostilidade da Autoridade Portuaria de Vigo que de maneira indisimulada aspira a recuperar a titularidade da parcela para destinala a outros usos.

Por outra, Barreras está en situación de precurso e con dúbidas a preto da súa viabilidade derivada dos conflitos no seo do seu accionariado e sen garantías a respecto da carga de traballo, e co risco real de entrar en poucos días nun concurso de acredores de impredecíbel resultado.

Á situación nos dous principais estaleiros engádese a escasísima carga de traballo que hai no resto das empresas e a situación moi complexa que atravesa a industria auxiliar (imprescindíbel no actual modelo de estaleiros de síntese), afogada pola falta de pagamentos dos estaleiros e nas que se incrementou substancialmente a precariedade laboral.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que diante desta situación de emerxencia no sector naval cómpre unha resposta de cidade, que procure tecer un sólido consenso social, político e institucional para esixirmos tanto da Xunta de Galiza como do Goberno español que adopten medidas urxentes para asegurar a continuidade da actividade e do emprego en Vulcano, Barreras e do conxunto do sector. Unha resposta como a dada no ano 2011 fronte ao enorme golpe que supuxo a crise do *tax lease*, e que o Concello de Vigo debe volver encabezar.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Demandar á Xunta de Galiza que promova, a través de todos os medios legais ao seu dispor, a intervención pública directa que permita facerse co control da maioría do accionariado dos estaleiros Barreras e Vulcano, para conformaren un estaleiro público ou semipúblico que garanta a continuidade da actividade e do emprego en condicións laborais dignas.

2. Instar a Xunta de Galiza a impulsar a posta en marcha do Centro de Reparacións Navais da Ría de Vigo.
3. Instar a Xunta de Galiza a convocar, con carácter inmediato a mesa de contratación do naval en Vigo e a aplicar e desenvolver a Lei 4/10 de Fomento do Sector Naval de Galiza.
4. Demandar á Autoridade Portuaria e a Portos do Estado o seu compromiso para asegurar o mantemento da actividade naval no estaleiro Vulcano, rexeitando a utilización da parcela de dominio público para outros usos.
5. Demandar do Goberno do Estado a declaración do sector naval galego como sector económico estratéxico.
6. Demandar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a creación dunha tarifa eléctrica industrial galega que permita, como xa sucede en Euskadi desde 2018, reducir os custos enerxéticos do noso tecido produtivo facendo valer o feito de sermos Galiza produtores netos de enerxía.
7. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dun Instituto Galego de Crédito e Financiamento e unha Corporación Industrial Pública Galega, como instrumentos que permitan un apoio permanente ao tecido industrial e singularmente ao sector naval.

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Estamos nunha situación de emerxencia para un sector estratéxico como é o naval, con Vulcano ao borde da súa desaparición definitiva, con Barreras nun momento crítico baixo a ameaza dun concurso de imprevisibles consecuencias e cunha industria auxiliar afogada a que representaría unha mazada definitiva que non sexamos capaces de resolver a situación de Vulcano e de Barreras. Vemos nestes últimos anos como o sector naval está nun continuado recuar, así se reflicte na perda de peso en termos de valor engadido bruto e por exemplo que teña pasado de ser a terceira actividade económica en termos de valor engadido a ser a 9, un sector de ter 10.000 traballadores/as a apenas 2.000 e dende logo cun importante descenso na carga de traballo e na facturación e por iso a moción do Bloque Nacionalista Galego o que pretende é esixirmos como cidade da Xunta de Galicia e do goberno do Estado, que actúen, que tomen medidas urxentes para asegurar a continuidade da actividade e do emprego en Barreras, en Vulcano e no conxunto do sector naval, medidas como que a Xunta de

Galicia despregue cos medios legais o seu dispor unha intervención pública directa que dea estabilidade e estes dous estaleiros, que se poña en marcha o centro de reparacións navais, que se convoque de inmediato a mesa de contratación do naval de Vigo e que se cumpra dunha vez a Lei de fomento do sector do naval que o Partido Popular aprobou e que converteu tamén en papel mollado e que haxa tamén a esixencia dun compromiso claro por parte da Autoridade Portuaria e tamén de Portos do Estado, para garantir a actividade naval na parcela de dominio público que ocupa actualmente Vulcano e tamén a declaración de Sector Estratégico para o naval galego.

Nós lamentamos que así como no ano 2011 fronte a ameaza do Tax-lease o goberno municipal foi capaz de impulsar unha resposta de cidade, desta volta declinou facelo e dende logo lamentamos inmensamente que teña renunciado a convocar un Consello Social da Cidade como pediu o Bloque Nacionalista Galego para dar unha resposta de conxunto.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos completamente de acordo con esta moción, poderíamos entrar a formular algunhas cuestións pero preferimos que sexa integramente como sabemos que o Bloque Nacionalista Galego pactou coas organizacións sindicais a nós nos falla unha pata absolutamente central do problema de Barreras que se chama o sector empresarial absolutamente obsoleto e que temos traballando no sector, pouco falamos de García Costas neste Pleno, pouco falamos das decisións que se tomaron de xeito erróneo, pouco falamos do Sr. Feijóo e da súa venda terrible para intentar en teoría reflotar un estalerio a PEMEs, pouco falamos de quen entrou no sector naval, para que entrou no sector, pouco falamos de Albariño querendo ser un empresario do sector naval, un empresario mundialmente recoñecido pola súa capacidade empresarial, ese sector aquí na moción aínda que non aparece, pouco falamos dos liquidadores do noso sector, da xente que entrou ao sector naval non a facer barcos, senón simplemente a xogar cos paquetes accionariais, e polo tanto, a xogar coa vida de miles de traballadores, en outubro do ano pasado, nós levamos unha moción aquí ao Pleno, foi contestada con outra moción do Partido Socialista, nós na moción o dicíamos claro, non imos a resolver nos poucos minutos e menos os poucos minutos que se lle da ao opoñente da moción, é imposible que falemos do sector

naval, pero nós pedíamos na moción que se convocara xa o Consello Social da Cidade o grupo propoñente tamén o propuxo, está ben que falemos do sector naval e que falemos de cales son, xa non as achegas económica que poden facer unha administración local, sabemos que as limitacións que ten un concello para ser partícipe dunha actividade industrial deste tipo, pero si as cuestións que son de debate colectivo nesta cidade e ademais para reprobar publicamente a determinados liquidadores que hoxe en día están en administracións como López Veiga que quere liquidar ao sector naval e ademais non se corta en dicilo, é dicir, el quere que Vulcano desapareza, por desgracia xa nunha fase perigosa de desaparición, pois estaría ben que este Pleno pedira non a dimisión, o cese inmediato dunha persoa que non cree en algo que na ría deu de comer a xeración de viguesas/es. Estamos de acordo ademais en que o peso específico que tiña os salarios industrias en Vigo non son unha cousa menor, da igual que hoxe o 45% do emprego sexa servizos, da igual que se saquen as estadísticas de importancia de novos sectores de emprego e que o problema era a achega ao PIB local que tiñan aos salarios da industria, non era o mesmo salarios que aportaba ao PIB a suma do valor engadido que achegaban os salarios ao conxunto de economía viguesa que por exemplo, a hostalería ou outros sectores que moitas veces non chegan ao 50% dun mesmo salario no sector industrial, non é só a perda de emprego, é perda de capacidade de rexenerar a futuro un sector, hoxe en día seguramente nun escenario de aumento hipotético da construción naval nos van a fallar persoal cualificado e dende logo todos eses anuncios de formación e todo isto que se puxo enriba da mesa cando houbo un timorato anuncio de subida da construción naval quedou en absolutamente nada e ademais a participación pública é un debate que temos que abrir, se pode a Xunta de Galicia ou o Estado sobre as cantidades de adquisición de activos industriais, ese debate é bo que se abre e é bo que o abra o novo goberno sobre quen pode nacionalizar unha autoestrada ou quen pode nacionalizar un estaleiro, pero non é un debate que non se nos poña enriba da mesa como un debate posible porque o fai un goberno rexional como o de Escocia e o faino un goberno estatal como o de Francia con determinados estaleiros que consideran que son estratéxicos para a economía, tamén poderíamos discutir se a declaración de sector estratéxico no Estado vale para algo, cando en Galicia está tamén declarado e non vale absolutamente para nada, pero teríamos que abrir o

debate sobre o que significou o estaleiro de sínteses, un auténtico fraude na maneira de entender a formulación do estaleiro que significa que hoxe en día os estaleiros teñen cadros de persoal exiguas e as auxiliares, que por certo son as que lle pide que apanden de novo coa quita, que apanden de novo co atraso do pago, as auxiliares van a estar outra vez practicamente desmanteladas cando soportan pois o 90% do emprego do sector.

Falemos, non traíamos máis mocións, xa sería a cuarta, convoquemos o Consello Social, fágase un traballo minimamente coidadoso cun sector que catro xeracións de vigueses coñecen porque catro xeracións de vigueses foi a súa actividade e moitas veces lle permitiu saír da pobreza, cremos ademais que non queda moito tempo, estivemos hai pouco compañeiros da miña organización en China vendo os estaleiros que están a construír o goberno Chino, o que se está a facer en determinadas latitudes que nos pode sistematicamente quitar do mercado, polo tanto, convoquemos o Consello Social da Cidade.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Ben por comezar polo final e cun pouco de chascarillo, os chinos tamén construíron un hospital nunha semana coas grúas é dicir, competir agora neste momento e compararnos con China creo que non é axeitado. Quería matizar que non é unha situación de emerxencia do sector que moitas veces repite a opción, é unha situación de emerxencia neste caso de Barreras e Vulcano, é certo, son dous proxectos empresariais que non foron viables pero temos Armada, Monte Negro, Armón, Freyre, Lago, Rodman, Metalship, quero dicir, o sector está en pleno rendemento, segue sendo un sector estratéxico, a Xunta de Galicia mentres tantas mocións traíamos a este Pleno, é certo, Sr. Pérez Correa, a Xunta de Galicia seguirá traballando e apoiando ao naval e temos un momento de emerxencia e complicado, é certo en Barreras que ademais quero dicir coas informacións que temos na prensa, coas informacións oficiais porque hai reunións que son oficiais, están enriba da mesa, que se fixeron entre Ritz Carlton e Pi Marc co propio goberno, coa propia Xunta de Galicia, cos accionistas e agora cunha prórroga que hoxe limos que pode dar as auxiliares para que as que a Xunta de Galicia e o IGAPE ofreceu ademais unha axuda hai pouco tempo para que ademais se manteñan e poidan seguir traballando e aguantando, temos esa situación que esperamos todos aquí que se resolva pero eu quero dicir que non confundan

vostedes que aquí non hai unha situación de emerxencia de todo o sector e que os 50 millóns que adica anualmente a Xunta de Galicia ao sector naval de toda Galicia pois están tamén en temas de formación para que haxa relevo xeracional, están en innovación nos propios estaleiros para que haxa nova tecnoloxía e que se constrúan barcos punteiros e quimiqueiros que se constrúen en Vigo o que pasa que sempre centramos o debate e é normal, insisto eu non vou dicir que sexa normal no tema nos problemas que poden ter neste momento Barreras e Vulcano. Eu digo que neste Pleno si é verdade que o que lembramos do Partido Socialista é que foi o Sr. Almunia quen impuxo o Tax-Lease e que nomeamos aquí entre todos persoa non grata nesta cidade, esa é unha carta de servizos que ten o Partido Socialista, a carta de servizos que ten o Sr. Feijóo e a Xunta de Galicia e que ten o propio Partido Popular foi nun momento que vostedes din que eludimos o debate, non eludimos o debate, foi nun momento de crise no que houbo unha alianza PEMEs-Barreras, si é verdade que deu osíxeno ao sector naval e ese estaleiro precisamente que agora hai un problema entre o accionariado, foi un momento moi complicado para o sector naval no que o Partido Popular no goberno de España e o Partido Popular no goberno da Xunta de Galicia conseguiron sacar este sector que languidecía adiante por moitos que lles pese e queiran dicir, porque fan paripés que si Partido Socialista, que si Marea de Vigo, Bloque Nacionalista Galego, pero sinceramente vostedes agora están no goberno de España ofrezan solucións, o 22 de novembro o partido Socialista xa no goberno, en funcións, pero xa, cunhas eleccións e xa negociando con Podemos dixo que tiña unha solución para Barreras, o 22 de novembro, poden buscalo, onde está a solución para Barreras? Porque vostedes falan, eu podo falar de feitos, con respecto a Vulcano no 2012 tamén se apoiou para que non se fora, estaba nunha situación moi complicada, no 2017 conseguiron sacar o Ferri adiante porque a Xunta de Galicia estivo apoiando pero que nós o que non imos a facer e non por quedar ben e dicir unha frase é pedir unha intervención dos hostaleiros privados, sobre todo porque ademais hai moitos e a maioría deles funcionan e van ben, a intervención do goberno autonómico ou do goberno central en Barreras para que? Que van a facer vostedes con Navantia dende o goberno central? Están agardando en Ferrol tamén e os traballadores, nós temos unhas premisas por diante cando traballamos nas administracións, no Partido Popular que é garantir os postos de trabalo, garantir o traballo e habilidade

das auxiliares neste momento que son moi importantes e que manteñen e que ademais xeran postos traballo, eu insisto pode haber relevo xeracional porque tamén se está a investir, e se está mirando a futuro con moitas axudas para a formación, e garantir os traballos e as gradas cheas tamén a futuro, non só o remate dun barco actual ou intentar en Vulcano o mellor e meter agora un proxecto que teña un barco para construír pero que non se vexa proxectos a futuro, aquí sabemos en Vigo perfectamente como foron eses intentos de sacar adiante un estaleiro que viamos que non tiña viabilidade, a Xunta de Galicia é a administración está detrás e da a cara, insisto, da a cara e ningún momento eludimos aquí ningún debate, nós apoiamos sempre o sector naval de Vigo, nós sabemos ademais como din vostedes non teñen a lexitimidade dese sector como defensores a ultranza delas porque nós o Partido Popular de Vigo e o Partido Popular neste caso no goberno sempre estivo apoiando.

Vostede presenta hoxe unha moción cun montón de puntos como saberá se non permite a votación por puntos nós non imos apoiar nin a intervención do Estado nin algunhas outras partes que agora non teño tempo de explicar polo tanto, defendendo sempre ao sector naval e co mesmo traballo sempre sen apoiar ás mocións en ocasións si e noutras non neste Pleno, nós imos estar detrás das posibles solucións que poidan ter porque por suposto queremos que Vulcano e Barreras segan coa actividade naval en Vigo como fixeron sempre, insisto, co apoio e respaldo da Xunta de Galicia e do Partido Popular e dos gobernos do Partido Popular do Estado.

SR. LÓPEZ FONT: O Partido Popular con só 4 concelleiros o que si se distribuíu é a defensa sectorial da política do Partido Popular e do goberno da Xunta de Galicia, se baten vostedes o cobre en defender a sanidade, a política industrial, Sra. Egerique, non estamos nunha situación de emerxencia? Díxollo dirixido aos traballadores de Barreras e os da industria auxiliar? Se llo dixo dirixido a eles? Porque non se dirixe a nós, cando di vostede que non estamos nunha situación de emerxencia espero que os traballadores de Barreiras e os traballadores do sector auxiliar valoren as súas palabras.

Levamos neste mandato seis meses, arranco en relación coa moción como tamén interviña con respecto á anteriores de Marea de Vigo e hai unha coincidencia entre

as mocións presentadas polo grupo Mixto e polo non adscrito, e a coincidencia é que as mocións se converten nun manifesto político que seguro que cando haxa campaña electoral ten a súa translación ao que é o programa electoral dun determinado partido, pero non vimos aquí a isto, este Pleno do que ten que facerse eco é da reivindicación dos vigueses e polo tanto, os programas electorais e os manifestos teñen outro ámbito, mire, a nós ninguén nos vai a dar leccións na defensa do sector naval, primeiro porque o vimos facendo dende hai moito tempo, e entendo de verdade, que de forma acertada en onde realmente se debe influír e polo tanto, de forma eficaz, buscando permanentemente solucións, e é verdade que aquí este grupo municipal demostrou que antepoñemos a cidade ao noso partido, a persoas cercanas e inclusive queridas por nós e polo tanto, non se nos pode cuestionar en absoluto todo iso, pero si é certo que non hai que desviar como falábamos antes con respecto á sanidade o debate, hoxe estamos a falar aquí do sector naval, pero estamos a falar de Barreras é efectivamente e estamos falando de Vulcano é o que si é certo, cando falo da inconveniencia destes manifestos políticos, é que os grandes discursos están moi ben, teñen un carácter xenérico, dinse moitas cousas, cada un se sente reflectido e encantado con unha parte pero aquí a realidade é que temos un serio problema en Barreras, que se necesita dunha solución e que os traballadores están pendentes do mantemento do emprego, polo tanto, aquí o que nos corresponde dende logo na nosa opinión é reivindicar a situación concreta, e iso o plasmamos nós no mes de outubro nunha moción, e nesa moción o que pedíamos dunha forma se queren simplista pero ás veces o máis sinxelo certamente é o máis eficaz para a solución dos problemas que teñen os que están aí afora, e sen facer un discurso xenérico nese momento pedíamos que aquel que dixo que era o director comercial de PEMEX que é presidente da Xunta de Galicia, se puxera ao mando desta situación que padecemos e que levase as rendas, e xa digo pode parecer isto moi sinxelo pero certamente é o que nos están a demandar os de fora, porque mire en setembro de 2012, o Sr. Feijóo lle sobrava balcón na praza do Obradoiro para exhibirse cos executivos de PEMEs e iso é o que estamos a pagar, pois nós o que dicíamos na nosa moción é que no edificio de Barreras tamén hai un balcón pequeno e ese balcón pequeno é onde se tería que asomar o Sr. Feijóo para dicirlle aos traballadores cal é a política industrial do goberno de Galicia, que vai facer por

sacar adiante o sector naval, iso é o que cremos que hai que facer, polo tanto, nós non imos a caer en discursos xenéricos, nos reafirmamos hoxe máis que nunca na moción que presentamos en outubro, porque o tempo nos deu a razón, porque o Sr. Feijóo e o goberno de Galicia non se puxo mans a obra a solucionar este grave problema senón que se puxo a repartir culpas e resulta sorprendente que aqueles membros do Partido Popular que durante os 7 anos do goberno do Sr. Rajoy, non demandaron absolutamente nada con respecto ao sector naval, hoxe con relación a un goberno que non leva nin un mes gobernando crean que o debe solucionar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu sobre as escusas formais do Partido Socialista me causa rubor que acusen de xenérica esta moción despois de que efectivamente unha moción súa, onde se limitaban a dicir que o Sr. Rajoy se poña ao fronte, e nós xa lles dixemos ao fronte para que? Esta moción do Bloque Nacionalista Galego o que trae son propostas e medidas concretas e se discrepan díganolo, e se concordan voten a prol.

Ao respecto do Partido Popular efectivamente é complexo o papel da Sra. Egerique, despois do fiasco PEMEs e despois da evidente responsabilidade do Partido Popular, que fixo a Xunta de Galicia polo naval? Non convocar a mesa de contratación, estar a intentar resucitar pola porta de atrás a García Costas, en troca de apostar por unha solución de futuro, expresar desexos, boicotear o futuro de Vulcano, cunha actuación absolutamente indecente por parte do Presidente da Autoridade Portuaria o Sr. Enrique López Veiga, que non debe permanecer nin un minuto máis nese cargo e por iso nós o que dicimos é que o momento de reclamar compromisos concretos con medidas concretas que é algo que parece que claro que nin Partido Popular nin infelizmente o Partido Socialista non queren facer.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, tamén se atopan ausentes a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego e o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Castillo).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e dezaoito abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ao realizarse un empate na votación, a moción non prospera.

7(7).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A TRAMITAR CONXUNTAMENTE A AMPLIACIÓN DO IFEVI, DECLARAR A URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2322/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2020, número 2322/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Ninguén en Vigo dubida da importancia de Conxemar para reforzar a posición estratéxica de Vigo e Galicia no sector pesqueiro. A necesidade de garantir e reforzar o papel internacional de dita feira ampliando de forma urxente as instalacións do IFEVI, levou o Padroado do IFEVI, presidido pola Directora Xeral de Comercio en delegación do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a adoptar por UNANIMIDADE o 10/10/2019 o seguinte acordo:

“Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a tramitación da ampliación do recinto feiral de Vigo como proxecto público de urxencia e de excepcional interese público, ó amparo da Lei 3/2016, de 1 de

marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese.

En consecuencia, unha vez redactado e supervisado o proxecto técnico, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo único da Lei 3/2016, dar traslado á Consellería de Economía, emprego e Industria, como entidade competente por razón da materia, do proxecto técnico de ampliación das instalacións do recitnto feiral, solicitando o inicio do procedemento previsto no artigo citado.”

O dito acordo foi reiterado e ratificado por unanimidade dos membros do padroado na sesión extraordinaria celebrada o 30 de decembro de 2019.

Compre lembrar que este mesmo procedemento, lei 3/2016, foi utilizado para permitir a anterior ampliación do IFEVI executada en 2018. Ninguén debería dudar tampouco, como aconteceu na ampliación anterior, da necesidade de utilizar o mecanismo mais áxil e rápido para permitir que CONXEMAR conte con mais espazo na convocatoria de 2020.

Como coñece a Xunta de Galicia, tanto a ampliación tramitada pola lei 3/2016 no 2017, como a ampliación do IFEVI que agora se presenta, ocupan unha superficie maior ca establecida para este sistema xeral no anulado pxom do 2008. Isto quere dicir que aínda no caso de que o PXOM do 2008 estivera en vigor, ou que este ámbito fora incorporado na ordenación provisional aprobada definitivamente polo Concello de Vigo, nin a ampliación do 2017 nin a agora proxectada, terían cobertura legal con ese planeamento. Resultaría, polo tanto, necesaria a tramitación dun procedemento específico (o mais rápido e áxil dispoñible é a aplicación do procedemento establecido na lei 3/2016) para poder aprobar os proxectos de ampliación, expropiar terreos situados fora do ámbito previsto no PXOM do 2008 para o sistema xeral do IFEVI e executar dita ampliación.

A Xunta de Galicia en lugar de dilatar o tempo de tramitación, debería implicarse neste importante obxectivo poñendo os medios técnicos e económicos para facer posible esta ampliación do IFEVI en 2020. O Concello de Vigo comprométese a realizar toda a tramitación municipal coa urxencia, axilidade e dilixencia que un proxecto excepcional e de indubidable interese público como este merece.

A urxente ampliación do IFEVI precisa a expropiación de 11.337m² de terreo, segundo consta no proxecto remitido polo padroado do IFEVI a Xunta de Galicia. Terreos e bens e dereitos afectados nos mesmos para os que o equipo redactor do proxecto estima un custe de uns 200.000 €. Custe de expropiación que o Concello de Vigo asume e para os que dispón dos recursos necesarios. De tal xeito que instamos a Xunta de Galicia a poder executar de forma inmediata a ampliación do IFEVI, cuestión pola que solicita, como acordou o padroado do IFEVI o 30 de decembro de 2020, a tramitación conxunta da Lei 3/2016 e da declaración de urxente ocupación dos terreos afectados.

O Concello de Vigo reitera o interese público de ampliar o IFEVI e a urxencia na execución dun proxecto que ten que estar rematado no 2020. Para conquistar este obxectivo propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a tramitar conxuntamente a ampliación do IFEVI polo procedemento establecido na lei 3/2016, declarar a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e establecer a prevalencia dos intereses da ampliación sobre o interese forestal dos terreos afectados.
2. Instar á Xunta de Galicia a licitar de inmediato as obras da ampliación do IFEVI. Obras que adxudicará unha vez aprobada a ampliación pola lei 3/2016.
3. O Concello de Vigo comprométese a realizar as expropiacións e a urxente ocupación dos terreos. Ditos terreos serán postos a disposición da Xunta de Galicia para permitir a execución das obras.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Hoxe traemos a este Pleno municipal unha moción na que sinceramente espero o apoio de tódolos grupos porque si algo é bastante indiscutible desta cidade é a importancia que ten a Feira de Conxemar, o sector pesqueiro, a importancia do sector pesqueiro e a visibilidade de Vigo como cabeceira dese sector pesqueiro pónse de manifesto nunha feira como Conxemar, Conxemar que ademais promove unha actividade económica na cidade e na área do seu contorno evidente tamén porque só temos que ver a ocupación hostaleira que temos nos días de celebración desa feira, pero máis alá do impacto económico directo e positivo que ten sobre a actividade económica de Vigo a visibilidade do sector pesqueiro dende logo ten como a súa principal mostra a feira de Conxemar, polo tanto, si Conxemar está advertindo da necesidade de ampliar o espazo como medida ademais para evitar a deslocalización desa feira cara outros lugares, cara o norte de Portugal ou cara outras partes de España, pois é unha responsabilidade para todos nós procurar que demos cumprida satisfacción ás necesidades de espazo que ten esta feira, que como saben aínda que xa tivo unha primeira ampliación materializada e xa dispoñible no ano 2018, si é certo que moitos expositores quedaron fora desta feira que se celebrou o ano 2019 e que pretenden

polo tanto poden darlle encaixe para este ano 2020. Para iso temos que facer moitas cousas, e obviamente temos que axilizar moitos trámites, por iso pois o propio Padroado do IFEVI que é onde ten que ampliarse esa instalación tomou o acordo xa alá polo mes de outubro, o 10 de outubro, tomou o acordo de ampliar esa instalación e ademais de solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a tramitación da ampliación do recinto feiral de Vigo como proxecto público de urxencia de excepcionalidade interese público ao amparo da Lei 3/2016, de 1 marzo, a denominada Lei Vigo, o mesmo procedemento, idéntico procedemento que se utilizará na ampliación anterior, por certo, ese padroado do IFEVI o presidía unha Directora Xeral da Xunta de Galicia, pero ademais o Padroado do IFEVI volveuse a reunir a finais de decembro do 2019, o 30 de decembro para tomar coñecemento dese proxecto e para volver a reiterar idéntico acordo, nese caso era presidido ese padroado do IFEVI polo Secretario Xeral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pois ben, a pesares deses acordos e da obvia necesidade de utilizar a Lei Vigo para poder ampliar o IFEVI, pois existiu unha serie de debates estériles na miña opinión, e digo estériles porque calquera que colla o Plan do ano 2008 anulado, pode comprobar como o recinto do IFEVI, denominado dotacional e sistema xeral, tiña exactamente a mesma pegada, o mesmo ámbito, delimitación que ten a parcela IFEVI, é dicir, nin a ampliación executada no 2017 estaba prevista nin dende logo a ampliación que agora se pretende estaba prevista, polo tanto, aínda que o Plan do 2008 non fora anulado para facer estas ampliacións habería que utilizar un instrumento por exemplo como a Lei 3 que afortunadamente dispoñemos del.

Polo tanto, dicía un debate estéril, agora ben, digamos que a Xunta de Galicia caeu da burra, xa se deu conta de que non podía seguir poñendo atrancos porque a presión política-social e económica da cidade de Vigo así a impoñía e decidiu iniciar a tramitación da Lei 3, perdendo 20 días, estivo 20 días cos papeis postos enriba da mesa, o Concello de Vigo ao día seguinte a recibir a documentación solicitando o informe municipal, publicou no diario de maior tirada da cidade, o inicio da tramitación e información pública deste proxecto que ten un prazo de 20 días, ademais publicou a relación de bens e dereitos afectados para poder facer as expropiacións de xeito inmediato, uns 11.000 metros cadrados que se precisan expropiar, e ademais ten os recursos para poder pagar esas expropiacións, pero

pedimos algo máis da Xunta de Galicia, porque o compromiso ten que evidenciarse en que a obra estea rematada este ano, para iso hai que facer moitas cousas, unha delas licitar a obra e a obra se pode licitar porque teñen o proxecto executivo xa supervisado, polo tanto, que pedimos á Xunta de Galicia, que licite a obra de xeito inmediato, adxudicará unha vez aprobada a Lei 3 como fixo na estación de autobuses que temos a carón do proxecto Vialia, lle pedimos idéntico compromiso.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Ben, expresar a nosa concordancia con esta moción que imos a votar favorablemente porque tamén recolle ou responde ao compromiso que o Bloque Nacionalista Galego temos, un compromiso firme para garantir que a necesaria ampliación do IFEVI que permita dar continuidade a Conxemar como una feira de referencia internacional como un verdadeiro tractor económico e que nos permita tamén polo tanto, referenciar á propia cidade de Vigo nun sector que en Galicia representa 15.000 postos de traballo e 8.000 millóns de euros de facturación. En todo caso si que quero expresar a preocupación pola ausencia dunha partida orzamentaria nos orzamentos da Xunta de Galicia que efectivamente permita, asegure que esta ampliación imprescindible se poida acometer, o que si queremos comentar dende o Bloque Nacionalista Galego é dende logo expresar a nosa estupefacción diante dun espectáculo lamentable que vivimos nas últimas semanas, non? En teoría tódolos grupos políticos que estamos en representación deste Pleno estamos de acordo, é dicir, a Xunta de Galicia do Partido Popular e o Concello de Vigo cun goberno do Partido Socialista están de acordo na ampliación do IFEVI, entón que explica que levemos semanas neste culebrón onde había fluxos e refluxos, onde había declaracións e contradeción, onde ao final se acaba facendo o que se sabía que había que facer, non, e dende logo a pregunta é por que estivo demorando a Xunta de Galicia do Partido Popular esta cuestión porque nos estivo entretendo neste debate ficticio que acaba de explicar de maneira bastante clara a concelleira a Sra. Caride a respecto de como é a fórmula legal que permite o desenvolvemento deste proxecto, non será que como non teñen partida nos orzamentos de 2020 o que están a intentar en todo caso este proxecto non se execute neste exercicio, poñendo en xaque unha situación moi preocupante a continuidade de Conxemar onde todos/as sabemos que hai algúns competidores importantes que queren

disputar ese espazo, nós dende logo seguiremos defendo con firmeza o apoio a esta ampliación e dende logo o apoio a Conxemar.

SR. PÉREZ CORREA: A memoria é bo exercitala e ademais é saudable, cando nós nos opuxemos a Lei Vigo no Parlamento de Galicia e cando dixemos que o que habería era unha arbitrariedade por parte da administración que a exercita, nos quedamos cortos porque efectivamente a Xunta de Galicia activa ou desactiva esta lei dependendo do seu interese moitas veces electoral, e cando quere se activa ou se anuncia e cando non hai unha necesidade pois non se fai e iso significa como foi todo o trámite da famosa Lei Vigo, aprobar a nova Lei do Solo, logo pretender en trámite parlamentario cando xa estaba esgotado o período de emendas que fora posible por acordo dos grupos no Parlamento de Galicia, naquela altura Alternativa Galega Esquerda foi o grupo que dixo que non, que non se podía tramitar dende esa vía, todo esta improvisación sobre unha lei, que seguimos pensando que se colle con papel de fumar a súa consistencia xurídica, significa que un criterio que era perfectamente aplicable hai un ano, ano e pico, dous anos, na anterior legislatura para facer unha ampliación do IFEVI agora parece que pon tódalas trabas e problemas do mundo, cal é problema? É certo que no actúa sobre o mesmo terreo, é certo que hai un informe de AENA porque entra dentro do dominio de navegación aérea, tódalas cuestións que se queiran poñer enriba da mesa pero isto é un tira e afrouxa entre o Partido Popular e o Partido Socialista, entre a Xunta de Galicia e o Concello por cuestións que son de mero calco político electoral ou que queiran vostedes poñer enriba da mesa, pero dende logo nunca dun interese da propia feira, e voulle dicir unha cousa, o único que enche a rebosar os hoteis de Vigo é Conxemar, é o único, nin sequera O Marisquiño enche tanto os hoteis porque O Marisquiño actúa un novo xeito de entender que son os apartamentos hostaleiros, se os datos non os da afortunadamente vostede nin vostedes, daos Ministerio e son datos públicos que están na enquisa da ocupación hostaleira e é a que máis retorno económico trae a cidade, sen dúbida. Afortunadamente os datos non os damos nós, nin os da o Alcalde porque entón non habería sitio físico para toda a xente que viu a visitarnos este Nadal que supera aos visitantes da Meca que quedan a anos luz dos visitantes de Vigo. Pero vou lendo a moción, eu entendo que Conxemar xa non acepte

subvencións das administracións públicas que rexeitara 100.000 euros que lle daba o Concello de Vigo, ten que estar ata as narices de todos vostedes Conxemar, Conxemar debería de coller e ameazar realmente con marchar desta cidade, porque este é un espectáculo lamentable, que unha industria que afortunadamente é unha industria que aguanta ben os períodos de crise porque o conxelado e a industria da conserva aumenta nos períodos nos que a economía se resinte, estatisticamente, pois é lamentable que esteamos neste tiqui, tiqui e ademais que as improvise, unha segunda ampliación en menos dunha lexislatura dunha infraestrutura que se supón central, non estarán a facer vostedes remendo tras remendo a agora amplo e agora tiro para aquí, ao mellor hai que facer un replantexamento global da infraestrutura, comezado polos accesos, porque un dos motivos cada vez de máis crítica por parte de toda a xente que ven a Conxemar é bloque permanente dos accesos a Conxemar porque non se quere e aquí entra o goberno central no que lle corresponde as súas infraestruturas, entra o goberno autonómico, entrará o goberno local, o caos permanente aos accesos a Conxemar que no IFEVI de Madrid sabían e o solventaron con novos accesos por que sabían que se xogaban moitas feiras internacionais, poñan claro cal que é o problema de Conxemar, porque a Lei de Vigo se puido aplicar tamén a un ámbito de ampliación do recinto e agora non, o que pasa é que veñen unhas eleccións autonómicas e creo que este mal endémico vai a ser a peor, ao mellor ao Sr. Feijóo lle apetecía anunciar o proxecto pois xa máis cerca da convocatoria electoral, ao mellor están esperando a facer un gran acto alá arriba e o Sr. Feijóo, pois entón o Partido Popular se equivoca de estratexia política e o digo porque eses anuncios en tempo electoral e aí aplíquense o conto todos, moitas veces ao final quedan en xa pasou a romería e polo tanto, pasou o día.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Neste asunto compre falar claro, se Vigo tivese PXOM o IFEVI xa estaría en obras, así de claro, non me refiro ao PXOM do 2008 ao que vostede meteu nun caixón dous anos e logo se anulou, non me refiro a ese, non, o PXOM anulouse hai cinco anos Sra. Caride, tempo de abondo tivemos de ter un PXOM novo, actualizado, que permitise a ampliación do IFEVI, cinco, dezasete concelleiros na lexislatura anterior, vinte neste lexislatura incapaces de presentar un papel do PXOM, cinco anos despois da anulación do PXOM non hai un papel Sra.

Caride, tiñamos que ter un PXOM actualizado, 5 anos despois e poderíamos facer a ampliación cunha licenza municipal, que me fala do PXOM do 2008, onde vai o PXOM do 2008 que o deixou morrer meténdoo nun caixón e 5 anos despois non hai un papel, atención, 5 anos despois, 2015-2020 non hai un papel, se vostede se puxera a traballar dende o minuto un, dende que se anulou o PXOM, hoxe teríamos un documento aprobado definitivamente, claro que si, teríamos un documento que prevese a ampliación do IFEVI Sra. Caride, leva 10 anos de concelleira, balance, cal é o balance da Concellería de Urbanismo dende que está a Sra. Caride, vivendas protexidas das que ían no PXOM do 2008? ningunha, PXOM? Nada, non hai nada, un urbanismo paralizado e ademais unha cousa increíble, co prezo da vivenda superior aos tempos da burbulla inmobiliaria, iso é un récord, increíble. O urbanismo desta cidade vive da respiración asistida da ordenación provisional que lle facilita a Xunta de Galicia, mantense a flote, co salvavidas da Lei 3/2016 que é o instrumento que fixo a Xunta de Galicia para que Vigo non se paralizase, serviu para o IFEVI, serviu para a Intermodal, sirve para a Seara, e que dicir da ordenación provisional, outro instrumento tamén que se fixo nunha lei de medidas para que a cidade non quedase paralizada, levamos dúas xa, a da ordenación do Cruceiro e da propia cidade, están adictos e son adictos ás medidas excepcionais, teñen dependencia das medidas da Xunta de Galicia, son xuntadependentes crónicos, IFEVI, que o arranxe a Xunta de Galicia que non hai plan, Ordenación do Cruceiro, que o arranxe a Xunta de Galicia que non hai plan, a ordenación da cidade, anulouse o Plan, que o arranxe a Xunta de Galicia, peonalizar o paseo de Alfonso que o arranxe a Xunta de Galicia, pavillón de Matamá a Xunta de Galicia, accesos a Párroco Don Camilo a Xunta de Galicia, para que están vostedes aquí, a política social que lla faga a Xunta de Galicia tamén, e as obras nos colexios que as faga a Xunta de Galicia, claro que si, moción tras moción, Pleno tras Pleno, son incapaces de gobernar senón teñen axuda exterior, son incapaces de executar planeamento, son incapaces de instalar medidas se non contan co salvavidas da Xunta de Galicia, co instrumento de Ordenación Provisional e coa Lei de medidas urxentes, son xuntaadictos, iso é que lles pasa, teñen dependencia, porque non son capaces de xestionar, 5 anos esperando por un papel do PXOM, mi madre. A Xunta de Galicia, falemos do IFEVI, a Xunta de Galicia está a cumprir o compromiso acordado no Padroado do IFEVI, o Sr. Feijóo non vai anunciar nada electoralmente,

díxoo no día que se celebrou a feira de Conxemar, e anunciou alí que se ía facer a ampliación, díxoo alí, presentouse o proxecto, aprobouse o proxecto está en información pública e se está avanzando nese compromiso, o que ten que facer o Concello é cambiar de actitude e facer algo, Sra. Caride, déanos algo, un documento de Plan Xeral, calquera cousa nos vale, levamos tanto tempo esperando, son incapaces. A mellor maneira de demostrar o compromiso do Concello é enviar á Xunta de Galicia toda a documentación da que dispón, tamén o informe de Aena, que di ese informe? Algún día verémolo, fronte as trabas do Concello a Xunta de Galicia ten claro que hai que ampliar o IFEVI e se fixo unha primeira ampliación, fíxose unha segunda e vaise a facer unha terceira, investiuse no ano 2018, 4 millóns de euros, facemos o que di as empresas e o que din Conxemar e agora hai un proxecto programado en 7 millóns de euros, nós cremos no IFEVI cremos nos eventos que organiza, que non só é Conxemar, tamén Navalia, Mindtech e tamén outros que o Concello facía e agora xa non fai.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Supoño que alguén cre que berrar é ter razón pero a verdade é que non, degraciadamente para vostede Sr. Marnotes non, estamos aquí para falar do IFEVI e da ampliación do IFEVI, e a cuestión é moi sinxela, supoño que o Partido Popular vai a votar a favor desta moción, e esta moción significa que máis alá desas palabras de suposto apoio da Xunta de Galicia cando a realidade é que na ampliación do IFEVI a xente sempre vai a remolque, é dicir, cando a presión social, política, económica de Vigo lle pon as pilas e lle di que xa non aguanta máis, entón non lle queda máis remedio a pesares de non estar de acordo que actuar, e a cuestión fundamental eu creo que tamén a dicía o Concelleiro non adscrito, a cuestión é por que se negan, por que atrasan, por que paralizan, por que teñen os papeis parados, pois sabe vostede porque é, pois porque non teñen os 5 millóns de euros para facer esta ampliación entón o único que temos que facer que é este acordo que é bastante sinxelo porque compromete ao Concello e a Xunta de Galicia, o Concello se compromete a facer as expropiacións e ten os recursos para facelo, unha estimación de 200.000 euros, o que pedimos é que se aprrobe este proxecto pola Lei 3 e ademais se tramite urxente a ocupación dos terreos, cousa que a Xunta de Galicia aínda non dixo, pero algo máis importante, que licite esta obra e que a licite xa porque os trámites da licitación e adxudicación

poden solaparse ao trámite da tramitación administrativa da Lei 3 e iso si que non paralice, mire, na vez anterior para tramitar a Lei 3 tardou a Xunta de Galicia no global 8 meses, mes e medio pasou facendo un informe que agora xa lle facilitou o IFEVI, aos tres meses de mandarlle a un departamento en concreto da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Patrimonio ese proxecto, pediulle ao Concello que dixera se había algunhas ruínas que foran de interese, o Concello ao día seguinte respondeu, polo tanto, máis que perder tempo, os propios organismos da Xunta de Galicia deberían axilizar o procedemento. Mire, eu non vou a falar con vostede dos temas que vostede quere falar e non son propios desta moción, só lle direi que a Xunta de Galicia tivo que facer unha ordenación provisional e unha Lei denominada Vigo, para intentar paliar os efectos de non permitir ao Concello de Vigo utilizar a vía "Parejo" para recuperar o Plan do 2008, polo tanto, vostede sabe perfectamente que a paralización do urbanismo galego fixo a Xunta de Galicia e despois quixo apuntarse un mérito, agora ben, se o Concello que ten xa como vostede sabe 25 millóns de metros cadrados activos da ordenación provisional tramita lentamente, como lle chama vostede a tardar 10 anos para facer un centro de saúde en Bouzas, como lle chama a tardar 12 anos en facer un Plan Parcial para Navia, como lle chama vostede, é dicir, é unha vergoña, a maior cidade de demanda de vivenda protexida de Vigo non ten un euro de investimento da Xunta de Galicia nesta cidade, a única que se fai son de promocións do Concello de Vigo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente).

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular

señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2020 (Rex. Nº 2322/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(8).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SUBSCRIBIR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA DELEGACIÓN DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2323/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2020, número 2323/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Álvarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Para o presidente da Xunta, a campaña electoral das autonómicas de 2020 comezou fai meses, basta con ver as continuas insercións publicitarias da Xunta nos medios de comunicación públicos e privados.

Pero a intensidade da mesma medra cada día, Feijóo utilizou, o pasado martes 14 de xaneiro, a entrega dos premios da Cultura Galega na cidade de Vigo para continuar coa campaña electoral que ven desenvolvendo por toda a comunidade autónoma, utilizando o paraugas institucional do goberno galego. Así anunciou que a Xunta de Galicia ía abrir unha delegación do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), así como diversos espazos de creación artística na cidade de Vigo.

Trasladou que a ubicación destas instalacións culturais se faría en diversos espazos propiedade do Consorcio do Casco Vello de Vigo. Esta decisión anunciado mostra unha vez mais, que tamén na cultura, como noutros moitos temas, Feijóo invita pero son os vigueses os que pagan.

É necesario recordar que os fondos patrimoniais do Consorcio non se teñen incrementado con aportacións da Xunta de Galicia dende que Feijóo é presidente da mesma, senón que recollen unicamente o resultado da xestión económica e patrimonial da compra, rehabilitación e posterior venda de propiedades inmobiliarias no casco vello, despois da aportación inicial feita polo goberno presidido por Emilio Pérez Touriño.

Este anuncio, feito polo presidente da Xunta o 14 de xaneiro de 2020, no se ve reflectido en absoluto nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, aprobados no Parlamento de Galicia facía menos dun mes, o 17 de decembro de 2019, o cal mostra unha vez mais a falla de planificación e improvisación deste goberno.

Ante esta nova discriminación da cidade de Vigo, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a subscribir co Concello de Vigo un convenio de colaboración para o establecemento dunha delegación do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) así como diversos espazos de creación artística na cidade.
2. Neste convenio se recollería a obriga por parte da Xunta de Galicia de aportar, mediante compra ou aluguer ao Consorcio de Casco Vello de Vigo, un edificio axeitado para abrir á sede do Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC) cunha superficie expositiva non menor dos 400 m²; así como o compromiso de mercar ou alugar por un prazo de dez anos, tamén ao Consorcio de Casco Vello de Vigo, os dezasete locais aos que se fixo referencia no anuncio da Xunta de Galicia.
3. Así mesmo a Xunta de Galicia consignará nos seus orzamentos unha cantidade non menor de 500.000 euros anuais para o funcionamento e programación cultural da sede do Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC), así como os custe de mantemento e programación dos espazos de creación artística."

DEBATE:

SR. LOSADA ÁLVAREZ: A verdade é que neste Pleno sempre escoita un algunha intervención interesante, na primeira das mocións o voceiro sub 20 do Partido Popular dixo de forma vehemente que se acabou a Cultura, eu lle recomendo que vexa a película "mientras dure la guerra" porque eu creo que reflicte perfectamente o que é a cultura e a dereita neste país, son vostedes herdeiros do que son herdeiros, lles guste ou non, a verdade que se temos que facer un titular desa pirueta político mediática do Sr. Feijóo o outro día na entrega dos premios da Cultura Galega no teatro A Fundación sería entre a propaganda e a chapuza, que

eu creo que se adapta bastante ben ao que ven facendo o goberno da Xunta de Galicia e o seu presidente, sabe perfectamente que vai a perder as próximas eleccións autonómicas, sabe que vai a deixar o goberno e polo tanto, está a desenvolver unha campaña, por certo, pagada con fondos de tódolos galegos/as absolutamente inaudita na vida democrática desta comunidade autónoma, eu lle recomendo aos concelleiros/as do Partido Popular que recollan as páxinas de publicidade pagadas nos xornais o último trimestre ao ano 2019, da Xunta de Galicia, ata con 4 anuncios pagados en cada xornal no mesmo día, insisto, no mesmo día, eu lle recomendo que fagan ese exercicio bibliográfico.

Certamente o día 14 de xaneiro o Sr. Feijóo pois anunciou de maneira solemne que se ía abrir unha delegación do Centro Galego de Arte Contemporánea na cidade de Vigo, mesmo falou de 400 ou 500 metros cadrados, eu tomeime a molestia ao día seguinte por pura curiosidade arquitectónica de ir ver o edificio no que se vai presuntamente a construír ese centro e a verdade agás que haxa unha cuarta dimensión que eu non son capaz de percibir aquilo non ten máis de 100 metros cadrados de planta, insisto, por moito que haxa esa cuarta dimensión que ao mellor o Sr. Feijóo ou o Sr. Marnotes, coñecen.

A verdade que xa fixera algo parecido, aínda que no caso de Lugo o edificio polo menos é máis grande, á finais do mes de decembro na cidade de Lugo, falando tamén dunha sede do Centro Galego nesta cidade. O primeiro que quero deixar claro é que ao goberno de Vigo nos parece moi ben que o Centro Galego de Arte Contemporánea abra unha delegación na cidade, é dicir, espero non escoitar aí que estamos en contra da cultura, dos espazos expositivos, en fin, toda esa sarta de rosario, letanía que acostuman a dicir cando falan dese tema que sempre lle interesou tanto á dereita como é cultura, lembro perfectamente cando o conselleiro de Cultura falaba no Parlamento Galego en vez de falar de Sobrado dos Monxes, falaba de “a buhardilla de los monjes”, textual eh! Pode parecer un chiste dun monologista pero reflicte o interese e a percepción da dereita galega e española polo tema cultural, polo tanto o único que fai o goberno galego e é o que facemos neste moción é loxicamente, non sei se somos xuntadependentes ou xuntadictos, pero lle pedimos que cumpra, por suposto coa cidade, teremos a ocasión de pedirlle que cumpra coas instalacións culturais dependentes do Concello que ten absolutamente esquecidas a Xunta de Galicia, mentres que

noutras cidades galegas apoia de maneira contundente por ser suave e elegante e polo tanto, estou seguro que nese apoio á cultura que o Partido Popular en Vigo, Galicia e en España ven mostrando é verdade que en España axudados cun caxato da extrema dereita de vez en cando, pero bueno que ven mostrando, o único que pedimos é esa colaboración e pedimos un convenio no que se compre ou se alugue o espazo ao Consorcio do Casco Vello de Vigo porque non vaia a ser, como é habitualmente, que a Xunta de Galicia invite e que de novo Vigo pague, claro porque o Consorcio do Casco Vello de Vigo leva dende o ano 2009, cando deixou de gobernar o goberno presidido polo Sr. Touriño, sen incrementar o capital dese Consorcio nin nun euro, poñendo unicamente nos orzamentos o gasto corrente, e polo tanto procedendo a unha progresiva descapitalización dese Consorcio, só fallaría que agora tiveramos que financiar dende o Consorcio a política cultural da Xunta de Galicia.

E por outro lado, pedimos efectivamente eses 400 metros cadrados e pedimos dende logo dotacións orzamentarias porque non hai nin un euro no orzamento aprobado 15 días antes de que o Sr. Feijóo falase disto.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O anuncio da nova sede viguesa do CGAC hai que metelo no seu contexto, nun contexto dunha que se antoxa longa precampaña electoral onde asistimos a un enorme fluxo de visitas en réxime de paracaidistas de conselleiros/as que visitan a cidade, e logo estamos indo xa a promesa por día e a valado ou lona por semana máis o menos son as respostas que se dan por parte do goberno galego ás necesidades desta cidade, propaganda, propaganda e unicamente propaganda, eu creo que o Partido Popular equivócase de cheo desprezando a intelixencia das viguesas/es e pensa que con propaganda, con paracaídismo, con anuncios e promesas as viguesas/es van esquecer a política de total e permanente abandono da principal cidade de Galicia que aplicou durante este anos e que eu estou certo, no Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas de que lles vai custar a saída do goberno galego nas vindeiras eleccións autonómicas.

Nós concordamos coa moción do grupo municipal Socialista e imos votar a favor, formulámoslle en todo caso unha emenda, unha adición para incorporar un novo acordo que sería o de instar á Xunta de Galicia a incrementar ate como mínimo os

300.000 euros a súa achega ao financiamento do Museo de Arte Contemporánea de Vigo e participar con contías suficientes no cofinanciamento do conxunto da rede museística da cidade, non tanto como unha encomenda do goberno municipal senón sobre todo para darlle a oportunidade ao Partido Popular de que demostre se de verdade ten agora un novo compromiso coa cultura en Vigo e polo tanto, falamos de recuperar o nivel de achega que se facía por parte do goberno galego ao Marco ata o ano 2011 e que foi recortada por decisión do Partido Popular e dende logo tamén demandamos un maior compromiso coa rede museística para dinamizala e para darlle unha maior vitalidade, con compromisos, non só con anuncios mediáticos en vésperas dun anticipo electoral.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: A ver si mo permite o estado de saúde, desculpen.

Como é evidente nós estamos de acordo, o anuncio feito polo Presidente da Xunta de Galicia o pasado 14 de xaneiro sobre a creación dunha delegación do CGAC en Vigo constitúe unha manobra táctica, partidista e electoralista descarada, pero probablemente sexa incluso algo máis, quizais se trate do anuncio velado de descapitalización do Marco e da creación dun espazo artificioso que aterra na cidade de Vigo sen un proceso previo de diálogo coa comunidade artística, técnica e intelectual. Efectivamente o proxecto dunha delegación do CGAC en Vigo nin sequera se recolle nos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2021, aprobados efectivamente o 17 de decembro, tan só unha semanas antes e iso amosa non só a falla de planificación por parte do goberno da Xunta de Galicia senón que demostra unha práctica na que o Partido Popular é experto e é tecer e desenvolver por enriba de calquera foro de encontro, de diálogo, de participación, por parte do axentes culturais da cidade, tecer unha rede de influencias e de intereses do Partido Popular, esas son as pretensións do actual goberno da Xunta de Galicia que se interesa tanto polo desenvolvemento e pola consolidación da Arte Contemporánea en Vigo que non se lle ocorre anunciar un incremento da súa achega ao espazo referencial xa existente en Vigo que é o Marco. Por outra banda o goberno local quizais antes de esixir metros cadrados e orzamentos para ese novo contedor de eventos do Partido Popular porque iso é o que será esa delegación do CGAC, si é que se chega a ser algo máis que un mero anuncio electoral, será un contedor de eventos do Partido Popular e non un espazo para a

ampliación das capacidade creativas de toda a cidadanía de Vigo, pois como dicía o goberno local de Vigo quizais antes de esixir metros cadrados e orzamentos no aire porque non hai absolutamente ningún plan desenvolvido para este proxecto, deberían facerse cargo do seu, deberían facerse cargo do que lles compete, preguntouse aquí alguén neste Pleno por que o Partido Popular dende a Xunta de Galicia, a través da Xunta de Galicia, observa unha oportunidade á hora de chantar en Vigo unha delegación do Centro Galego de Arte Contemporánea por que hai unha oportunidade niso? Hai unha oportunidade porque existe unha eiva, no desenvolvemento e na consolidación da arte contemporánea en Vigo e por que existe esa eiva quen son os responsables, dende logo o Partido Popular cando como sinalamos no seu desleixo non atenden, non se compromete como debería co financiamento do Marco pero tamén existe unha eiva cando o goberno local de Vigo abriu a espita das ocorrencias e pretendeu facer do Marco, non nos esquezamos, algo así como unha feira de mostras porque a arte contemporánea lle parecía demasiado conceptual, abstracta para que a entendese a cidadanía e o pobo de Vigo. Lamentablemente, por tanto, o goberno local non está en condicións de esixir absolutamente nada en materia de arte contemporánea e non só ao que se refire a calquera proxecto expositivo porque onde está a rede museística de Vigo, que acontece e sobre todo que vai acontecer co baleiro Verbum por que non se dinamiza a asistencia e a participación na pinacoteca, por que non escoitaron vostedes, non dialogaron, non se reuniron co tecido artístico, intelectual, técnico desta cidade cando se estaba a demandar o centro de fotografía para o contedor que vostedes van a adicar á Deputación de Pontevedra, vostedes están efectivamente desautorizados, tamén o están porque non respectan os principios fundamentais da axenda 21 para a cultura que debería rexer a súa acción municipal neste sentido, non facilitan o diálogo comprometido cos creadores/as para impulsar o talento, os novos movementos culturais e a posta a disposición de espazos públicos, municipais da cidade como lugares de cultura e lugares de relación e convivencia. En conclusión esta moción desviase do importante, como dicía o Concello o Sr. Font, desviase do importante, esta moción non coloca no centro o compromiso non só necesario senón imprescindible, por suposto do goberno da Xunta de Galicia e tamén do goberno municipal de Vigo coa potencia intelectual, creativa e artística desta cidade.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Cando a Xunta de Galicia inviste en Vigo lles parece mal, cando a Xunta de Galicia non inviste entón hai que instar á Xunta de Galicia e cando inviste tamén hai que instar á Xunta de Galicia, non poñan paus nas rodas, este é anuncio que se vai a converter nunha realidade, por unha razón que hai que dicir aquí porque en Vigo o goberno non ten política cultural, entre as moitas cousas que oín aquí, da voceira de Marea hai algunhas que merecen tamén certa reflexión, que pasa co Verbum, que pasou co Museo de Arte Fotográfica me referín ao principio da sesión plenaria, que se pecha, que quixeron facer co Marco, non hai política cultural, ese é un tema que non lles interesa ese é un tema que non da votos, dan votos outras cousas pero a cultura non da votos e ademais é un sector que electoralmente non lles interesa tampouco, pero a nos nos parece que é bo para a cidade, que se abra unha delegación do Centro Galego de Arte Contemporánea que é un dos mellores museos públicos de Arte Contemporánea de España, nós parece ben, dicía vostede Sr. Losada que a vostede tamén lles parece ben pero logo fai toda unha intervención poñendo paus nas rodas e criticando este anuncio, pos vaise facer unha delegación do Centro Galego de Arte Contemporánea en Vigo e vostedes sábeno, claro que si, claro que saben que se vai facer e lles molesta porque po en evidencia efectivamente unha falla de política cultural neste Concello, que o teñen abandonado, que aquí os museos péchanse, fora a cultura que veñan as oficinas, iso xa o dixemos antes, queremos despachos non queremos museos, iso é o que pasa neste goberno, entón o que non entendemos é cal é obxectivo desta moción se están tan de acordo, que non é outro que paus nas rodas, dicir isto ao mellor non se fai, queremos un convenio de colaboración, non nos imos opoñer á moción, nos imos a abster, non imos votar en contra pero convenio de colaboración? Para que valen os convenios de colaboración que ten asinados o Concello coa Xunta de Galicia, para que valeu o para o hospital para facer os accesos, para que valeu o convenio para adherirse ao transporte metropolitano, para nada, a Xunta de Galicia fai investimentos en Vigo e cando os fai non necesita asinar un convenio de colaboración, cando hai intención real de facer as cousas, non fai falla facer un convenio para facer a Cidade da Xustiza, como non fai falla para facer o Centro de Saúde de Bouzas, como non fixo falla para facer outros investimentos, pois aquí queremos un

convenio de colaboración, nós non poñemos problema ningún, nós o que queremos que ademais tampouco entendemos porque ven esta moción ao Pleno, para dicir que, que lles parece ben pero que, pero é electoral pero a que ven o Presidente da Xunta de Galicia aquí, que son paracaidistas, a ver, imos ter un pouco de seriedade, é un anuncio bo para Vigo, fíxose nun momento idóneo que foi cando se fixo un acto que foi a entrega dos premios da Cultura de Galicia que por primeira vez faise na cidade, que estaremos todos de acordo, estará ben tamén, reunir ao mundo da cultura de Galicia na cidade de Vigo, que está sedenta de eventos culturais, estamos famentos de actividade cultural na cidade porque non hai, andamos a outras cousas. Ten vostedes Sr. Losada, Conselleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá o touciño e a velocidade, díxenllo unha vez e vólvollo a dicir hoxe, ten vostede tres anos e medio por diante para facer realidade política cultural na cidade, nós imoslle dar ese voto de confianza, vimos os antecedentes e nos preocupan pero nós ímolles dar un voto de confianza, ten tres anos e medio para demostrar que hai política cultural e unha aposta pola cultura na cidade dende a súa concellería, unha aposta porque os museos non pechen, por que se abran, que teñan contidos, eventos, que se movan e que efectivamente a xente do sector cultural participe desa dinamización cultural nós cremos que é unha noticia positiva e imos como digo, esperamos que se materialice pronto o que pide vostede no súa moción coincide exactamente co anuncio que se fixo, os 400 metros cadrados, o investimento, etc. é exactamente o que se anunciou e o que se vai facer, estamos perfectamente alineados nese sentido, o que non entendemos é xa se estea a dicir ou poñendo en dúbida a intención con que se fai este proxecto ou a verdadeira execución de que se vai facer ou non, que se vai facer, vostedes sábeno que é o que lles preocupa, que hai unha intención seria e efectiva de apostar polo mundo cultural nesta cidade por parte do goberno da Xunta de Galicia, a vostedes lles preocupa pero como lle dixen antes son xuntadependentes, e en temas culturais aínda máis e aí lles vai outra dose e esta ben grande, unha delegación do Centro Galego de Arte Contemporánea.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: Primeiro agradecer ao Sr. Marnotes a rebaixa de decibelios que sempre me permite pensar con maior fluidez.

Primeiro, Sra. Méndez, levo 9 meses reuníndome con absolutamente todas as persoas que me solicitaron unha entrevista e senón eu lle reto a que me diga unha soa que me solicitara unha entrevista e que non me reunín con ela, polo tanto, eu non sei a participación, non sei exactamente a que se refire vostede pero era aproximadamente o mesmo co que se reunía o goberno municipal de A Coruña cos creadores da cidade de A Coruña? Pregunten, estaría ben que preguntaran. Insisto, absolutamente con tódalas persoas que me solicitaron unha entrevista, con todas, polo tanto eu creo que esas afirmacións gratuítas e se non lle reto, vólvolle a repetilo a quen me ensine unha soa solicitude non respostada, só unha, rétolle a que a ensine no Pleno, no próximo ou no seguinte, agora que non teño capacidade adivinatoria nin poderes paranormais, iso non o teño, láméntoo ao mellor hai que estar na esquerda alternativa rupturista para telo.

Sr. Pérez Iglesias, imos a ver, concordo plenamente no tema do incremento da subvención da Xunta de Galicia ao Marco pero non quero sacar o foco do tema dese anuncio do Centro Galego de Arte Contemporánea, de feito, traeremos iniciativas sobre a necesidade de que efectivamente a Xunta de Galicia cumpra, entre outras cousas para que pague o que debe porque aínda non pagou os 100.000 euros, polo menos antonte, o luns, non pagara os 100.000 euros correspondentes ao ano 2019, co cal está moi ben que anuncien o Centro Galego de Arte Contemporánea pero probablemente estaría mellor que pagasen o que deben, e dende logo, efectivamente a Xunta non só utilizou ao Marco dunha maneira electoral senón que por exemplo no ano 2004 coa chegada da Sra. Porro á Alcaldía, incrementou en 80.000 euros a dotación ao Marco o cal nos pareceu moi ben, que inmediatamente chegou o goberno presidido por Sr. Caballero foise reducindo progresivamente, algún ano cero euros, ata os 100.000 euros actuais, co cal o compromiso coa arte contemporánea o que é a creación, Sr. Marnotes, vaime permitir en fin, non me permita case nada, o que si me permita é a chapuza porque mire eu non sei se vai facer, pero o que sei obxectivamente é que nos orzamentos aprobados tres semanas antes do anuncio do Sr. Feijóo, en Vigo non hai un euro, como non había un euro aínda foi peor o caso de Lugo porque o anunciou antes de aprobar os orzamentos e logo non había nada nos orzamentos, ou sexa que non se rían dos vigueses, dos lucenses, do conxunto dos galegos, non se rían da xente, non se da conta que é rirse da xente, vostede foi un alto cargo do

gobierno galego, sabe perfectamente que o que non está no orzamento non existe, por moitas roldas de prensa que o Sr. Román Rodríguez, o Sr. Feijóo e a Sra. Porro dean na cidade ou na conchinchina, non existe, por certo, non debe de ir tan mal o tema da política dos museos de Vigo porque o número de visitantes no último ano foi de 265.000 visitantes, os museos da Xunta de Galicia en toda Galicia tiveron 350.000, é dicir, só un 25% máis.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda do concelleiro non adscrito non se admite.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente).

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2020 (Rex. Nº 2323/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Álvarez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(9).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DOTAR A VIGO DO NÚMERO DE PRAZAS RESIDENCIAIS PÚBLICAS PARA PERSOAS MAIORES QUE RECOMENDA A ORGANIZACIÓN MUNDIAL DA SAÚDE, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2324/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2020, número 2324/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción de la Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, regula as condicións básicas que garanten a igualdade no exercicio do dereito subxectivo da cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

A atención ao colectivo de persoas maiores convírtese, pois, nunha obriga ineludible para os poderes públicos e require dunha resposta firme, sostida, equilibrada e xusta por parte das administracións competentes. A administración competente nesta materia é o goberno autonómico da Xunta de Galicia, concretamente, a Consellería de Política Social, a través da súa Dirección Xeral de Persoas Maiores e Persoas con Discapacidade.

Galicia é a segunda comunidade autónoma máis envellecida de España, segundo datos do INE, con 195 maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16 anos.

Segundo o Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, no ano 2019 Galicia contaba con aproximadamente 20.000 prazas en residencias de persoas maiores, das que máis do 80% son de titularidade privada.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda cinco prazas por cada cen maiores de 65 anos. A ratio de prazas en Galicia está moi por debaixo desta recomendación e tamén moi por debaixo da ratio nacional, xa que non chega ao 3%. A provincia de Pontevedra aínda empeora ese dato, xa que se sitúa como a provincia coa ratio máis baixa de Galicia.

Na cidade de Vigo hai máis de 65.000 persoas maiores de 65 anos, polo que segundo esta ratio serían necesarias máis de 3.250 prazas para cubrir a demanda existente, sin embargo, a realidade é dramaticamente distinta xa que a Xunta de Galicia solamente oferta na área de Vigo 604 prazas, das máis de 3.000 que tería que ofertar, o que supón escasamente o 0,9% do total do 5% que recomenda a Organización Mundial; moi lonxe da media nacional que acada o 4%.

O último informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes elaborado polo Consello de Contas deixa en moi mal lugar as políticas do Goberno de Feijoo nesta materia, denunciando a escasez de prazas para a demanda que existe, poñendo de manifesto as longuísimas listas de espera: máis de 450 días para o recoñecemento do dereito (case o dobre dos 6 meses máximo que marca a lexislación vixente) e despois máis de 150 días ata conseguir o ingreso efectivo nunha residencia, o que supón unha espera de máis de 15 meses para así como a marcada privatización da oferta de prazas: só o 20% das prazas son de titularidade da Xunta de Galicia, el 80% son de titularidad privada.

O informe chama a atención tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cunha xestión privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, deficiencias nos protocolos de funcionamento, graves irregularidades nos rexistros e cumprimentos de horarios, etc.

No caso de Vigo existen reiteradas denuncias públicas dos traballadores e usuarios de diversas residencias que teñen prazas concertadas coa Xunta de Galicia, sen que ata o de agora se teñan tomado medidas por parte do goberno galego.

Por todo o exposto anteriormente, os concelleiros e concelleiras do grupo municipal socialista propoñen ao Pleno da Excm. Corporación Municipal que adopte o seguinte:

ACORDO

1) Instar á Xunta de Galicia a que dote de forma urxente á cidade de Vigo do número de prazas residencias públicas para persoas maiores que recomenda a Organización Mundial da Saúde, iniciando de forma inmediata a construción dos centros tan repetidamente prometidos ao longo dos anos.

2) Instar á Xunta de Galicia a elaborar de forma inmediata un plan de choque para paliar as listas de agarda que superan, ata que a persoa maior accede a unha residencia, os 15 meses.

3) Instar á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias en materia de inspección, control e, no seu caso, sanción das graves irregularidades que se denuncian nas residencias tanto públicas como privadas, froito dos recortes en materia de recursos humanos, medios técnicos e asistencias.”

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: Galicia é a segunda comunidade autónoma con persoas envellecidas de España, 195 maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16,

aproximadamente o 23% da poboación galega ten máis de 65 anos, segundo diversos informes no ano 2029 esa porcentaxe incrementarse ata chegar ao 30%, segundo o rexistro único de entidades prestadores de servizos sociais no ano 2019, en Galicia existían en torno a 20.000 prazas en centros residenciais para persoas maiores en Galicia, ademais segundo diversos informes a esperanza de vida era no ano 2016 de 86 anos para as mulleres e de 79 para os homes, pois ben a Organización Mundial da Saúde recomenda que deben existir cando menos 5 prazas por cada 100 maiores de 65 anos, a ratio de prazas de Galicia está ben por debaixo desta cifra e desta recomendación porque non chega nin sequera ao 3%, entre públicas e privadas, a provincia de Pontevedra aínda ten unha situación máis dramática xa que se sitúa como a provincia coa ratio máis baixa de toda Galicia, é dicir, estes datos sitúan a Galicia á cola da España en número de prazas residencias para persoas maiores o cal é dramático tratándose ademais dun servizo que debería de ser de proximidade, procurando que as persoas maiores e dependentes non sexan afastadas das súas familias e dos seus fogares. Na cidade de Vigo esta situación alcanza tintes moi preocupantes, en Vigo existen na actualidade máis de 65.000 persoas maiores de 65 anos, polo que segundo esta ratio deberían existir en Vigo 3.250 prazas para cubrir a demanda existente, nembargantes a realidade como digo é dramaticamente distinta xa que a Xunta de Galicia só oferta na área de Vigo 600 prazas das máis 3.000 que tería que ofertar o que supón escasamente o 0,9% do que esixe, insisto, a Organización Mundial da Saúde.

O último informe de fiscalización do Consello de Contas ademais é digno de ser lido porque deixa en moi mala situación a política do Sr. Feijóo nesta materia, pon de releve este informe a escaseza de prazas públicas, a priorización de prazas privadas sobre as públicas, as largas, longas listas de agarda para obtención do recoñecemento do dereito, máis de 450 días ten que esperar unha persoa maior para ser valorada e para ter recoñecido o dereito a acceder a una praza, e despois deses 450 días aínda ten que esperar 150 días máis para poder ocupar a praza que ten recoñecida, é dicir, 20 meses para que unha persoa maior vulnerable poida acceder a esa praza, pero é que ademais en Vigo ten o agravante de que como non existen prazas vacantes esas persoas maiores están sendo desprazadas a outras provincias a máis de 160 quilómetros dos seus fogares e non o digo eu, é

dicir, estes datos teñen nomes e apelidos e teñen rostro como é o caso de Mercedes unha persoa maior que morreu soa nun hospital de Lugo porque a súa filla Inés non foi quen de chegar a tempo de acompañar a súa nai moribunda porque tiña que percorrer dende Vigo 160 quilómetros ata chegar a residencia na que agonizaba a súa nai e esa é a situación que temos neste momento na cidade de Vigo, pero digo algo máis, non só o Consello de Contas lle sube as cores á Xunta de Galicia e que o Consello de Bioética tamén reflicte este fracaso das políticas privatizadoras do Sr. Feijóo porque despois de 12 anos do goberno do Sr. Feijóo en Galicia, Galicia está á cola do Estado en prazas residenciais no que atinxe ademais a oferta estritamente pública hai que dicir que a ratio é vergoñenta, unha praza por cada maior de 65 anos, non o 3% que ten a media de Galicia, o 1% no caso de Vigo, e esta é a situación por iso instamos á Xunta de Galicia a cumprir con Vigo dunha vez, a construír as prazas residenciais que son imprescindibles nesta cidade para non seguir afastando aos nosos maiores a outras provincias e que ademais se poña remedio cun plan de choque ás listas da agarda de máis de 20 meses para acceder a unha praza nunha residencia de maiores.

SR. PÉREZ IGLESIAS: É claro que inacción da Xunta de Galicia e os recortes que o Partido Popular impuxo no seu momento a nivel estatal para o desenvolvemento das políticas de dependencia teñen un efecto brutal nunha poboación vulnerable como son as persoas maiores con dependencia e por iso asistimos infelizmente con certa frecuencia a noticias de xente maior que morre soa na súa casa ou que pasa tres días achantada no chan da súa cociña sen poder moverse por causa dunha caída e é o reflexo da falla dunha política social efectiva que atenda como é debido ás nosas persoas maiores, non. Nese sentido dende o Bloque Nacionalista Galego concordamos coa proposta de moción do grupo municipal Socialista, ao que lle trasladamos en todo caso unha emenda de adición que non sexa motivo para rexeitala que o propoña o Bloque Nacionalista Galego, en todo caso se queren atender a este non mantén ao mensaxeiro se concordan co obxecto das emendas e esta emenda o que propón é que instemos á Xunta de Galicia a despreparar no marco das súas competencias, políticas destinadas á atención á dependencia reforzando os seus servizos, axilizando na liña do que apuntaba a Concelleira o procedemento de valoración e resolución para que non teñamos que asistir a

moitas resolucións “post mortem”, a moita xente que non chega a percibir ou a recibir o recurso ao que ten dereito e tamén a instar a aumentar as prazas de centros de día e tamén a destinar máis esforzos para os programas asistenciais e a posta en marcha dunha rede pública, vivendas tuteladas e asistidas como un recurso intermedio entre o centro de día e a residencia na nosa cidade pensada para as persoas maiores con baixo grao de dependencia e a isto nós queremos engadir o compromiso atinxido no acordo de investidura polo voto decisivo do Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados onde o goberno do Estado se compromete a aumentar ata o 50% o financiamento da Lei de dependencia, reverter os recortes que se aplicaron dende o ano 2012 e atender tamén ao criterio de avellentamento e de dispersión xeográfica que tanto afectan a Vigo singularmente e tamén o conxunto de Galicia e que o Bloque Nacionalista Galego co seu voto determinante e coas mans libres no Congreso dos Deputados/as vai facer que se cumpra ese compromiso.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Nós tamén estamos de acordo co sentido desta moción, sabemos que na área de Vigo hai un grave déficit de prazas públicas en residencias para maiores, temos unha das dotacións máis baixas do estado, como explicou a concelleira, este déficit ademais vense arrastrando dende hai décadas e hai que ter en conta que das prazas ofertadas só o 29% son prazas públicas, a Xunta de Galicia leva máis de 10 anos en construír unha residencia pública en Vigo, existindo nestes momentos só tres de titularidade, en concreto público como dicimos e ademais atendendo aos criterios de organización mundial da saúde debería haber polo menos 3.600 prazas para maiores, existen ademais ao redor de 500 persoas en lista de espera que moitas veces se alongan máis alá de tres anos, o cal nos sinala efectivamente unha situación dramática e tendo en conta ademais que o esforzo adoita recaer especialmente nas familias e moi especialmente nas mulleres das familias. A Xunta de Galicia efectivamente ten que dar unha resposta na área metropolitana de Vigo, fallan como mínimo 400 prazas, segundo ademais a Federación de Pensionistas, de sindicatos como Comisións Obreiras e a UXT. Sería necesario entón construír 3 residencias de maiores máis para o que xa existen, aparentemente terreos postos a disposición polo Concello, nembargantes o que vai a construír unha residencia será a fundación Amancio Ortega e cun

investimento efectivamente duns 15 millóns de euros, xerando no noso punto de vista dúbidas sobre se a xestión desa futura residencia será pública ou se será privada, compre lembrar aquí neste punto que Geriavi, a filial de DomusVi con sede en Vigo superou as súas previsións chegando ata os 625 millóns de euros en facturación, un 15% máis do conseguido no ano anterior o que demostra polo tanto, que se está a facer negocio coa atención das persoas maiores.

Ante esta situación ademais queremos sinalar o déficit de profesionais de enfermería, cunhas ratios moi baixas que non permiten ofrecer atención e coidados coa seguridade e coa calidade que as persoas maiores, os nosos maiores merecen, por todo o que acabamos de expoñer, o grupo municipal da Marea de Vigo votará a favor desta moción e anunciamos que na vindeira Xunta de Voceiros de cara ao vindeiro Pleno, propoñeremos a reformulación desta moción de cara a presentala como unha declaración institucional do Pleno do Concello de Vigo.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: No desenvolvemento da súa moción, vostede redacta que a atención ao colectivo de persoas maiores se converte nunha obriga ineludible para os poderes públicos, segundo este relato a administración competente nesta materia é o goberno autonómico da Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Política Social, pero creo que se esquece que no relativo á financiación de atención á dependencia é fundamental contar coa implicación do goberno central, a Lei de dependencia establece que as prestacións deben financiarse ao 50% entre a administración central e a autonómica, actualmente do total que se destina en dependencia Galicia paga tres cuartas partes, un 76% fronte ao 24% que entrega o goberno central, para que o executivo central cumpra co establecido na Lei é preciso que se entreguen 200 millóns de euros máis ao ano cos que Galicia podería dar un impulso histórico á atención da dependencia, pero aínda así sen estar recibindo os cartos correspondente dende a Xunta de Galicia se está a facer tódolos esforzos para que cheguen as prestacións necesarias para tódolos galegos, segundo os datos en Galicia se resolven os expedientes en pouco tempo, tendo en conta o tempo en que transcorre dende que a persoa realiza a solicitude ata que recibe o servizo de prestación, é dicir, na nosa comunidade o tempo de espera dunha persoa dependente se reduxo en tres meses menos que na media de España, un total de 61.000 galegos/as dependentes reciben un servizo de

prestación, esta cifra supón un ratio de cobertura do 87%, 7 puntos por enriba da media nacional, situando a Galicia como a 4 comunidade con maior ratio de atención só por debaixo de Castilla e León, Navarra e Castilla la Mancha. En relación ás persoas valoradas como dependentes e por tanto, en relación á prestación que se está levando por un servizo en Galicia son 8.456 persoas, destas, 1.155 son de Vigo pero temos que ter en conta que a maioría, 800 esperan polo servizo de Axuda no Fogar, unha prestación que financia a Xunta de Galicia pero que xestiona o Concello de Vigo, o cal na actualidade ten máis de 3.100 horas para este fin sen utilizar, cando se lle pregunta ás persoas maiores se desexan acceder a unha residencia en termos xerais sinalan que prefiren permanecer nas súas casas e na súa contorna o máximo tempo posible para poder así atrasar o ingreso a unha residencia, por este motivo e sempre pensando no cidadán, a Xunta de Galicia está reforzando os servizos e prestacións no domicilio, como son as axudas no fogar, pero como lle dixen anteriormente o Concello de Vigo non as está utilizando, a Teleasistencia se está a ampliar, a prestación para os cuidados familiares e a contratación dun asistente persoal.

Galicia na actualidade supera as 8.000 prazas públicas de atención residencial, un 42% máis que hai unha década, xa o anunciou a conselleira, vanse a construír 7 grandes residencias en Galicia, Vigo é unha das cidades onde se levará a cabo a construción de dita residencia, así a Xunta de Galicia está dando resposta a unha necesidade da cidade e por certo, os cidadáns están encantados con esta nova construción, este ano veremos as grúas na Etea.

Seis de cada dez euros do presuposto de Política Social se invisten na área de maiores e de persoas con discapacidade, que crece un 4%, a Consellería destinará a atención á dependencia 383 millóns de euros o que supón máis do triplo que no ano 2009, e o que permite que nove anos se multiplicara por 4 o número de persoas dependentes que reciben prestación, de feito hoxe Galicia supera os 58.500 dependentes con atención, e ten un ratio de cobertura do 87% puntos, nove puntos por enriba do promedio.

O único que lle podo dicir que en definitiva isto supón que se están optimizando os recursos dispoñibles, hai unha maior oferta, se personalizan e se adaptan ás necesidades do perfil de cada colectivo habendo polo tanto, unha maior diversificación e unha maior eficiencia na asignación destes.

SRA. AGUIAR CASTRO: En primeiro lugar, con relación á emenda do concelleiro non adscrito dicirlle que non porque sexa o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego ou non adscrito vouna rexeitar, non son sectaria Sr. Pérez Iglesias, vouna rexeitar por dúas razóns e que lle explico, procedo a explicar, en primeiro lugar porque é unhas das peticións que fai na súa emenda de adición e redundante como miña porque eu tamén falo de acurtar os prazos das listas de agarda, eu xa o digo na miña moción, e en segundo lugar, anunciarlle que con respecto aos centros de día traerélle a este Pleno unha emenda específica para os centros de día porque estou a recibir a familias afectadas polos recortes dos centros de día en Vigo e creo que se merecen un tratamento específico, nunha moción específica.

Con respecto á concelleira do Partido Popular Sra. Rodríguez dicirlle que os tempos de agarda non os inventou eu, non os di esta concelleira e que é un informe de fiscalización da Consello de Contas que non é precisamente sospeitoso nin de fallar a verdade nin de dicir medias verdades e este informe do Consello de Contas di que vostedes están tardando en xestionar unha praza e ocupar unha praza para unha persoa maior 600 días, 454 días en concreto para o recoñecemento do dereito e 152 días para acceso á praza, iso sumado Sra. Rodríguez da 600 días, divididos entre 30 da o que da, que son 20 meses, e iso non o digo eu, dio o Consello de Contas. Despois con respecto a que van a construír 7 grandes residencias en Galicia que suman 900 prazas, en primeiro lugar dicirlle que cando iso sexa realidade que non o verán os meus ollos seguramente, cando iso sexa realidade sumarían 900 prazas, en Galicia neste momento se necesitan 14.000 prazas máis, só en Vigo se necesitan 3.250 prazas segundo a ratio da ONS, hai que ler un pouco, non ler o que lle escriben senón hai que ler por cosecha propia. Miren, voulle ensinar unha cousa, aquí di, o Presidente o Sr. Feijóo anuncia “a Xunta construír 7 residencias de maiores que sumarían 900 prazas” home, isto estaría moi ben porque isto parece incluso un anuncio feito onte ou antonte nalgún medio de comunicación que o lin, claro o dramático é que este anuncio en concreto, sabe de que data é? Pois mire, é do ano 2017, é dicir, o Sr. Feijóo xa no ano 2017 prometeu sete residencias das que non vimos nin unha soa pedra en toda a lexislatura, remata a lexislatura e sabe como remata así, remata que o Sr. Feijóo me manda as facturas do que teñen que xestionar vostedes, onte chegou

mesmo a reclamación de 350.000 euros en centros de día que debería pagar a Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo invita e Vigo paga. Mire, vou rematar sen sentar precedente, Deus me libre, parafraseando ao Sr. Feijóo “vaia jeta, vaia morro, vaia caradura”.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2020 (Rex. Nº 2324/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

10(10).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 747/1102 (REXISTRO PLENO 2318/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 747/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

11(11).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 748/1102 (REXISTRO PLENO 2319/1102).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 748/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

12(12).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 22.01.2020, DE PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DO POSTO DE TRABALLO DE “SECRETARIO/A DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL”. EXPTE. 34418/220 (REXISTRO PLENO 2320/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 22.01.2020, que di o que segue:

“I.- En data 18/08/2019, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal e a Concellería-delegada da área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal dictaron orde de incoación de expediente administrativo para a provisión definitiva do posto de traballo vacante por xubilación de Secretario/a de Administración Municipal do Concello de Vigo, con convocatoria e bases aprobadas por Resolución de data 09/10/2019 (expediente electrónico nº 34.418/220) e publicadas no DOG e no BOE correspondentes, como consta na tramitación administrativa realizada.

II.- Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, en data 14/01/2020 a Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación da traslado das mesmas á Concellería-Delegada da Área de Xestión Municipal, emitindo informe no cal se sinala que:

“Considerando o remate do prazo de 15 días hábiles regulamentariamente establecido para a presentación de solicitudes de participación no procedemento de provisión do posto de Secretario/a de Administración Municipal do Concello de Vigo en curso, tramitado en expediente electrónico nº 34.418/220 (anuncio publicado en BOE núm.75, do venres 15 de novembro do 2019); e de conformidade co establecido na Base Cuarta das Bases rectoras do procedemento indicado, pola presente infórmase o seguinte:

1.- Segundo a tramitación electrónica do expediente, os/as aspirantes presentados en prazo á convocatoria pública efectuada son os seguintes:

- 1. BARREIRO GARCÍA, ADAMANTINO (documento n.º 190187026)*
- 2. GALLARDO FARIÑA, SUSANA (documentos nºs 190189316; 190191928 e 190193774)*

2.- Verificada a documentación presentada, e a salvo de erro ou omisión, ambos reúnen os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para concorrer en igualdade de condicións ao proceso de provisión en curso.

3.- De conformidade co Decreto da Excma. Alcaldía de data 18/06/2019, de delegación competencial, corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal “exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, nos termos derivados da normativa aplicable”.

4.- En consecuencia, e toda vez que segundo as bases aprobadas deberá procederse a dictar a resolución correspondente dando conta ao Pleno da Corporación e traslado de aquela ao órgano competente da comunidade autónoma e á Dirección Xeral para a Administración Local (Dirección Xeral de Función Pública) para a anotación e publicación conxunta no Boletín Oficial do Estado, estímase necesario indicar que procede resolver a convocatoria en curso, co correspondente nomeamento de funcionario/a que proceda.

Do cal se deixa constancia aos oportunos efectos en relación coa convocatoria citada, dando traslado do expediente electrónico aos efectos da emisión de INFORME de idoneidade respecto das solicitudes presentadas.”

III.- Solicitado informe polo órgano competente á Secretaría Xeral do Pleno, en data de sinatura dixital emítese informe, que literalmente sinala o seguinte:

“Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1984, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Antecedentes. Publicada a convocatoria para a provisión polo sistema de libre designación do posto de secretario/a de Administración municipal do Concello de Vigo reservado a funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional pertencentes á subescala de Secretaría, categoría superior (BOE 15.11.2019), e rematado o prazo para a presentación de solicitudes a concelleira delegada de Xestión Municipal, mediante Dilixencia de data 17.01.2019, solicita a emisión de informe previo. Cumprimentando a petición emítese o seguinte,

INFORME

I. No Expediente consta que os aspirantes presentados en prazo son:

*D. Adamantino Barreiro García, DNI ***9775**
D^a Susana Gallardo Fariña, DNI ***6082***

Ambos reúnen os requisitos esixidos na convocatoria ao ter a condición de funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional da subescala e categoría á que pertence o posto.

Considerando as características singulares do posto, aos efectos de motivar a preferencia e idoneidade no nomeamento, artigos 35.2 LPAC e 48.3 R.D. 128/2018, deben resultar prioritarios e suficientes, desde a perspectiva dos intereses xerais, os seguintes méritos e calidades:

- a) Anos de servizo, traxectoria profesional e experiencia en postos nas Administracións Públicas que determinen maior idoneidade.*
- b) Formación actualizada e específica en réxime local, e singularmente a posesión dun Diploma de Directivo para empregados públicos.*
- c) Coñecemento do idioma galego.*
- d) Outros méritos.*

II. Examinados os currículums achegados, aos efectos de determinar a aptitude e idoneidade dos candidatos, resulta:

- a) Anos de servizo, traxectoria profesional e experiencia en postos nas Administracións Públicas.*

D. Adamantino Barreiro é funcionario da escala de FALHN dende o ano 1990, subescala de Secretaría-Intervención, obtivo a subescala de Secretaría, categoría

de entrada, en marzo de 2004 e a categoría superior, en virtude da súa antigüidade na anterior categoría, en xullo de 2019. Acredita experiencia no desenvolvemento das funcións propias do posto de secretario municipal ao desempeñalo nos concellos de San Amaro, 11 anos; Forcarei 12 anos e Moaña, 6 anos e 6 meses. Actualmente, dende o 29 de novembro 2019, data da toma de posesión, desempeña o posto de vicesecretario xeral do Pleno do Concello de Las Palmas de Gran Canaria; o prazo de presentación de solicitudes concluíu o 10.12.2019, acredita unha experiencia no desempeño das funcións de Secretaría en municipios de gran poboación de 17 días.

D^a. Susana Gallardo é funcionaria da escala de FALHN dende o ano 2003, subescala de Secretaría, categoría de entrada; pertence á categoría superior, en virtude da superación de procedemento selectivo en concorrencia competitiva e en probas de aptitude, dende xullo de 2019. Acredita experiencia no desenvolvemento das funcións propias do posto de secretaria municipal ao desempeñalo nos concellos de Salceda de Caselas, 2 anos e 4 meses, e Baiona, 12 anos e 7 meses. Actualmente, dende marzo de 2019, data da toma de posesión, desempeña en réxime de comisión de servizos o posto de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo; o prazo de presentación de solicitudes concluíu o 10.12.2019, acredita unha experiencia no desempeño das funcións de Secretaría en municipios de gran poboación de 9 meses.

O Título X da LBRL regula a organización dos municipios de gran poboación establecendo un réxime de organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios singular con respecto aos municipios de réxime común así como unhas particulares funcións reservadas os FALHN pertencentes á subescala de Secretaría que estruturase en dous postos diferenciados (i) a Secretaría xeral do Pleno e (ii) o Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao concelleiro-secretario da mesma. Este modelo organizativo ofrece resposta á complexidade das funcións de Secretaría nestes Concellos razón pola que valórase da candidata D^a. Susana Gallardo Fariña o desempeño nun período mais extenso de funcións de Secretaría nun municipio de gran poboación e ante todo unha maior e moi substancial experiencia en postos de Secretaría Clase segunda que, en todo caso, implica un desempeño de funcións mais complexo e especializado, e en consecuencia, mais próximo o contido das funcións do posto que é obxecto de provisión. (12 anos e 7 meses, de D^a. Susana Gallardo no Concello de Baiona, fronte a 6 anos e 6 meses de D. Adamantino Barreiro no Concello de Moaña).

O Concello de Vigo é un dos municipios integrantes da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) correspondendo a súa Secretaría á Secretaría xeral de Vigo; así mesmo o Concello de Vigo ten un Organismo Autónomo, "Xerencia Municipal de Urbanismo"; compre valorar que D^a, Susana Gallardo ten desempeñado o posto en Organismos Autónomos locais, "Turismo de Baiona", e noutras entidades locais de carácter asociativo, "Mancomunidade de Concellos Val Miñor", o que supón un maior coñecemento e pericia deste tipo de entidades instrumentais e asociativas.

b) Formación actualizada.

Conforme o artigo 23 do Decreto 49/2009 e co obxecto de valorar a posesión dunha formación actualizada non se consideran os seminarios, xornadas, cursos e semellantes realizados con máis de 15 anos de antelación á data da Resolución na que se aproba a convocatoria.

Ambos candidatos acreditan cursos e xornadas de formación se ben nos últimos 15 anos D^a. Susana Gallardo documenta a participación nun total de 20 cursos ou xornadas e D. Adamantino Barreiro en 11. Entendemos que a primeira posúe unha formación máis completa e actualizada.

O posto obxecto de provisión non ten a consideración de posto directivo, artigo 130 LBRL. Non obstante, dado que ao secretario de Administración Municipal lle corresponde o exercicio das funcións de secretario xeral do Pleno e de secretario de Goberno Local en caso de vacante ou ausencia dos titulares deses postos, así como a colaboración inmediata e auxilio aos mesmos valórase a obtención do Diploma de Directivo.

Ambos aspirantes teñen obtido o citado Diploma se ben a aspirante D^a. Susana Gallardo aporta curso Directivo para empregados das Entidades Locais o que denota maior especialización en materia de réxime local e notable relación co posto de traballo obxecto de provisión. Considerase que o Diploma de Susana Gallardo é máis recente (ano 2013 fronte ao ano 1999) e dunha duración superior (300 horas fronte a 150).

c) Coñecemento da lingua galega.

D. Adamantino Barreiro acredita os cursos básico, de iniciación e perfeccionamento en lingua galega.

D^a. Susana Gallardo acredita, ademais do curso de iniciación e perfeccionamento, a participación en cursos de Linguaxe Administrativo nivel medio e nivel superior organizados pola Secretaría xeral de Política Lingüística e a Dirección xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, o que supón maior coñecemento da lingua.

d) Outros méritos.

De menor relevancia e consideración para determinar a aptitude para o posto son a acreditación da impartición de cursos como docentes e outras actividades conexas por parte de ambos candidatos; é dicir, a moi acreditada experiencia docente e os artigos xurídicos publicados por D. Adamantino Barreiro que así mesmo acredita posuír o Título de Doutor en Dereito, ou a condición de secretaria da Xunta de Goberno do Colexio de Secretarios e Interventores de Administración Local da provincia de Pontevedra de D^a. Susana Gallardo.

CONCLUSIÓN

Examinados os méritos acreditados polos aspirantes relativos a súa traxectoria profesional, á experiencia, cursos realizados, coñecementos teóricos e prácticos

sobre as funcións correspondentes ao posto obxecto da convocatoria e outros alegados, formulase proposta de nomeamento para a provisión do posto de traballo de secretario/a de Administración municipal do Concello de Vigo a favor de D^a SUSANA GALLARDO FARIÑA ao considerar que é a aspirante que documenta e na que concorre en maior medida unha superior idoneidade e aptitude para o desempeño das funcións propias do posto obxecto de provisión, dado que, como temos exposto, tal candidata acredita na súa traxectoria profesional o desempeño nun período mais extenso de funcións de Secretaria nun municipio de gran poboación, unha esencial maior experiencia en postos de Secretaría, Clase segunda e noutras entidades locais asociativas e entes instrumentais, unha formación mais especializada e actualizada e mellor coñecemento da lingua galega.”

IV.- De conformidade co Decreto da Excma. Alcaldía de data 18/06/2019, de delegación competencial, corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal “exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, nos termos derivados da normativa aplicable”. Por tanto, e salvo mellor criterio en contra, parece corresponder á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a valoración das solicitudes presentadas, non podendo a Área de Recursos Humanos e Formación entrar a avaliar a idoneidade dos candidatos/as, ao ser o procedemento de libre designación expresión da potestade discrecional de nomeamento de funcionarios/as titulares de órganos de colaboración, consonte ao marco legal vixente nos municipios de gran poboación, correspondendo o exercicio das potestades discretionais aos órganos municipais e en modo algún aos funcionarios públicos (vid. artigo 9 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público); nomeamento que, consonte ás sases, deberá ser en todo caso motivado, dada a necesidade de axuste do exercicio das potestades discretionais aos principios constitucionais recollidos nos artigos 9.3 e 103 da vixente Constitución de 1978.

Igualmente, enténdese que de conformidade co Decreto de delegación competencial indicado, corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a formalización do nomeamento do titular da Secretaría de Administración Municipal, órgano de colaboración segundo o establecido no artigo 3.1, apartado g) do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro (“*aquellos que las corporaciones locales pueden crear discrecionalmente para el ejercicio de las funciones de colaboración inmediata a las de secretaría, intervención o tesorería, y a los que corresponde la sustitución de las personas titulares en caso de vacante, ausencia, enfermedad o abstención legal o reglamentaria, así como para el ejercicio de aquellas concretas funciones reservadas que, previa autorización de la alcaldía o presidencia, les sean encomendadas por los/las funcionarios/as titulares*”).

V.- En consecuencia, e segundo as bases aprobadas deberá procederse a dictar a resolución correspondente no prazo de 1 mes, dando conta ao Pleno da Corporación e traslado de aquela ao órgano competente da comunidade autónoma e á Dirección Xeral para a Administración Local (Dirección Xeral de Función Pública) para a anotación e publicación conxunta no Boletín Oficial do Estado.

Dita resolución deberá ser motivada, con referencia ao cumprimento, por parte do/da aspirante elixido/a, dos requisitos e especificacións esixidos na convocatoria e da competencia para proceder ao nomeamento. O posto deberá ser adxudicado entre os/as candidatos/as que reúnan os requisitos esixidos a convocatoria.

En todo caso, deberá quedar acreditada no procedemento, como fundamento da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido.

VI.- Considerando o previsto no artigo 92 bis, apartado 6, párrafo cuarto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, incorporado por apartado vintacinco da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que dispón que, excepcionalmente, os postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional poderán cubrirse polo sistema de libre designación nos municipios incluídos no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como as Diputacións Provinciais, Áreas Metropolitanas, Cabildos e Consellos Insulares, e as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, entre funcionarios da subescala e categoría correspondente;

Considerando o establecido no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 15 en canto á natureza e funcións dos postos de colaboración;

Considerando que o procedemento de provisión, remitido no seu día á Administración Pública competente, cumpriu os requisitos legais establecidos ao efecto, téndose observado os prazos e procedemento administrativo ao efecto segundo os informes emitidos no expediente;

Considerando que, dos dous únicos aspirantes presentados, ambos reúnen os requisitos para poder ser nomeados con cargo ao posto de traballo ofertado, segundo se indica no informe da Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación de data de sinatura dixital; e toda vez que o procedemento de libre designación na provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional constitúe expresión da potestade discrecional de nomeamento de órgano directivo, consonte ao marco legal vixente nos municipios de gran poboación, correspondendo o exercicio das potestades discretionais aos órganos municipais, debendo ser a resolución en todo caso un acto motivado, dada a necesidade de axuste do exercicio das potestades discretionais aos principios constitucionais recollidos nos artigos 9.3 e 103 da vixente Constitución de 1978;

Considerando o contido do informe emitido pola Secretaría Xeral do Pleno en data de sinatura dixital no cal se acredita a idoneidade para o posto de traballo da

aspirante D^a SUSANA GALLARDO FARIÑA, con DNI ***6082**, á vista da súa traxectoria e experiencia profesionais;

Considerando que, segundo Decreto da Excma. Alcaldía de data 18/06/2019 e 20/06/2019, de delegación competencial, corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal “exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, nos termos derivados da normativa aplicable”; e coa sinatura da Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal, competente en materia de recursos humanos; e visto o antedito, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Resolver a convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de “Secretario/a de Administración Municipal”, código 110.03 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP do mércores 17 de xuño do 2017) nos termos do establecido na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e normativa de concordante e procedente aplicación.

Segundo.- Nomear a D^a SUSANA GALLARDO FARIÑA, con DNI ***6082**, Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, en atención á motivación exposta, efectuando a súa adscripción ao posto código 110.03 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP do mércores 17 de xuño do 2017).

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Excma. Alcaldía, na súa condición de órgano delegante, dando conta ao Pleno da Corporación e trasladando a mesma ao órgano competente da comunidade autónoma e á Dirección Xeral para a Administración Local (Dirección Xeral de Función Pública) para a anotación e publicación conxunta no Boletín Oficial do Estado, notificando asemade aos interesados/as.

Cuarto.- Indicar que, consonte ás bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, se se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, se se trata de primer destino ou de postos de traballo en localidade distinta.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

13(13).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ELABORAR UN PLAN INTEGRAL DE INFRAESTRUTURAS PARA A VILA DE BOUZAS QUE CONTEMPLE INVESTIMENTOS DE REXENERACIÓN E REMODELACIÓN URBANA, ORDENACIÓN BORDE LITORAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2321/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2020, número 2321/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“É evidente cada ano que pasa o abandono a que o goberno municipal somete á vila de Bouzas e que contrasta cos investimentos que se fan noutras zonas da cidade. O casco histórico conta co seu PEPRI e axudas para a rehabilitación de vivendas da Xunta de Galicia, pero as rúas e os espazos públicos da vila necesitan tamén de importantes actuacións do Concello.

É preciso tamén a construción dun aparcamento público subterráneo, tantas veces prometido e outras tantas delongado, e que dea servizo a residentes e, ao atempo, atenda a afluencia que cada vez en maior medida se rexistra na vila.

Moitas veces tamén temos denunciado o estado do paseo Valentín Paz Andrade, que vai xa máis de ano e medio que ten partes derrubadas e pechadas e do que se ten anunciado varias veces a reparación pero tamén a súa remodelación completa mesmo ata Samil. Non hai proxecto nin do un, in do outro.

No seu día presentamos unha emenda aos orzamentos pedindo máis investimentos nese sentido, pero foi rexeitada. Cómpre agora, como xa fixemos en outras zonas da cidade, pedir unha programación e previsión de investimentos e de acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal a:

- Elaborar un plan integral de infraestruturas para a Vila de Bouzas que contemple investimentos de rexeneración e remodelación urbana, ordenación do borde litoral, humanización completa do casco histórico e aparcamento público subterráneo establecendo unha relación de investimentos e un calendario de actuacións."

No transcurso do debate, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, expon a emenda de engádeda presentada en data 27.01.20 no Rexistro Xeral do Pleno nº 2329/1101, co seguinte texto:

"Instar ao goberno municipal a acometer unha mellora substancial do servizo de transporte público que conecta a Vila de Bouzas

Instar ao goberno municipal a axilizar a solicitude de cesión da titularidade do paseo de Bouzas e a elaborar de maneira participativa o proxecto para a súa reforma e a sometelo a exposición pública antes da súa licitación

Instar ao goberno municipal a promover a recuperación e posta en valor do patrimonio histórico da Vila de Bouzas, e singularmente o de carácter industrial, e a divulgalo socialmente."

Ao ser aceptada a anterior emenda de engádeda polo relator da moción, Sr. Marnotes González, o texto incorporase á moción.

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós en moitas ocasións puxemos enriba da mesa, non agora neste legislatura tamén na anterior, a necesidade de investimentos do Concello en Bouzas, e o fixemos porque cremos que contrasta cos investimentos que se fan noutras zonas da cidade, non entendemos por qué, en Bouzas tamén hai un Casco histórico declarado, tamén hai unha área de rehabilitación, tamén hai investimentos públicos da Xunta de Galicia para rehabilitación das vivendas do Casco Histórico, pero se contrasta cun investimento escaso, cun abandono no que son os infraestruturas que necesita a propia vila, hai que humanizar o Casco Vello, hai que traballar nas rúas, hai que mellorar as infraestruturas, hai que facelo, e hai que tamén evitar un abandono que é vergoñento que é o que pasa co paseo marítimo, co paseo Valentín Paz Andrade que vai diante da Vila, ese leva derrubado ano e medio e non se fai nada, se ten falado moitas veces que se fai un proxecto integral entre Bouzas e Samil e non sei cantas cousas máis, pero o

mínimo é que se repare o Paseo, logo se queren facer unha reforma integral pois que a presenten e a vemos porque ata agora aínda non vimos nada e outra situación tamén ademais do paseo e da necesidade de investimentos na vila é tamén a necesidade dun aparcamento subterráneo, aí evidentemente que hai un problema de aparcamento en toda a cidade, si o hai, xa o sabemos, ademais dos problemas de tráfico que se denunciaron aquí hoxe, tamén hai un problema de aparcamento, se perden prazas de aparcamento na cidade en superficie e non fan subterráneos, pero que no caso de Bouzas é clamoroso, levan pedindo aparcamento soterrado anos e anos, e o Concello non fai nada, entón cremos que é necesario facer, elaborar, abordar os problemas que ten a vila dunha maneira integral, programada, dunha maneira non improvisada, agora facemos un apaño aquí, outro apaño alá, esa non é a maneira de traballar e sobre todo non é a maneira de traballar nunha zona en Bouzas nunha vila que leva moito tempo necesitando eses investimentos, o que hai que facer é de maneira sistemática, haberá que dicir nos o pedimos aquí, nós presentamos unha emenda aos orzamentos do ano 2020 pedindo alo menos un millón de euros para investir en infraestruturas alí, desestimaron a emenda, pedimos noutra sesión plenaria hai tempo tamén, un aparcamento soterrado, desestimaron tamén, pedimos actuacións noutras zonas de Vigo e tamén a pedimos agora en Bouzas porque cremos que chegou o momento, é o momento de remangarse e poñerse traballar, elaborar un plan integral e por que un Plan Integral? O pedíamos na emenda aos orzamentos, e o pedimos agora tamén nesta moción porque debe abordarse dun xeito sistemático, non debe abordarse dunha maneira illada, agora unha rúa, agora abastecemento, agora saneamento, agora aparcadoiro, tense que abordar dun xeito integral, hai que dotar a ese plan, a esa previsión de orzamentos axeitados e tamén ademais de dotar de orzamentos axeitados hai que periodificalo, hai que dicir cando o imos a facer, hai que establecer fases de actuación nos investimentos que vai a facer o Concello, que debe facer o Concello na vila de Bouzas dunha maneira previa para que haxa certeza, iso si que é a maneira de traballar e non facer anuncios como se están a facer continuamente que non conducen a nada, nós con respecto ao paseo de Bouzas, contabilizamos en dous anos sete anuncios pero o proxecto aínda non o vimos e todos coincidimos aquí coa necesidade de polo menos reparar o paseo, xa non digo de facer unha

ordenación completa do litoral que é o que habería que facer e o pedimos tamén dende Samil ata Bouzas como non, pero home polo menos é que é vergoñento, ir a Bouzas e ver alí esas valas, está enxaulado o paseo, isto non pode ser, iso é unha vergoña e estou seguro e me parece que se estivéramos no centro da cidade isto non ocorrería, non sei que pasa en Bouzas que aló se pode facer de todo, se o paseo fora Samil ou o Vao xa estaría arranxado, estou seguro, xa se faría a reparación aínda que no Vao tamén outro día falaremos de como está ese paseo marítimo, pero o certo é que hai que elaborar ese plan integral e hai que facer investimentos e nós o dicimos dunha maneira construtiva, cremos que esta moción merece apoio.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Esta moción motivou todo un despregue na súa presentación pública, todo o grupo municipal do Partido Popular “in situ” para presentala e efectivamente eu creo que ninguén vai a discrepar do obxecto na medida, en todo caso, para resolver cousas propoñer plan tamén é unha formula política bastante sobada, en todo caso, hai unha necesidade de investimento e dunha planificación de actuacións na vila de Bouzas, dende logo, o Bloque Nacionalista Galego concorda, en todo caso quérolles advertir unha cousa, non pensen que esta moción vai a compensar a tomadura de pelo que supuxo e que supón o recorte á metade do proxecto do centro de saúde de Bouzas, despois de moitos anos de atraso, non pensen que as veciñas/os da Vila de Bouzas van tragar con esta cuestión e van quedar exculpados/as das súas responsabilidades, en todo caso dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos unha emenda para incorporar tres aspectos que nos parecen importantes, unha que é a mellora substancial do servizo de transporte público que é un elemento moi importante, para integrar mellor e para conectar mellor a Vila de Bouzas co conxunto da cidade e que é unha reivindicación da veciñanza; en segundo lugar, que se axilice a solicitude de cesión de titularidade do paseo de Bouzas, que sabemos que aínda está nese impas, nese compás de espera poder elaborar tamén de maneira participativa o proxecto para a reforma do paseo e sometelo, e nisto para nós é unha esixencia en termos democráticos, á exposición pública antes da súa licitación e logo en todo caso promover a recuperación e posta en valor do patrimonio histórico da Vila de Bouzas, parece ser que mañá vostedes van levar ao grupo de goberno ao proxecto

básico, veremos en que consiste ese documento, para a reforma do paseo Bouzas sen que nos clarexen se son titulares dese espazo, nós o que lle dixemos é que ese proxecto tense que elaborar con participación da veciñanza atendendo aos colectivos sociais da vila que ten que recoller unha actuación integral que non só afecte ao ámbito que é titularidade neste momento do servizo de Costas senón tamén ó ámbito que é dependente que é de dominio portuario e que dende logo nós si queremos que ten que ser un proxecto que conte tamén coa ratificación veciñal a través desa exposición pública tal e como lle vimos esixindo hai meses.

SR. PÉREZ CORREA: Dende logo se que hai un tufillo oportunista desta moción nun momento ademais no que hai unha reactivación do movemento veciñal, asociativo de Bouzas pola situación da parroquia e da situación das infraestruturas de todo tipo, non só as que se citan aquí senón efectivamente as sanitarias que é unha demanda absolutamente recorrente dos veciños/as de Bouzas que ao final eu xa sei que non se fala disto, a famosa DUI de Cataluña, a declaración unilateral de independencia pero creo que a Bouzas lle viña de marabilla volver a ser concello propio, tería empresas ben posicionadas que pagarían impostos de actividades económicas, terían seguramente un trato diferenciado por parte do Concello de Vigo, terían un trato diferenciado en materia de infraestruturas e non é mala idea que ao mellor nalgún momento se propoña volver a ser concello como foi ata o 1904, porque dende logo Bouzas é un dos grandes esquecidos das políticas públicas do Concello e digo do Concello porque Bouzas é un concello atrapado por antigos PERIs e planeamento incorporado que non se desenvolve, onte estiven cos veciños da rúa Simancas que levan 40 anos sen beirarrúas, esperando que o ámbito de Alfageme que é o que sostén ese tipo de infraestrutura se desenvolva, temos Tomás Alonso, miles de actuacións urbanísticas que teñen secuestrado gran parte do urbanismo e logo temos esta cuestión do PREPI que efectivamente ten un grado de protección pero tamén un grado de desprotección con determinadas persoas e familias que levan moitos anos vivindo no barrio, poderíamos falar de moitas cuestións pero como aquí o que fai referencia é o Plan Integral de Infraestruturas que ademais se fala do borde litoral, home, o culebrón é moi difícil xa de seguir, ano 97 hai un convenio entres as tres administracións sobre o paseo 2017, o Concello lle anuncia ao Porto que vai a facerse cargo da reparación, polo

tanto, se recoñece unha reparación, un mantemento, unha cuestión estrutural e estamos a darlle voltas a unha cuestión incluso terminoloxicamente se segue a falar de cesión do paseo que pola Lei de Costa é ilegal, nunca terá o Concello de Vigo unha cesión, pode ter unha concesión transitoria e para iso non vai haber unha cesión, salvo que haia unha desafección que creo que ademais non é o caso, se o Concello o que quere pedir é unha concesión administrativa sobre o dominio público marítimo terrestre o que teñen é que presentar un proxecto, cando á oposición se lle reclamou ese documento ao Concello, xa hai meses, se nos chamou de todo, ademais verbalmente dunha maneira moi violenta con respecto ao concelleiro do Bloque Nacionalista Galego pero que era evidente non moveran nin o primeiro papel na administración que pode permitirlle ao Concello de Vigo a acometer a reparación do paseo que ten que presentar un proxecto, e o proxecto está para a Xunta de Goberno Local de mañá, eu non quero pensar que a moción do Partido Popular con 4 concelleiros fixera acelerar o proceso da presentación deste proxecto porque sería darlle un poder máis alá do poder de voz do voceiro en grao alto do Partido Popular, sería darlle un poder ao Partido Popular que creo que non ten, e creo que se chega tarde porque se lle podería ter evitado pois o ridículo de que os veciños protesten poñendo uns carteis e o Concello mande á xente a retirar aos carteis e ademais non axudou en nada durante o verán por exemplo a ter todo ese paseo valado, vostedes din que o convenio non se recoñece, o convenio cando menos todo o recheo de Bouzas é discutible de como se fixo, da orixe dos recheos, podemos aquí sacar as hemerotecas do que dixo o Sr. Arca no seu día o que dicía a Sra. Lola Vilariño, ese paseo tivo unha transición bastante difícil neste Concello, pois nós propuxemos unha proposta que funciona cando as administracións non teñen moi clara cuestión de competencias ou cuestión de recursos, que é crear un consorcio público e un consorcio público como funciona noutras cidades para afrontar non só a cuestión de Bouzas senón todas as infraestruturas litorais que son as que dependen da Autoridade Portuaria, as que dependen dunha institución como é o Concello e as que ten a Xunta de Galicia algún tipo de responsabilidade obviamente tamén coas competencias en materia urbanística e en materia de portos que se lle da, polo tanto, ese consorcio eliminaría ese debate estéril que teñen vostedes sobre quen é a responsabilidade de reparar, quen ten a competencia quen pode pedir a concesión administrativa, e

polo tanto, quen pode acometer as infraestruturas. Mañá non temos aínda acceso ao expediente, veremos cal é proxecto que vostedes presentan e que entendo que van a remitir ao Ministerio ou a Costas e que automaticamente entendemos que non debería haber ningún problema para como digo, a concesión transitoria que non cesión, que iso é imposible, non con estas infraestruturas.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Ten vostede Sr. Pérez, sempre o costume do que non me dan os votos que creemos organismos para que vostede conte, é por norma, sempre ten esa costume, non se esqueza sempre llo repito, aquí sempre se conta coa opinión pública pero a xente vota, decide, e a xente fai, sempre é vostede, sei que non lle gusta, ademais dio publicamente, non lle gusta, pero miren, están a falar de Bouzas cando se levan investimos máis de 13 millóns de euros? Lembran como estaba Bouzas non ano 2008 cando chegou este goberno, vostedes o lembran? Lévanse feitas rúas por importe de 4 millóns de euros, humanizacións, hai proxecto que efectivamente vai mañá á Xunta de Goberno Local, non se preocupe que non lle damos poder ao Partido Popular, non o ten porque está onde quixo a xente que estivera, simplemente vai estar aí pero levamos investimentos en Deportes máis de 600.000 euros investidos no pavillón, no campo Baltasar Pujales, no pavillón de deportes de Bouzas, tódalas humanizacións, as axudas aos clubs deportivos, non se esquezan e que saben que pasa, sempre pasa que falan os que non fan, ven a presentar unha moción á Xunta de Galicia por medio do Partido Popular para atacar con Bouzas por que? Porque había alí uns carteis colocados, é certo que había un convenio e nós sempre discutimos quen tiña que ocuparse, unha cousa é o mantemento e outra é a estrutura por iso está denunciado ese convenio e renunciado, ese é a realidade, pero lle sigo a dicindo en parques infantís se investiron 200.000 euros e nos colexios máis de medio millón de euros en 12 anos, en total 8 millóns de euros en 12 anos e hai pendente de que o Porto dea o permiso para construír alí o parque de bombeiros porque está pedido e reenviado o proxecto básico dende hai máis dun ano que o ten a Autoridade Portuaria, oia o que nunca vexo e que lle pidan vostedes as outras administracións, dígalle ao Porto que nos ceda terreo, ou non lembran que a Sra. Porro fixo un parque e o tivo que sacar aos tres meses, e se cargou o aparcamento, non o lembran? Pois foi público, estaba alí, hoxe hai xuntanzas polo tema do

convenio de Abrir Vigo ao Mar, polo paseo, polo mantemento, estase a traballar, e certo que se vai a remitir a Costas, mañá á Xunta de Goberno, fíxese vostede nós o que non lle dicimos ao Partido Popular é que mocións presenta, non lle dixemos nunca, presenta a moción que quere presentar, nós xa tiñamos na orde do día da Xunta de Goberno o proxecto de Bouzas, sabe por que? Porque xa estivo o Delegado Provincial de Costas aquí hai nove meses, estivemos con el vendo o paseo, estivemos e fixeron dous ou tres bocetos, proxectos, se fixeron consultas en Patrimonio para ver a posibilidade de facer actuacións na praia, é dicir, vostede saben que é problema de tramitación, é un problema de que a administración ten que facer os trámites correctamente para non ter problemas e non se preocupe Sr. Pérez, ímolo remitir e pedirémola concesión e sabemos os trámites legais para que sexa e logo nos ocuparemos nós e continuaremos co gran paseo cara Samil e Coruxo, e tamén cara Teis, son proxectos, pero miren, en 12 anos levamos feito unha transformación desta cidade que nunca lembran vostedes nin a recordan, a certeza, a certeza son os feitos, sabe cal é a certeza Sr. Marnotes? Cada catros anos a xente di se houbo feitos ou non, esta é a realidade, esa é a certeza que se fas, que si tal, as tramitacións sofren demora, hai temas administrativos, pero os feitos son o que a xente valora, o que a xente ten, o goce, iso é o que a xente valora, eses son anuncios, eses son as realidades, entende.

Sr. Pérez, Bouzas un concello propio me parece moi ben pero seguramente habería que preguntarlle aos veciños Bouzas, porque seguramente a atención que levan nestes 12 anos non a tiveron nunca, nunca na vida estivo Bouzas como está agora, con case 15 millóns de euros investidos e seguiremos investindo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: O primeiro que vou dicir é que imos aceptar as emendas do Bloque Nacionalista Galego, non temos ningún problema, parécenos razoables, métense outros elementos aí como transporte público, parécenos ben, pero oíndo a intervención do Sr. Pardo pois me queda claro que se o Sr. Pardo, o goberno municipal pensa que a vila de Bouzas está estupendamente, está perfecta, non necesita investimento, apaga e ímonos, só hai que ir alí para vela e a cifra xa a deu, investiu 4 millóns de euros en 12 anos, madre mía querida, canto é iso, medio millón ao ano, por favor, en 12 anos o goberno no pasou por aí, iso é unha realidade, ten que pasar non pasou por aí, fálame que se computa as

subvencións aos clubs deportivos, mi madre, entón claro está feito todo, mire é unha realidade, os veciños sábeno, sabémolo nós e o saben vostedes, hai que investir alí e non escapar de alí como fai o delegado da Zona Franca que quere escapar de Bouzas, quero un despacho no Areal, e os veciños de Bouzas que queden alí, alí que queden os almacéns, el quere a oficina no Areal, que non home que non, que non é así, que invista no centro, no Casco Histórico de Bouzas, que merque un edificio digno e que se fagan alí a sede e as oficinas da Zona Franca por que non? De Bouzas escapan, acórdanse si cando son as eleccións e de ir a tomar algo pero Bouzas está como está, o paseo está derrubado, non hai perspectiva de arranxalo, de feito agora din que efectivamente vai o proxecto á Xunta de Goberno Local, o Alcalde dixo publicamente aquí antes das eleccións que o proxecto xa estaba en Costas, foi o Bloque Nacionalista Galego o que descubriu que non era verdade, que era mentira, non habían solicitado nada, onde vai que prometeron aparcadoiro soterrado en Bouzas, mire só repasando a hemeroteca a promesa do aparcadoiro soterrado en Bouzas faise cada vez que hai unha convocatoria electoral, a última en maio de 2019 que acaba de velo agora, non saco o papel porque me da ata vergoña, é outra promesa pero non é ese o ton que eu quería empregar, porque o que non se pode é negar a realidade, Bouzas necesita de investimentos do Concello, necesita de investimentos do Concello tamén de Costas, se necesitan investimentos e o que non se pode facer é ser compracentes con nós mesmos, dicir en Bouzas en 12 anos xa está todo feito e ademais vostedes non teñen razón porque nós gañamos as eleccións, pois se negan a realidade os veciños de Bouzas quedarán sen aparcadoiro soterrado, as rúas quedarán sen arranxar, as prazas quedarán sen cubrir e non arranxaremos o problema que é o que poñemos enriba da mesa.

PRESIDENCIA: A emenda se supón que a aceptaron, está incorporada.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.01.2020 (Rex. Nº 2321/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

14(14).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á DEMANDA DUNHA NOVA SALA NO XULGADO DE VIOLENCIA DE SOBRE A MULLER.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Que o goberno municipal se dirixa ao Ministerio de Xustiza para demandar a apertura dunha segunda sala do xulgado de violencia sobre a muller na nosa cidade.

15(15).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE Á SITUACIÓN DO ESTADO DE ABANDONO DA OBRA DO ESCULTOR CUBANO RENÉ NEGRÍN.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Que se reverta por parte do goberno municipal o estado de abandono e se atenda á necesaria conservación da obra do escultor cubano René Negrín, en homenaxe a José Martín, unha doazón da Unión de Escritores e Artistas de Cuba ao pobo de Vigo, actualmente nun estado lamentable de abandono por desleixo institucional.

16(16).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE Á TOMA DE POSESIÓN DOS POLICÍAS QUE SUPERARON O PROCESO SELECTIVO.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: O noso rogo é que se lle dea posesión, logo do proceso de formación e do proceso selectivo, aos 24 aspirantes á Policía Local que están esperando para incorporarse ao corpo.

PRESIDENCIA: Tomamos nota dos seus rogos.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17(17).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE AOS ROGOS E

PREGUNTAS FORMULADOS POLO CONCELEIRO NO PLENO E COMISIÓNS INFORMATIVAS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Cando ten previsto o goberno municipal deixar de incumprir o Regulamento orgánico do Pleno e proceder a dar resposta ás 43 preguntas e rogos formulados por este concelleiro do Bloque Nacionalista Galego nas sesións plenarias ordinarias e comisións informativas realizadas dende que se iniciou o mandato.

PRESIDENCIA: Tomamos nota da súa pregunta se lle contestará por escrito.

18(18).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á UBICACIÓN DA PRAIA DE CANS DURANTE OS MESES DE VERÁN.

SR. PÉREZ CORREA: Se ten pensado este Concello revisar a ubicación da praia de cans durante o mes de verán, sita na praia da Calzoa en base aos criterios ambientais e de fauna expresando recentemente por diversos colectivos ecoloxistas como Greenpeace, Verdegaiia e se ten pensado este Concello repensar a ubicación actual desta praia.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

19(19).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ,

REFERENTE ÁS ÁRBORES QUE SE LEVANTARON NA RÚA RECONQUISTA.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A nosa pregunta, que está a pasar na rúa Reconquista, que proxecto ten, que levantou ás árbores ornamentais o Concello, se as vai substituír ou non.

PRESIDENCIA: Quere que lle conteste?

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Preferiría.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Somos sumamente coidadosos coas árbores, verase segundo o proxecto se hai que reimplantalos, pero non se preocupe, os que se talaron eran porque estaban enfermos, se non se talan se transplantarán, de acordo? E vai en función do proxecto de obra.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.